



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 26

**Sesión plenaria**  
5 de novembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Texto legislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se asegura unha dotación orzamentaria mínima destinada a garantir a suficiencia funcional e financeira da Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, se eliminan os distritos sanitarios e se estrutura territorialmente o sistema galego de saúde en catorce áreas sanitarias (doc. núm. 5247, 12/PPL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 35, do 06.06.2024

### Punto 2. Comparecencia

#### 9951 (12/CPP-000018)

Da conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 13754 (12/MOC-000029)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo**

Sobre a transparencia na contratación por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos de transporte (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 10366, publicada no BOPG núm. 82, do 12 de setembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 22 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

#### 3.2 13758 (12/MOC-000030)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 8091, publicada no BOPG núm. 69f1, do 22 de agosto de 2024, e debatida na sesión plenaria do 22 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

#### 3.3 13763 (12/MOC-000031)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Insua Lema, Óscar**

Sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2721, publicada no BOPG núm. 22f1, do día 8 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 22 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024



## **Punto 4. Propositions non de lei**

### **4.1 2959 (12/PNP-000334)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

### **4.2 5980 (12/PNP-000626)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

### **4.3 12248 (12/PNP-001009)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizootica no gando galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

### **4.4 13362 (12/PNP-001096)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

### **4.5 13507 (12/PNP-001118)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis**

Sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

### **4.6 13596 (12/PNP-001130)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 1063 (12/INT-000043)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

### 5.2 12285 (12/INT-000540)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

### 5.3 13236 (12/INT-000581)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 13820 (12/POPX-000021)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a política que está a levar a cabo o Goberno galego para afrontar o problema de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

### 6.2 13822 (12/POPX-000022)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé tomar para abordar con eficacia os problemas da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 7350 (12/POP-000948)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Trenor López, Gonzalo e doce deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do compromiso que ten o Goberno central co impulso do AVE entre Galicia e a fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024



**7.2 13379 (12/POP-001994)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

**7.3 12422 (12/POP-001903)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a calidade da atención da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

**7.4 13286 (12/POP-001986)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

**7.5 13792 (12/PUP-000052)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o mantemento ou a retirada da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

**7.6 12343 (12/POP-001893)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Mourelle, Ethel María e oito deputados/as máis**

Sobre as novas campañas impulsadas pola Xunta de Galicia para a vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial e ao virus do papiloma, así como respecto da vacina intranasal contra a gripe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

**7. 713119 (12/POP-001969)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto do cumprimento do Plan funcional do Hospital Gran Montecelo, aprobado o 23 de xuño de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

**7.8 13791 (12/PUP-000051)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre a posibilidade de materializar un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024



**7.9 13818 (12/PUP-000053)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de reversión aos concellos dos terreos portuarios non utilizados para tal fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia a este pleno de dona Silvia Longueira Castro (S) e dos deputados don Julio Ernesto Abalde Alonso (S), don José Daniel Pérez López (BNG) e don Ángel Rodríguez Conde (P). (Páx. 12.)*

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a traxedia de Valencia, que é aprobada por asentimento (Páx. 12.).*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se asegura unha dotación orzamentaria mínima destinada a garantir a suficiencia funcional e financeira da Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, se eliminan os distritos sanitarios e se estrutura territorialmente o Sistema galego de saúde en catorce áreas sanitarias. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 13.)*

*O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Páx. 17.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra Espinosa Mangana (S) (Páx. 17.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 20.).*

*Rolda de réplica: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 23.)*

### ***Votación do texto lexislativo***

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se asegura unha dotación orzamentaria mínima destinada a garantir a suficiencia funcional e financeira da Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, se eliminan os distritos sanitarios e se estrutura territorialmente o Sistema galego de saúde en catorce áreas sanitarias: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 25.)*

**Comparecencia da conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 25.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 33.), Sra Iglesias Rey (S) (Páx. 35.), Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG) (Páx. 40.) e Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 43.).*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 45)*



*O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.* (Pax. 52.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx.) *Nesta rolda interveñen a señora Iglesias Rey (S)* (Páx. 52.), *o señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)* (Páx. 55.), *o señor señor Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 57.) *e a señora conselleira de Economía e Industria. (Lorenzana Somoza).* (Páx. 59.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a transparencia na contratación por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos de transporte.** (Punto terceiro da orde do día.)

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 63.)

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 65.), *Sr. López Font (S)* (Páx. 67.) *e Sr. Trenor López (P)* (Páx. 68.).

*Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 71.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán.** (Punto terceiro da orde do día.)

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 73.)

*A señora presidenta (Candia López) comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.* (Páx. 75..)

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 76.) *e Sra. Pomar Tojo (P)* (Páx. 77.).

*Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 80.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezaoito minutos da tarde e retómase ás catro.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local.** (Punto terceiro da orde do día.)

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 81.)

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 84.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 85.) *e Sra. Prado Del Río (P)* (Páx. 88.).

*Nova intervención do señor Insua Lema (BNG).* (Páx. 91.)





### ***Votación das mocións***

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a transparencia na contratación por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos de transporte: *rexeitada por 32 votos favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)  
Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 93.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local: *rexeitada por 32 votos favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Espinosa Mangana (S).* (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 100.) e *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 101.).

*A señora Espinosa Mangana (S) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 103.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA).** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 108.) e *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 111.).

*A señora presidenta (Candia López) comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.* (Páx. 113.)



*A señora Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 113.)*

*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) pide a palabra e intervén por alusións. (Páx. 116.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizoótica no gando galego. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 117.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Méndez López (S). (Páx.117.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Fernández González (BNG) (Páx. 120.)*

*O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 123.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Viso Diéguez (P). (Páx. 123.)*

*A señora Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 126.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 128.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pérez López (P). (Páx. 128.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 131.)*

*O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 133.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 133.)*

*A señora Pérez López (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 135.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor). (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)*



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 140.)

*O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.*  
(Pax. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 142.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 144.)

*Suspéndese a sesión ás sete e trinta e catro minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican a inasistencia a este pleno no día de hoxe a deputada dona Silvia Longueira Castro e os deputados don Julio Ernesto Abalde Alonso, don José Daniel Pérez López e don Ángel Rodríguez.

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Antes de desenrolar a orde do día, voules ler unha declaración institucional que me fixeron chegar os grupos, que vai sobre a traxedia de Valencia, que di así:

*«Logo dos graves sucesos acontecidos como consecuencia da DINA que afectou varias comunidades autónomas españolas, o Parlamento de Galicia declara o seu pesar pola traxedia e traslada a súa solidariedade e afecto ás familias das persoas.*

*Igualmente, quere trasladar o seu afecto ás persoas feridas e ás súas familias, desexando unha rápida recuperación de todas elas e lamentando os danos materiais producidos.*

*A Cámara galega amosa a súa admiración e recoñece o esforzo que están a desenvolver todos os profesionais que traballan na atención desta emerxencia: corpos e forzas de seguridade do Estado, bombeiros, axentes forestais, servizos de emerxencias, organizacións non-gobernamentais e persoas traballadoras dos concellos, das deputacións e das comunidades autónomas.*

*Esta é unha traxedia que sentimos de preto. Por iso, o Parlamento de Galicia, como representante da sociedade galega, amosa o compromiso para que as institucións despreguen todos os esforzos e medios para colaboraren na procura e no rescate das persoas desaparecidas, e, en xeral, naquilo que resulte de utilidade para atender as familias afectadas e as súas necesidades.» (Apróbase por asentimento.)*

Imos gardar un minuto de silencio.

Moitas grazas. (Pausa.)

(Todos os membros da Cámara postos en pé gardan un minuto de silencio.) (Pausa.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(Aplausos unánimes prolongados.)

E agora comezamos a orde do día. Primeiro punto, texto legislativo.



**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se asegura unha dotación orzamentaria mínima destinada a garantir a suficiencia funcional e financeira da atención primaria do Servizo Galego de Saúde, se eliminan os distritos sanitarios e se estrutura territorialmente o Sistema galego de saúde en catorce áreas sanitarias**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

A sanidade pública é unha conquista social que non podemos perder; termos unha sanidade pública forte é fundamental porque nos fai iguais diante da enfermidade. Mais a realidade vai por outro lado, xa que a destrución da sanidade pública e a súa conversión nun negocio privado é un obxectivo político primordial emanado da ideoloxía neoliberal. O neoliberalismo económico, practicamente, impón que a sanidade sexa un ben de consumo máis como calquera outro. Deixar a sanidade en mans do libre mercado, algo que ata non hai tantos anos parecía unha auténtica aberración —atrévome a dicir— case distópica, agora estase a converter nunha realidade que pretenden que aceptemos sen máis.

Aquí, en Galiza, o neoliberalismo non monta cruzadas contra a sanidade pública como acontece nos Estados Unidos, onde se di que é brutal comunismo ou socialismo; non, aquí desde a administración privatízase, destrúese pouco a pouco, e no proceso van enriquecéndose as grandes empresas privadas.

Como non se inviste o suficiente na sanidade pública vai instalándose a percepción de que é un servizo limitado, que está desbordado, que é ineficiente, e do que van afastándose as capas sociais con maior poder adquisitivo, que cada vez demandan menos a necesidade de investir no público porque buscan solución na sanidade privada.

Polo tanto, estase a fomentar un modelo sanitario que reflicte e reforza a desigualdade, fundamentalmente a desigualdade entre as persoas con máis dificultades de acceso, entre as persoas con máis problemas adquisitivos e con máis dificultades socioeconómicas.

Un contexto de subfinanciamento continuo no cal o nivel asistencial que máis sufriu a falta de financiamento foi a atención primaria, a pesar de que a Organización Mundial da Saúde leva anos pedindo que se reforce a atención primaria e se destine o 25 por cento do gasto sanitario total a ese nivel asistencial, e a pesar de que, por exemplo, o relator especial das Nacións Unidas vén advertindo nos últimos anos sobre a necesidade de reforzar a atención primaria, advertindo de que sen que teña unha infraestrutura sólida, todos os logros que se vaian acadando a nivel de ciencia e na práctica da medicina poderían verse totalmente comprometidos.

A pesar de que hai consenso en que a atención primaria é fundamental para acadar a cobertura sanitaria universal, porque garante a accesibilidade de toda a poboación aos servizos



de saúde esenciais, independentemente da súa localización xeográfica ou condición socioeconómica, permite promover a equidade no acceso, prioriza a prevención de enfermidades, promove estilos de vida saudables, reduce a incidencia de enfermidades crónicas e agudas, e require menos custos, menos tratamentos de hospitalizacións prolongadas e menos visitas aos servizos de Urxencias.

Reforzando a atención primaria, o sistema sanitario pode mellorar a equidade, a eficiencia e a capacidade de resposta. Mais —como dicía antes— esta non é a realidade do noso país; os datos en Galiza son máis que elocuentes, pois as políticas sanitarias do Partido Popular nos últimos quince anos na Xunta deixan a atención primaria secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, con listas de espera de semanas, coa atención pediátrica reducida a mínimos.

O Goberno do Partido Popular fixo da precariedade unha constante a base de recortes e máis recortes, e hoxe soportamos listas de espera para recibir atención.

O Goberno do Partido Popular fixo da precariedade unha constante, ignorando deliberadamente a necesaria programación e a formación do persoal, a pesar de que sabía —evidentemente, sabíao, ten os datos— do número de xubilacións que se ían producir e das necesidades de aumentar o número de profesionais, porque hai un aumento da demanda, porque temos unha poboación cada vez máis envellecida e porque hai uns niveis de demanda porque melloran a calidade de vida.

E a pesar de que a atención primaria resolve entre o 80 e o 90 por cento dos problemas de saúde da poboación ao longo da súa vida, o Partido Popular tena totalmente infradotada. Segundo os datos do Ministerio de Sanidade —que convido os deputados e as deputadas do Partido Popular a que os consulten, ou tamén sería bo que elaborara datos propios a propia Xunta de Galiza—, en Galiza non chega nin ao 12 por cento, concretamente o 11,79 por cento, do orzamento de sanidade destinado á atención primaria. Estamos á cola do Estado; só Madrid está por atrás de Galiza. Toda unha imaxe: Madrid, Galiza —podíamos poñer outras—, pero á cola en investimento en atención primaria. Pola contra, a atención hospitalaria recibe o 64,3 por cento do orzamento de sanidade. Temos o 12 por cento fronte ao 64,3 por cento. A atención primaria resolve o 90 por cento dos procesos de saúde, e apenas recibe o 12 por cento do investimento.

E a evolución destes últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza é tremendamente tamén elocuente. O aumento en atención primaria absoluto foi do 16 por cento do orzamento, e neste momento ten 231 millóns máis en termos absolutos que no ano 2019, ou que no ano 2009. Mais se lle aplicáramos o IPC, o que se compraba no ano 2009 cunha cantidade de cartos, evidentemente no ano 2024 ou no ano 2025 —vou facer referencia aos orzamentos do ano 2025— non é o mesmo. Pois aplicándolle o IPC, a atención primaria tería que ter 275 millóns e medio máis de euros dos que ten no proxecto de orzamentos que estamos a debater. E no acumulado, só con manter o orzamento do ano 2009, a atención primaria tiña que ter 1.961 millóns de euros máis, só con manter o orzamento do ano 2009.

Pola contra, como dicía: a atención hospitalaria, con ese 64,3 por cento, veu aumentado o orzamento nesa cantidade, e no acumulado ten 6.758 millóns de euros máis. E se foramos á



actualización só do IPC, pois os datos tamén son moi relevantes: aplicando só o IPC, a atención primaria tería que ter 275 millóns de euros máis e a atención hospitalaria 623 millóns de euros menos, só para manter ese orzamento.

¿Que significa? Que a aposta do Partido Popular non foi pola atención primaria, a pesar de ser o corazón do sistema, a pesar de ser o nivel básico asistencial onde se resolven entre o 80 e o 90 por cento dos procesos de saúde da cidadanía galega ao longo da súa vida, senón que houbo unha aposta clarísima pola atención hospitalaria. Pero non para ter mellores profesionais nin unha mellor atención, senón porque a atención hospitalaria é onde está o negocio e é onde o Partido Popular destina recursos para engordar as empresas, (*Aplausos.*) e sobre todo as súas empresas. (*Aplausos.*) Aí está a realidade dos números. (*Aplausos.*)

E, claro, esta realidade ten consecuencias: en 2021 os médicos e as médicas de Familia eran 2.665, e dous anos despois eran 61 menos. Isto permite entender por que o Defensor do Doente lle outorgou á atención primaria galega o *ranking* de máis saturada do Estado español. Evidentemente, con menos profesionais o que estamos vendo é ese nivel de saturación.

Ou vemos como en Enfermería, segundo un informe elaborado polo Consello Xeral de Enfermería —publicado hai uns días— no Estado a ratio de enfermeiras é de 6,3 por cada mil habitantes; en Galiza, 5,3; só está Murcia por detrás. E a nivel da Unión Europea, o 8,83. Ese informe di que farían falta en Galiza arredor de dez mil enfermeiras máis para chegar á media da Unión Europea, pero en atención primaria esa ratio é de 1,35; é dicir, se non hai orzamento, evidentemente, pois non se dedica a persoal.

En Pediatría hai 201 concellos onde non hai servizo de Pediatría en Galiza. Literalmente non hai nin un só pediatra. O IGE di que desde o ano 2004 ao 2023 se perderon oitenta pediatras en atención primaria en Galiza. E o que din tamén todos os datos é o altísimo nivel de xubilacións que se van producir tanto en Pediatría como en Medicina de Familia e tamén en Enfermería.

Podemos falar dos MIR, onde ano tras ano quedan prazas de Familia Comunitaria que ninguén quere. Na última convocatoria quedaron 42 prazas en Galiza que ninguén quixo, na anterior foron 39, ou dos 104 profesionais que remataron o MIR de Medicina de Familia no ano 2023, dos que 38 non quedaron na atención primaria, non quixeron saber nada da especialidade na que se estiveron formando.

Podemos falar —como dixen— da lista de espera de semanas. Podemos falar de consultorios pechados. Podemos falar das infraestruturas dos centros de saúde totalmente desatendidas; os centros de saúde prometidos unha e outra vez polo Partido Popular non acaban de pasar do papel.

E por iso hoxe o BNG, en función destes datos, consideramos urxente unha clara aposta pola atención primaria. E por iso traemos esta proposición de lei, que ten por obxectivo que se blinde por lei o financiamento da atención primaria e a súa capacidade de actuación. O que propoñemos é garantir o dereito á saúde de todas as persoas, que pasa por unha atención primaria libre de recortes das listas de espera, cos recursos materiais e humanos precisos.



Demandamos blindar nos orzamentos da Xunta que a atención primaria reciba o 25 por cento do orzamento de sanidade, tal e como demanda a Organización Mundial da Saúde. E demandamos o incremento da súa capacidade resolutiva.

Demandamos o orzamento para rematar con esa precariedade e aumentar a estabilidade dos cadros de persoal; para que teñan tempo para escoitar e atender os doentes; para que a atención primaria non sexa un despacho de o seguinte, o seguinte, o seguinte; para rematar coa precariedade e a explotación; para garantir unha calidade asistencial de calidade; para poñer en marcha un plan de retorno, que todos os profesionais que foron marchando de Galiza fóra ou para a atención privada, que volvan á atención primaria pública; para incrementar as categorías novas; para que haxa auténticos equipos multidisciplinares; onde a saúde mental non sexa a grande esquecida e, polo tanto, se incorporen por empezar psicólogos clínicos, que se incorporen no inmediato, como mínimo, cen psicólogos clínicos en atención primaria, o que supoñería arredor de seis millóns de euros anuais, é dicir, cen psicólogos clínicos, arredor de seis millóns de euros anuais, para que a atención primaria teña mecanismos, instrumentos para atender toda esa poboación que está neste momento totalmente abandonada; para incluír terapeutas ocupacionais, logopedistas, traballadores sociais, podólogos, ópticos optometrístas...; para aumentar os profesionais tan necesarios, como poden ser familia, medicina, fisioterapia, é dicir, todas as categorías fundamentais para atender a poboación, e insisto en que un investimento en atención primaria significaría menos custos e mellor atención; para garantir a presenza de pediatras nos centros de saúde, que neste momento está reducida absolutamente á mínima expresión como dixen; para garantir que nos PAC presten atención sanitaria equipos completos de profesionais; para dotar as áreas administrativas do persoal necesario e da estrutura que garanta a accesibilidade e confidencialidade, que neste momento non está garantida; para tomar as medidas precisas para garantir na formación universitaria a presenza de atención primaria, que neste momento é tamén moi escasa.

O 25 por cento do orzamento para todas estas cousas, para que, efectivamente, a atención primaria sexa o corazón do sistema.

E propoñemos un cronograma. Propoñemos que ese 25 por cento se acade nesta lexislatura e que se vaian dando os pasos, empezando polo orzamento deste ano 2025; é dicir, o orzamento do ano que vén 2025, onde se aumente o 18 por cento, no 2026 se aumente o 21 por cento e no 2027 se chegue ao 25 por cento.

Tamén demandamos nesta proposición non de lei unha atención primaria con capacidade de planificar. Por iso propoñemos a creación dunha xerencia de atención primaria en pé de igualdade coa hospitalaria, que non estea secundarizada, que as decisións non se tomen no ámbito hospitalario, porque iso está significando, como estamos vendo, que a atención primaria non fai máis que perder posicións.

Eu dei os datos do orzamento, pero tamén ten que ver con onde está o centro de decisión. ¿Onde está o centro de decisión? É dicir, 12 por cento de orzamento en atención primaria fronte ao sesenta e pico por cento e aumentando. O tema é tamén a tendencia, e a tendencia é que a atención primaria significa menos e a atención hospitalaria significa máis, e que o





centro de decisión está en atención hospitalaria. E consecuencia diso, a atención primaria está totalmente secundarizada. A creación dunha xerencia en pé de igualdade e que teña capacidade de planificar, de xestionar o orzamento e os recursos humanos propios.

Tamén propoñemos unha división territorial acorde ao noso país, que teña que ver como se organiza a poboación, como están as situacións epidemiolóxicas, como se relaciona a poboación. E o que propoñemos é que haxa catorce áreas sanitarias no noso país, as sete actuais e as catro que eliminou o Partido Popular; é dicir, que os distritos se convertan en áreas sanitarias, porque corresponden a eses ámbitos da poboación. E iso significaría ter proximidade e coñecer de primeira man cal é a realidade.

Polo tanto, o que propoñemos é unha proposición de lei moi concreta, de mínimos, para que a atención primaria realmente sexa ese nivel asistencial básico, blindar o 25 % do orzamento, capacidade de planificar e resolutiva, creación de xerencias de atención primaria, un cronograma concreto para acadar esa porcentaxe orzamentaria e unha división territorial onde haxa catorce áreas de saúde.

Agardo que os grupos con representación neste Parlamento, máis alá de discursos —empezando polo Partido Popular— moi elocuentes, estean dispostos a dar pasos para que a atención primaria realmente se converta no que sempre debeu ser: o corazón do sistema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Saudamos os asistentes de trece países no marco do programa Cidadáns, igualdade, dereitos e valores da Comisión Europea. En concreto, os países que participan son Portugal, Malta, Hungría, Letonia, Lituania, Italia, España, Países Baixos, Eslovaquia, Grecia, Bulgaria, Eslovenia e Francia.

¡Benvidos ao Parlamento! ¡Bienvenidos al Parlamento! Welcome to the Parliament! O meu inglés —desculpen— pero a intención é saudalos. Ben, ¡benvidos!, en definitiva.

E continuamos coa orde do día.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto.

(*O Grupo Parlamentario Mixto declina a súa intervención.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Bo día, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.



A atención primaria merece unha atención especial. Acabamos de ter os debates dos orzamentos en comisión, e o Grupo Socialista puxo de manifesto que a sanidade e a atención primaria necesitan máis financiamento. Tamén levamos moito tempo dicindo que a atención primaria se converteu nun dos grandes problemas que ten o sistema sanitario galego. Problemas que moitas veces levan a queixas e protestas ben por parte do persoal sanitario, ben por parte dos cidadáns ou cidadás que se ven afectados ou afectadas.

Non queremos que pareza que os problemas sanitarios se cinguen exclusivamente á atención primaria, pero quizais é onde vemos reflectida con maior virulencia os efectos dos recortes da política do Partido Popular.

En varias ocasións, os socialistas dixemos que determinadas medidas non podían ser aplicadas á sanidade; dixémolo cando gobernaba o Partido Popular, cando gobernaba Mariano Rajoy. Manifestabámolo día tras día cando o Partido Popular presumía de ser o campión da austeridade, e era case ousado oírnos dicir que en sanidade e en educación o Partido Popular tería que ter outro criterio, pero dáballo igual. E hoxe a nosa sanidade, a nosa atención primaria está a sufrir nas súas carnes as consecuencias daqueles recortes.

Recentemente, un estudo do CES, do Consello Económico e Social, dinos que os recortes do investimento na sanidade pública deixaron cicatrices duradeiras no acceso universal. Porque a situación que vive hoxe a nosa atención primaria non se xera dun día para outro, senón que é consecuencia da desatención por parte dos gobernos do Partido Popular.

A atención primaria non conta cuns orzamentos necesarios para facer fronte ás súas necesidades, pero tampouco conta, e está intimamente vinculado, co persoal necesario, nin conta cunhas condicións laborais adecuadas ese persoal sanitario. Persoal que está sobreesaturado de traballo, porque a atención primaria está desbordada e con listas de espera non adecuadas a un servizo que teñen que prestar. Persoal que chega a ser agredido e que na maior parte das situacións se produce pola demora na atención, pola saturación do sistema de atención primaria. Persoal que ten unhas capacitacións enormes e que moitas veces ten que ir máis aló do que é a súa obrigação. Persoal que en determinadas áreas se ve obrigado a asumir labores que antes facían outros profesionais, que tamén escasean ou non se cobren as prazas, e que o fan en detrimento do tempo que poden dedicar aos pacientes. Persoal que vai ter que asumir ou que xa está asumindo determinadas intervencións cirúrxicas menores. E todo o mundo podería pensar que esta é unha forma de potenciar a atención primaria por parte do Partido Popular, por parte da Xunta de Galicia, pero asumir estes novos labores de intervención cirúrxicas menores sen que non teñan ningún apoio adicional, porque a Xunta de Galicia se negou a darlle novas dotacións de recursos humanos, non vale para nada, e sen a homoxeneización dos servizos prestados tampouco.

E son dous meros exemplos das dúas cargas novas de traballo que teñen en atención primaria. Unha atención primaria dotada de moi poucos efectivos ou, dito doutra forma, merma de recursos humanos. E unha atención primaria que se desprestixia porque os galegos e as galegas ven que é como un contagotas, soltando sen parar ao longo de toda a nosa comunidade autónoma, e cada pinga convértese nun burato na atención primaria.



Puntos de atención continuada, PAC, que non dispoñen de servizos de radioloxía, PAC que non teñen pediatras, PAC e centros de saúde onde faltan médicos e onde non se cobren as vacantes. E así poderíamos seguir con miles e miles de situacións puntuais.

Tardanza en dar unha cita, porque é imposible encaixar unha cita máis cos medios humanos cos que contan. E na atención primaria temos que recordar e insistir en que o máis importante deberían ser os recursos humanos.

Ultimamente, a Xunta de Galicia e o conselleiro de Sanidade falan moito de intelixencia artificial; quizais crean que coa intelixencia artificial se pode arranxar os problemas que ten a atención primaria. E os socialistas cremos que a intelixencia artificial poderá axudarlles, pero nunca poderá substituír os profesionais da sanidade. *(Aplausos.)*

Afortunadamente, se podemos seguir presumindo de calidade é grazas ao esforzo dos profesionais, pero non da xestión política da Xunta de Galicia. Porque na medida en que non hai unha atención nun tempo prudencial, esa calidade que dan os profesionais pode non ser percibida polo enfermo ou pola enferma porque chega tarde. E ese e esa profesional non son culpables.

É unha pena que o noso buque insignia, a nosa sanidade, envexada por todo o mundo, vaia perdendo o prestixio día a día. Pero xa non se trata só do prestixio, senón da repercusión da prestación da atención sanitaria, que debería ser a nosa xoia da coroa, porque, ademais, é o médico de Familia a persoa máis próxima do sistema sanitario. E isto, se cadra, explica o dato coñecido recentemente de que a sanidade privada xestionou no ano 2022 o 48,2 por cento do gasto sanitario en España; son as conclusións do segundo informe da Alianza da Sanidade Privada Española no ano 2024. No documento puntualízase que o dato do gasto financiado unicamente polo sector privado, é dicir, pagado polos fogares e pagado polos seguros, supuxo un 28 por cento do gasto sanitario total. É unha porcentaxe preocupante, pero o peor destes datos é o que nos transmite o presidente desta alianza, pois sinala que estes datos demostran a axilidade e a eficacia do sector privado. Aí queda para quen queira reflexionar algo máis, aínda que nos dá a impresión de que quen ten a obriga de facelo non o vai a facer.

Pero o informe do Consello Económico e Social, ao que facía referencia ao inicio da miña intervención, tamén analiza os sinais de alerta da nosa sanidade pública e sinala a aparición dun efecto de coidados inversos, é dicir, que aqueles que máis necesitan da atención primaria son os que menos coidados de saúde reciben, e o risco de que as listas de espera estean a provocar a fuxida das clases medias do sistema público, que é a que considera máis decisiva. Son preocupantes estes datos que reflicte o Consello Económico e Social. E non podemos consentir que esta tendencia siga avanzando.

Os socialistas cremos que a atención primaria é o espazo do sistema que necesita recuperarse dunha maneira máis clara. Cremos que hai formas mellores de facelo que garantindo unha porcentaxe por lei dos orzamentos anuais do montante da consellería, porque pode levar a un engano. Ademais, o que realmente regula a proposta que trae hoxe o BNG é un modelo de xestión, e nós cremos que hai que ir máis alá do modelo de xestión.



En calquera caso, teremos moito tempo de debater con máis profundidade. Hoxe quedamos coa proposta decidida dos socialistas de defensa da atención primaria, que está nunha situación moi difícil. Polo tanto, votaremos a favor, esperando ademais que todos os grupos sumemos, que sumemos para dar unha solución, incluído o Partido Popular, aínda que todos sabemos que foi o partido que causou o problema.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vimos debater aquí sobre unha Proposición de lei de modificación da Lei 8/ 2008, de saúde de Galicia, por proposta do Bloque Nacionalista Galego. E é curioso, pois calquera diría, despois de escoitar esa exacerbada exposición feita pola señora Prado, que esta lei, que non recolle as propostas que agora fai o BNG, foi elaborada por un Goberno do Partido Popular. Pois non, a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, curiosamente, foi aprobada por un Goberno do Bipartito no ano 2008, do cal formaban parte as señorías do Bloque Nacionalista Galego e as señorías do Partido Socialista. E hoxe, dezaseis anos despois, acórdaselles autoemendar o seu Goberno para exixirle ao Partido Popular o que vostedes mesmos non foron capaces de aplicar.

Unha lei que no ano 2008, a ollos do BNG, era perfecta. A propia señora Pontón, que xa levaba anos como deputada, votou a favor desta nesta mesma cámara. E todo isto, desde logo, xéranos tres preguntas moi simples, que espero, señora Prado, que sexa capaz de contestar na segunda quenda:

¿No ano 2008 ao BNG non lle importaba a sanidade pública galega o suficiente para engadir na súa lei o que hoxe propoñen nesta cámara?

¿No ano 2008 dedicábase o 25 por cento do orzamento da sanidade á atención primaria? E se se dedicaba este 25 por cento a atención primaria, ¿esta porcentaxe incluía o gasto farmacéutico ou non o incluía?

E, por último, con esta proposición, ¿está dicindo que o Servizo Galego de Saúde funcionaba mal no ano 2008 coas once áreas sanitarias existentes?

Ten unha segunda quenda, agardo que nos responda.

Nós queremos ter un debate serio con vostedes, e non crer que a proposta que hoxe traen aquí é unha mera cortina de fume para evitar que se fale o que estamos facendo nestes días, os orzamentos. E no ano 2025 —estes son datos, datos fiables— imos ter en sanidade o or-



zamento máis alto da historia na sanidade pública galega. (*Aplausos.*) Pero non vén mal recordarlles ás súas señorías que a sanidade pública segue á cabeza das prioridades do presidente Rueda.

E imos pasar a datos reais, que calquera pode consultar. No ano 2025 vaise manexar o maior orzamento da Xunta, 5.458 millóns de euros, un incremento dun 5,1 por cento, é dicir, 266 millóns máis que no ano 2024. A sanidade galega vai contar co 40 por cento do total do orzamento da Xunta, cun incremento en todas as partidas. No ámbito hospitalario, un 5,1 por cento; para a partida de persoal, un 6 por cento, ata sobrepasar os 2.300 millóns de euros, o que lle vai permitir ao Goberno galego crear 1.412 novas prazas máis de persoal. En formación sanitaria especializada, o maior incremento, o 7,2 por cento, porque, contra do bulo que se encarga de difundir o Partido Socialista, as prazas de formación, é dicir, os MIR, son financiadas integramente polas comunidades autónomas e non polo Estado.

Pero a partida da que hoxe vimos falar é a atención primaria. Pois ben, no ano 2025 vaise dedicar un 5,4 por cento máis, ata acadar os 1.668 millóns de euros. Eses 1.668 millóns de euros, señora Prado, corresponden ao 30,56 por cento de todo o orzamento da sanidade. Estamos por riba do que vostede pide. E isto vai dedicado a aumentar persoal, renovar infraestruturas, equipamento, ademais de potenciar na zona rural a enfermería para garantir os coidados personalizados.

Vostedes afirman que existe unha recomendación que di que o 25 por cento debe dedicarse á atención primaria, pero o problema vén en que non debe computar o gasto farmacéutico. E nós sinalamos que vostedes fan esta afirmación, pero non son quen de traer algo que o xustifique, unha documentación oficial que sinala que isto ten que ser así.

Nós revisamos toda a información existente e comprobamos que a Organización Mundial da Saúde sinala, contra o seu criterio, que o gasto farmacéutico debe incluírse sempre na partida da atención primaria, e este punto vén recollido na declaración de Alma-Ata de 1978. E se quere unha máis recente, que traio aquí, que supoño que vostede coñece, que é a declaración de Astaná, do 2018, onde se reitera esa inclusión. Podemos ver tamén o informe da Organización Mundial da Saúde sobre gasto global en saúde, onde se reflicte que o gasto en atención primaria en España con respecto ao total do financiamento do sistema sanitario se atopa por riba do 30 por cento. E pódolle dar outro dato, se quere unha fonte que a vostedes lles gustará máis, que é o informe da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, onde sinala que España dedica máis do 30 por cento do orzamento sanitario á atención primaria e que Galicia se atopa por riba desa media.

Señoría, volve faltar á verdade; algo ao que nos ten acostumados. Mire: catro informes e catro fontes de distinta índole contradín o seu discurso, xa que Galicia está por riba do 30 por cento do orzamento sanitario dedicado á atención primaria. Non pode ser que fagan estas afirmacións cando a atención primaria nunca tivo tanto orzamento como o que vai ter no próximo ano 2025. (*Aplausos.*)

No ano 2009 —e aí están as cifras e a hemeroteca, para que vostedes as consulten— os orzamentos para primaria eran 1.436 millóns de euros, no ano 2025 son 1.668 millóns, un 16 por



cento máis. ¿E sabe vostede onde van eses 232 millóns de euros? A persoal. Mire: a media diaria de profesionais da sanidade contratados polo Sergas no ano 2024 é de 45.002, no ano 2009 eran 36.256; é dicir, estamos falando dun 24,12 por cento máis no 2024 que no 2009.

A atención primaria nunca tivo un investimento tan alto en dotacións en persoal e en medios, porque en quince anos, señorías, fomos quen de manter o gasto de farmacia a niveis do ano 2009. ¿Por que foi isto? Pois grazas ao aforro conseguido en receitas ao promover o uso de medicamentos xenéricos. E teño que recordarlles que esta iniciativa foi boicoteada polo Partido Socialista de Galicia e polo Goberno de Zapatero no ano 2010, que se puxeron do lado das grandes farmacéuticas en contra dos galegos. Por certo, señora Espinosa, vostede formaba parte daquel goberno. Recórdolle que o señor Zapatero foi o único que lle recortou un 5 por cento a todos os funcionarios. Este é un dato que está aí tamén. *(Aplausos.)*

En definitiva, señores, ¿cal é o motivo de quitar o gasto farmacéutico de atención primaria, cando sería ir contra do criterio da Organización Mundial da Saúde? Só queda pensar que o motivo non é outro que a falta de propostas do Bloque Nacionalista Galego en materia de sanidade, a mentira e a manipulación.

En relación con outro punto que vostedes traen nesta proposición de lei, o de incrementar as áreas sanitarias, non chegamos a verlle cal é o beneficio e cal é o beneficio que ten este incremento das áreas para os galegos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¿Non sei se quere falar, señora Pontón?— A modificación da Lei 8/2008 feita no ano 2017 estableceu que o Sistema público de saúde de Galicia se ordena territorialmente en áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias. A estas áreas sanitarias correspóndelles a xestión integrada de todos os recursos sanitarios asistenciais públicos existentes en todo o seu ámbito territorial, así como as prestacións e os programas que se desenvolvan nelas. E dentro destas áreas sanitarias existen catorce distritos sanitarios, que teñen como referencia ese hospital correspondente, construindo un marco de referencia dentro de cada área sanitaria. Non quero nin pensar o que podería pasar hoxe coa falta de persoal que temos se isto non fose así, que tería sido de todos os hospitais comarcais que temos en Galicia.

Isto, señorías, permitiu consolidar o modelo de integración para facilitar o acercamento dos profesionais aos pacientes, evitando así que miles de doentes se despracen, porque son os pacientes os que son atendidos nos hospitais que están máis próximos ao seu domicilio. E esta é a clave da actual organización: blindar os hospitais comarcais para que haxa accesibilidade, independentemente de onde se viva en cada comarca ou zona.

O modelo que vostedes propoñen é un modelo caduco que replica estruturas e altos cargos en cada unha das catorce áreas que se queren crear, duplicando os directivos que actualmente existen; non ten ningún sentido. A realidade é que o tempo nos deu a razón coa aposta por este modelo. O que non é lóxico, e non logro entender, é ese interese do Bloque Nacionalista Galego por converter o Mapa sanitario de Galicia nun reino de taifas con catorce áreas sanitarias independentes.

Eu comprendo o compoñente nacionalista que hai dentro do Bloque, pero levalo ao extremo de duplicar as áreas sanitarias existentes no noso país, señorías, resulta unha tomadura de



pelo, (*Aplausos.*) ou teñen un descoñecemento total e absoluto de como funciona o Servizo Galego de Saúde. Non sei se o que buscan con esta medida é crear novos cargos de xerentes ou pór en perigo os hospitais comarcais —tamén podería ser—, porque o que é beneficio para os galegos desde logo que non xera ningún.

Señorías, seguen co mesmo discurso caduco, alarmista e falto de coherencia, e por iso nós imos votar en contra da toma en consideración desta lei nacionalista tan lesiva para o Sistema público de saúde de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, grupo autor, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

A verdade é que é tremendo. Sería bo que o Partido Popular puxera un pouco de esforzo, ou sexa, está poñendo todo o esforzo en pretender gañar o relato, pero é que, claro, con ese relato os galegos e galegas non sacan ningún beneficio, porque non serve aos que non teñen médico, aos que non teñen pediatra, aos que agardan meses pola atención de fisioterapia. A quen serve moi ben é aos fondos voitre e ás tecnolóxicas, ás farmacéuticas. Entón, deixen de gañar o relato e poñan algunha solución enriba da mesa para solucionar os problemas, por favor. (*Aplausos.*)

Mire, señora deputada do Partido Popular, eu falei aquí de datos do ministerio; se vostede ten outros datos, pois tamén presénteos, porque eu presentei aquí os datos do ministerio, e, se quere, na próxima vez tráiollos para que os vexa, porque supoño que non sabe buscalos, porque están aí clariños. E o dato do ministerio di que en Galiza o investimento en atención primaria é de 11,79 por cento e que o gasto farmacéutico vai á parte, porque é normal, porque non se lle pode computar á atención primaria todo o gasto farmacéutico da poboación, que en moitos casos nin sequera ten que ver coa atención primaria, que son derivados da hospitalaria. Pero é que iso o entende calquera, menos o Partido Popular, que o único que fai é intentar mentirlle á poboación día tras día (*Aplausos.*). Esa é a auténtica realidade.

E mire, a Lei de saúde de 2008 pois era para o 2008, e non sei se vostede sabe, igual non a padeceu, a inmensa maioría dos galegos e galegas padeceron unha crise brutal, do 2008, padeceron unha pandemia, hai un envellecemento da poboación. Iso require que, por quen ten a responsabilidade de gobernar, se adecúe para resolver as necesidades da súa poboación. E resulta que o Partido Popular modifica esa Lei do ano 2008 para empeoralala, evidentemente, para favorecer que se poida derivar á privada e que iso sexa legal, para eliminar as áreas de saúde; porque lémbrolle que o Partido Popular eliminou catro das áreas de saúde.

Mire, nós o que dicimos é que é o próximo. Dígalles na Mariña, dígalles no Salnés, que significou perder áreas de saúde, cantos recursos perderon. E di o Partido Popular que é unha aposta polos hospitais comarcais. ¿Por que non mira os orzamentos? Contías pírricas para



os hospitais comarcais en comparación cos hospitais cabeceira das áreas sanitarias. ¿Por que non pregunta na Mariña cantos meses teñen de lista de espera para cardioloxía? ¿Por que non pregunta no Salnés cantos meses de espera hai para facer unha ecografía? Deixen de vir aquí a mentir e presenten vostedes datos. Non queren datos, porque os datos significa enfrontarse ao espello da súa política sanitaria, unha política sanitaria pensada en beneficiar as grandes empresas e non a poboación galega. (*Aplausos.*) Esa é a realidade dos seus datos.

E, efectivamente, cos datos do orzamento é tremenda a evolución. O Partido Popular non fixo nada de aposta pola atención primaria. Neste momento, actualizando co IPC, a atención primaria tiña que ter 275 millóns de euros máis, para só manter o orzamento do 2009; pola contra, a hospitalaria ten 623 máis. ¿Iso que significa? Unha clara imaxe da política sanitaria do Partido Popular. Recursos, como agora dilucidaremos na comisión de investigación, para engordar as empresas, recursos para os 470 millóns de euros do sobrecusto do Álvaro Cunqueiro, recursos para infinidade de contratos menores a dedo sen publicidade. Esa é a política do Partido Popular: recursos enmascarados totalmente para as grandes empresas e non para atender á poboación.

E, polo tanto, os datos son máis que elocuentes. Galiza á cola en persoal de enfermería, só por detrás de Murcia; á cola do Estado en investimento destinado a pagar aos seus profesionais; á cola do Estado en persoal especialista en saúde mental; á cabeza no consumo de psicofármacos. E esta lei, esta proposición de lei que hoxe trae aquí o BNG o que pretende é reverter esa situación.

E aquí vostedes dan un discurso de que van facer non sei cantas cousas. ¿Con que orzamento? Lémbrolle cales son os datos do orzamento para o ano 2025: apenas sobe un 5 por cento. Sabe que só a actualización salarial practicamente xa leva ese 5 por cento. ¿Onde están os equipos multidisciplinares para a atención primaria? ¿Onde está a incorporación de psicólogos clínicos que prometeu o presidente da Xunta? ¿Con que orzamentos os van introducir? Porque é mentira. Din: incorporación de psicólogos, cando o único que van facer é uns coordinando e facendo de enlace coa atención primaria, porque, se non, tería que estar nos orzamentos. ¿Onde está? ¿Onde están os terapeutas ocupacionais, os logopedas? ¿Onde están os fisioterapeutas, para que a poboación non teña que agardar meses para acudir a un? ¿Onde están nos orzamentos da Xunta?

Polo tanto, o BNG trae aquí unha proposta concreta, factible. Propoñemos un aumento do 18 por cento para o vindeiro orzamento, que significa arredor de 200 millóns de euros, que vimos reclamando, para o ano que vén; e logo seguir no seguinte. Iso é unha aposta real, clara, pola atención primaria, corazón do sistema. A atención primaria resolve entre o 80 por cento e o 90 por cento dos procesos de saúde...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e non ten nin o 12 por cento do orzamento. Esa é a realidade. E para contestar esa realidade non bastan discursos mentireiros, o que hai é que actuar, e a proposta do BNG é actuar con contundencia, recursos, para cambiar a situación.

O Partido Popular vai votar en contra, como leva facendo sempre...





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...de alternativas que supoñan beneficio para os galegos e as galegas, e vai votar a favor de que os recursos da atención sanitaria vaian destinados ás empresas amigas do Partido Popular. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación do texto lexislativo***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se asegura unha dotación orzamentaria mínima destinada a garantir a suficiencia funcional e financeira da Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, se eliminan os distritos sanitarios e se estrutura territorialmente o Sistema galego de saúde en catorce áreas sanitarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día, co segundo punto.

Abran as portas xa, por favor.

### **Comparecencia da conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente, e bo día, señorías.

Comparezo hoxe, a petición propia, para informar sobre as liñas de actuación da Consellería de Economía e Industria. E centrarei en concreto a intervención esencialmente na estratexia industrial e na estratexia enerxética da Xunta de Galicia para os próximos anos.

As políticas industriais e enerxéticas da Xunta contarán a partir de 2025 cun importante marco lexislativo que amparará as novas actuacións. Por unha banda, cunha norma xa tanxible, que é a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que uti-



lizan os recursos naturais de Galicia, a coñecida como Lei de recursos naturais de Galicia, unha norma que nos sitúa a carón das primeiras economías de Europa e que nos vai permitir avanzar na descarbonización da nosa Comunidade, no autoabastecemento e autosuficiencia, e que vai ser clave para xerar crecemento industrial e enerxético, non soamente nesta lexislatura senón tamén nas vindeiras.

E, por outra banda, a Lei de orzamentos da Comunidade e a súa Lei de acompañamento, que, como lles adiantaba hai nove días na Comisión 3ª, contemplan tamén medidas suplementarias en materia industrial e en materia enerxética.

É dicir, Galicia conta cun marco normativo propio para impulsar o noso desenvolvemento, un desenvolvemento económico que é, sen dúbida ningunha, a base para o desenvolvemento laboral e para o desenvolvemento social de calquera territorio. E cremos que soamente aplicando un enfoque que teña visión conxunta e que non sexa curtopracista é como podemos conseguir resultados que sexan sostidos no tempo e resultados que se dean para o interese xeral da cidadanía galega.

Partimos dun contexto económico de crecemento en Galicia e dunha estratexia a nivel global de descarbonización que se configura como unha grandísima oportunidade para a nosa Comunidade. Cos orzamentos de 2025, elaboramos de novo un cadro macroeconómico prudente, pero que, aínda así, nos permite unha vez máis revisar á alza as nosas previsións económicas para o vindeiro ano cun crecemento, cunha previsión de crecemento do PIB ata o 2,1 por cento, sendo o crecemento acumulado de Galicia máis forte que o do conxunto do Estado nos últimos catro anos.

En relación co último trimestre de 2019, o crecemento da nosa Comunidade ata o segundo trimestre deste ano é 6,3 puntos maior que antes da pandemia, mentres que o crecemento medio do Estado para este período é 4,7 puntos.

Exportamos máis e necesitamos menos recursos do exterior. No que vai de ano ata o mes de agosto a balanza comercial de Galicia acadou a cifra de 6.369 millóns de euros en positivo, mentres que a do Estado é de 23.780 millóns de euros en negativo. É máis, se temos en conta datos anuais, o peche de 2023, Galicia por primeira vez na historia supera os 30.000 millóns de euros en exportacións.

Somos a segunda comunidade que máis medra en confianza empresarial; no cuarto trimestre do ano, un 1,7 por cento, fronte á caída de confianza empresarial do conxunto do país.

E, se atendemos ao sector industrial, na última EPA Galicia supera o Estado en porcentaxe de traballadores ocupados no sector industrial, 3,2 puntos máis, 16,5 por cento, fronte a unha porcentaxe media no Estado dun 13,3 por cento.

Polo tanto, Galicia está a crecer, está dando certezas e confianza á cidadanía e ás empresas, e isto é froito dende logo non do azar, é froito do traballo de todos os galegos e as galegas, das nosas empresas e tamén da estabilidade política e institucional que ofrece Galicia. (Aplausos.)



Como digo, Galicia está a crecer e queremos consolidar ese crecemento e impulsar un maior desenvolvemento económico, que pasa por un maior desenvolvemento industrial e un maior desenvolvemento enerxético da Comunidade. Temos a sorte de que neste momento desta nova era industrial temos todos os elementos precisos para situarnos nunha posición vantaxosa en Europa. Temos recursos, temos auga, temos vento, sol, minerais, bosques, temos empresas e temos unha boa base industrial, temos o talento das persoas e temos importantes avances no noso sistema loxístico e infraestruturas portuarias de primeiro nivel.

E precisamente para maximizar o rendemento destes elementos, están concibidas as políticas que hoxe presento aquí: unha estratexia económica que propicia a interrelación entre a industria e a enerxía, unha política industrial que favorece o crecemento e o fortalecemento da industria galega, unha política enerxética que ten como base os beneficios dos recursos naturais para que repercutan en Galicia e coa máxima protección ao medio ambiente e unha planificación organizada do noso territorio, do solo industrial e dos recursos enerxéticos.

Vou comezar coas medidas en materia de política enerxética e continuar coa estratexia industrial propiamente dita.

A política enerxética da Xunta de Galicia atópase aliñada cos principios da Unión Europea, cos principios de descarbonización, de competitividade e de seguridade no abastecemento e de sostibilidade.

Compartimos obxectivos con esta política europea como é garantir o funcionamento do mercado da enerxía e o abastecemento enerxético seguro da Unión e da nosa Comunidade, promover a eficiencia e o aforro enerxéticos e desenvolver as enerxías renovables e interconectar as redes enerxéticas.

Estes principios e estes obxectivos son precisamente os que están na Lei de recursos naturais, e contaremos con varios instrumentos clave para desenvolverlos.

Vou falar de cinco instrumentos en concreto, que consideramos que son a base de todas estas políticas enerxéticas que imos desenvolver ao longo da lexislatura.

En primeiro lugar, novo Plan sectorial eólico para Galicia. Actualizar o Plan sectorial eólico de Galicia está entre as principais liñas estratéxicas de actuación, por dúas razóns clave. A primeira xa a mencionaba na comparecencia en comisión dos orzamentos. Parece lóxico, acadados os 6.500 megavatios entre os instalados e os autorizados na comunidade autónoma, máis de vinte anos despois da revisión do Plan eólico no ano 2002, que ademais data do ano 1997, que procedamos á elaboración dun novo plan. Pero, en segundo lugar, hai unha razón clave, que é que temos unha nova norma para xestionar os recursos naturais: a Lei de recursos naturais, e polo tanto a nova planificación debe adaptarse a esta lei. Para comezar a elaboración do plan, que é unha realidade, xunto co mapa industrial da Comunidade, xa lles comentei que orzamos para o seguinte ano 1,2 millóns de euros.

Segunda medida: medida de repotenciación de parques de máis de vinte e cinco anos. A Lei de acompañamento aos orzamentos conta con esta medida. Na actualidade hai uns cen par-



ques, que contan cuns tres mil aeroxeradores, que cumprirán vinte e cinco anos nos próximos cinco anos. Estes veranse obrigados a repotenciarse nos próximos cinco anos. Polo tanto, tras un prazo de moratoria de dezaoto meses para o inicio da tramitación dos procedementos para autorizar estas repotenciacións, estimamos —creo que de maneira prudente— que en oito anos na paisaxe galega eses tres mil aeroxeradores reduciranse a seiscentos muíños, é dicir, un 80 por cento menos. (*Aplausos.*) Esta medida pretende, evidentemente, reducir o impacto ambiental das instalacións, pretende garantir tamén a súa seguridade industrial, e algo que é clave, ademais destas dúas cuestións, que é estender os principios da Lei de recursos naturais a estes parques máis antigos que van ser obxecto de repotenciación.

Terceira medida: modificación do canon eólico. De xeito coherente con estas repotenciacións, pois reformaremos o canon eólico, e por iso o canon eólico actualizarase tendo en conta non só o número de aeroxeradores senón tamén a altura de cada un deles, para manter as compensacións ambientais do canon tras esta repotenciación obrigatoria.

Cuarta medida: medidas transitorias para avanzar no autoabastecemento enerxético seguro en Galicia. Imos comezar a anticipar algúns dos principios que están na nova Lei de recursos naturais, mentres non se aproba o novo Plan eólico. Unha medida clave que anuncio aquí é que os promotores eólicos deberán asinar PPA coa empresa galega cando menos polo 50 por cento da enerxía producida.

Isto supón ou ten un dobre obxectivo. Ese 50 por cento da enerxía dos parques eólicos vai permanecer en Galicia, e polo tanto vai dar acceso á figura dos PPA ás empresas pequenas e medianas, que actualmente no mercado non tiñan posibilidade, capacidade para asinar estes contratos. Pero, en segundo lugar, supón que ese 50 por cento da enerxía producida polos parques eólicos quedará fóra das flutuacións do prezo do gas en Galicia.

Quinta medida, que a coñecen: RDG, como instrumento esencial para aplicar con eficacia a Lei de recursos naturais no territorio galego. RDG é unha compañía na que a Xunta é a principal accionista, xunto cunha parte privada, que son actualmente 32 empresas, empresas galegas de diferentes sectores non enerxéticos.

Agardamos que a principios do ano que vén dispoñemos desa comercializadora propia, que venderá o cen por cento da súa enerxía a consumidores galegos, como saben, tanto particulares como empresas e industrias, e farano ademais a un prezo máis barato que o do mercado, pois tamén a través da figura dos PPA para as pemes galegas, e vendendo a electricidade aos veciños próximos aos parques máis barata.

Ata aquí as cinco medidas vinculadas á política enerxética. E paso agora a dar conta da estratexia industrial. ¿Cales son as bases da política industrial que estamos desenvolvendo? Traballar cos sectores industriais para reforzar as debilidades dos distintos tipos de industria e para conseguir ir ampliando as súas cadeas de valor. Reforzar a autoprovisión coas nosas materias primas e o peche dos ciclos produtivos en Galicia. Acelerar as tramitacións administrativas dos proxectos na nosa comunidade. Ofrecer un continuo acompañamento á empresa e á industria galega pola propia Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento



Enerxético e tamén pola Oficina Económica de Galicia, dependente do Igape. Xerar un efecto mobilizador para a industria e a empresa a través das operacións de financiamento e de capitalización que están levando a cabo de maneira continuada o Igape e XesGalicia. Apoiar economicamente os investimentos empresariais ligados ao seu crecemento e á súa competitividade e tamén á innovación. Apoiar economicamente as concentracións empresariais e as adquisicións de empresas en crise para evitar a perda de industria e por suposto do emprego industrial asociado en Galicia. Acompañar a transición da industria galega cara a unha industria descarbonizada, pero aproveitando o talento que temos en Galicia e o solo industrial existente na comunidade, así como os nosos sistemas loxísticos e as nosas infraestruturas. Aproveitar o despregamento das enerxías renovables, para fortalecer a industria vinculada e a súa diversificación. E dispoñibilizar de xeito rápido solo empresarial para o asentamento da industria en Galicia.

Como medidas dentro desta estratexia industrial, vou destacar outras cinco medidas.

En primeiro lugar, Plan autonómico de impulso e aceleración dos proxectos industriais. Saben que este plan o puxemos en marcha, o creamos a finais do ano pasado, e imos continuar co seu desenvolvemento e cunha figura clave, que son os proxectos industriais estratéxicos. Temos agora mesmo dez PIE —proxectos industriais estratéxicos— declarados polo Consello da Xunta de Galicia, un deles xa ten sido aprobado como proxecto industrial e os nove restantes atópanse en diferentes momentos da súa tramitación; para coñecemento da Cámara, tres están en fase de preparación da documentación, dous xa remataron o trámite de información pública, tres atópanse en tramitación ambiental e un xa rematou a tramitación ambiental. Temos outros nove proxectos que solicitaron ata o momento a súa declaración como PIE; están en análise previa da documentación, para ver se efectivamente cumpren os requisitos de cara á súa declaración polo Consello. Todos os proxectos xa declarados suman un investimento superior aos 2.500 millóns de euros e preto de 4.500 postos de traballo.

Segunda medida: os plans directores. Saben que para acompañar os sectores industriais estratéxicos da Comunidade estamos a desenvolver, xunto con eles, plans directores co obxectivo de definir as medias necesarias para o seu impulso específico e para o fortalecemento da industria de toda a Comunidade.

Comezabamos o 29 de febreiro pasado declarando polo Consello da Xunta os seis primeiros sectores industriais estratéxicos: a industria metalmecánica, a automoción, a construción naval, o sector forestal madeira-industria, o das TIC e a loxística industrial.

Estando a piques de aprobarse os primeiros plans directores, os da construción naval, o do automóbil e o do sector forestal, no 2025, ademais por suposto de continuar facéndolles seguimento e executando as medidas neles contidos, pois concentraremos os esforzos en elaborar e aprobar os plans do sector metalmecánica, de loxística e a industria das TIC.

Permítanme que me deteña un momento nos dous sectores dos que imos rematar en primeiro lugar eses plans directores, que son a automoción e o naval.



Sobre o primeiro, sabemos e son coñecidos os datos do propio sector: máis de 25.000 postos de traballo, máis de 12.500 millóns de euros de facturación. Destinamos no 2024 22 millóns de euros de fondos propios da Comunidade para apoiar precisamente a competitividade desta industria fronte a terceiros países, neste momento de transformacións.

Para 2025 estamos traballando na modificación do programa operativo Feder da Xunta de Galicia, para continuar apoiando con novas medidas o sector, pero de novo, e como xa dixeran en moitas ocasións, precisamos de fondos europeos Nex Generation para apoiar toda a cadea de valor e non soamente a industria matriz en Galicia. (*Aplausos.*)

E, en segundo lugar, crucial tamén para a industria galega, a industria naval. É indiscutible que o sector naval afronta unha nova etapa, na que se concibe unha industria naval de maneira integradora, que busca a transformación de toda a cadea de valor, para incrementar a súa eficiencia enerxética, a súa sustentabilidade ambiental e o seu nivel de dixitalización. En todas estas cuestións incide o plan, e tamén en continuar afondando na especialización e na internacionalización, que tan ben fixo o sector naval, sendo hoxe en día os estaleiros galegos dos primeiros do mundo.

E para o naval cremos que se abren novas posibilidades de sinerxía con ámbitos como é a enerxía mariña renovable, que ten enormes potencialidades de crecemento e de actividade para toda a cadea do naval.

Por esta razón —e xa o anunciaba o outro día— creamos o Polo de innovación de enerxías renovables mariñas e almacenamento enerxético en Galicia, que terá o seu epicentro no CIF Ferrol, e que nace co obxectivo de situar o ecosistema galego de todas estas industriais como referente nacional e internacional e promover a competitividade desta industria, tamén dotar Galicia de infraestruturas científicas e tecnolóxicas para a proba e a demostración destas tecnoloxías, fomentar a creación de emprego cualificado en Galicia para esta industria e —¡como non!— impulsar o papel das enerxías renovables mariñas na redución das emisións de CO<sub>2</sub>.

Entre as actuacións concretas que imos comezar a facer a través deste novo Polo de enerxías mariñas renovables, está a creación dunha *business factory* de enerxías renovables no CIF Ferrol, e por suposto fundamental —como dicía— as zonas experimentais; a zona experimental en Punta Langosteira, que actualmente xa está vixente, e continuamos traballando para que o Goberno central autorice esa nova zona experimental para a eólica mariña, que consideramos que é básico tanto para a industria vinculada como para o despregamento das renovables *offshore* nas nosas costas.

Terceira medida: aproveitamento dos nosos recursos mineiros. En Galicia temos recursos mineiros. Simplemente algúns datos. Galicia representa o 8,2 por cento da produción mineira de España, un valor de produción —datos do Ministerio de Transición Ecolóxica— de 282 millóns de euros. Somos líderes en España en produción de pedra natural, tanto lousa como granito. En canto a emprego, son 3.373 postos de traballo directos na industria extractiva, sen contar o traballo que están xerando os balnearios, as instalacións de auga embotellada, e, se engadimos a industria de transformación vinculada, son máis de trece mil traballadores vinculados aos recursos mineiros.



Polo tanto, non hai dúbida de que estamos ante un sector que é esencial para a nosa economía e que, entre outras cuestións, permite, por unha banda, contrarrestar o despoboamento no rural e tamén favorecer a autoprovisión da nosa industria.

Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor, que moitos deles son dos declarados pola Unión Europea como materias primas fundamentais e estratéxicas, segundo establece o Regulamento 2024/1252 do Parlamento e Consello. Materias primas cunha enorme aplicabilidade, como digo, en industrias e na construción, e polo tanto temos que ser capaces de aproveitar os nosos recursos minerais, para xerar economía en Galicia, e sempre, por suposto, dun xeito sostible e respectuoso coa nosa contorna.

O novo modelo industrial, para conseguir unha economía descarbonizada e dixitalizada, require de materias primas e require de procesos de produción eficientes, e por iso mesmo pretendemos avanzar cara ao fortalecemento do sector mineiro e o posicionamento deste sector en Galicia.

Por este motivo, xa a Lei de recursos naturais establece nos seus preceptos facilitar a convocatoria de concursos mineiros sobre materias primas fundamentais e minerais críticos. Estamos traballando xa na convocatoria dos concursos dos dereitos mineiros caducados. En primeiro lugar, xa levamos a cabo a análise previa cunha listaxe de todos os dereitos mineiros que están caducados, dende permisos de exploración e de investigación ata concesións de explotación; e tamén unha análise preliminar dos dereitos que é preciso incluír nas novas convocatorias dos concursos, tendo en conta, entre outros, o tipo de dereito mineiro, tamén o recurso mineiro existente, a existencia dunha solicitude previa de convocatoria do concurso, entre outras cuestións. Co cal e con estes traballos que levamos feitos ao longo deste ano, esperamos poder, a finais deste mesmo ano, proceder á convocatoria de sesenta dereitos mineiros entre as catro provincias; (*Aplausos.*) todo isto para a solicitude de permisos de investigación, dándolles continuidade a estes concursos, priorizando materias primas críticas e minerais estratéxicos.

E, por suposto, como dicía, na Xunta sempre defenderemos unha minería sustentable compatible co medio ambiente e unha minería segura. Por iso, imos seguir avanzando na dixitalización da Administración mineira, na innovación e na dixitalización das empresas, na mellora da sustentabilidade sectorial, na valorización dos recursos xeolóxicos e na seguridade e saúde laboral.

Adiantei xa que impulsaremos a declaración de municipios mineiros. Temos numerosos concellos onde a minería é o motor da súa economía; con eles, en base ás medidas que temos articulado, pois poderán asinarse convenios que permitan actuacións de fomento dos recursos naturais, xeolóxicos e mineiros, actuacións de recuperación ambiental e actuacións de posta en valor do patrimonio mineiro. E igualmente primaremos a restauración dos emprazamentos mineiros; destinamos —xa o dicía o outro día— máis de 3 millóns de euros para a restauración de emprazamentos mineiros no seguinte exercicio.

E cuarta medida. Se falamos de peche dos ciclos produtivos en Galicia, é obrigado contar coa madeira, máis de 30.000 familias propietarias en Galicia que cortan regularmente madeira



cada ano. Neste sentido, impulsaremos liñas e proxectos de investigación relacionados fundamentalmente coa mellora da xenética forestal e coa adaptación das especies forestais galegas ao cambio climático. Así mesmo, cremos fundamental impulsar o desenvolvemento do inventario forestal continuo de Galicia; soamente coñecendo a situación do recurso forestal é como poderemos tomar decisións que sirvan de utilidade para a industria forestal. Clave é continuar apostando pola construción, a rehabilitación e as reformas das edificacións en madeira e o fomento da utilización da madeira tamén nas edificacións públicas. E, en cuarto lugar, crearemos o mercado voluntario de créditos de carbono, que está regulado na Lei de recursos naturais, para que as empresas e a cidadanía poidan ver compensadas as súas emisións de CO<sub>2</sub> e contribuír deste xeito á neutralidade climática ao financiar proxectos sostibles que permitan estes obxectivos; e a través disto poderemos fomentar a utilización da madeira a través das emisións de CO<sub>2</sub>, entre outras cuestións, por suposto, para as que este mercado é voluntario.

E quinta medida en materia industrial: medidas en materia de solo empresarial. A dispoñibilidade de solo empresarial resulta fundamental para fomentar o crecemento e a consolidación das empresas na nosa terra. Por unha banda, cremos que unha medida clave e que xa está posta en marcha é esa dispoñibilidade en réxime de dereito de superficie durante oito anos de solo público —solo da Xestur— de xeito gratuíto. Medio millón de metros cadrados, como digo, xa están convocados e impactan evidentemente no orzamento da Xestur para o vindeiro ano, para empezar en 5 millóns de euros. Pero consideramos que é unha medida fundamental para que as empresas poidan continuar crecendo e creando emprego en Galicia.

Segunda medida: novas figuras de ordenación de solo empresarial para zonas de menor tamaño e zonas onde tamén contemos coa iniciativa privada. Evidentemente, imos continuar co desenvolvemento das áreas empresariais de Galicia, pero necesitamos resolver en moitas ocasións para o crecemento da nosa industria e para industrias que se queren asentar en Galicia dispoñibilizar solo o máis rápido posible. Por esta razón, créanse na Lei de acompañamento aos orzamentos as ZAP, as zonas de aceleración de proxectos empresariais e solo. ¿En que consisten? Permitirán simultanear a tramitación urbanística coa tramitación dos proxectos empresariais, sempre que no ámbito territorial onde se desenvolve esta figura exista polo menos un proxecto industrial estratéxico, e sempre terán que ter un remanente de solo empresarial para futuras ampliacións de novas industrias que se queiran implantar. Prevese que estas áreas, estas ZAP, acollan instalacións de aproveitamento de fontes de enerxías renovables e almacenamento enerxético, e co fin de colaborar tanto na tramitación e desenvolvemento como posteriormente na comercialización do solo, Xestur poderá participar de forma minoritaria na sociedade que desenvolva as ZAP. ¿Que vai supoñer isto? Na práctica con esta figura contamos con que o promedio de dez anos para o desenvolvemento de solo a través das figuras da Lei de áreas empresariais pasará a ser de ano e medio. *(Aplausos.)*

E unha segunda figura en materia de solo a destacar pensada precisamente para o rural galego: as ZIR, as zonas industriais rurais. Está pensada para concellos de menos de vinte mil habitantes, que non requiren grandes superficies, grandes polígonos industriais, pero si unhas zonas fóra dos núcleos onde as pequenas empresas, os talleres, se poidan implantar; unha figura para unha superficie ou cunha superficie máxima de 5 hectáreas e que viña sendo moi reclamada por moitos concellos do rural galego.





E, por suposto, como terceira medida —e dicíao antes—, imos continuar co desenvolvemento, co impulso do Plan de áreas empresariais de Galicia; é esencial, por suposto, continuar desenvolvendo os grandes polígonos que agora mesmo temos en marcha; para isto temos un orzamento de 33,45 millóns de euros no orzamento de Xestur para desenvolver 25 parques, e contamos con que 18,3 millóns se destinen xa a solo industrial, a urbanización de solo que vai quedar rematado no ano 2025.

Ben, remato xa, sintetizando que o principal obxectivo de todas estas medidas, o principal obxectivo desta estratexia a nivel industrial e enerxético que está levando a cabo o Goberno da Xunta de Galicia non é outro que o desenvolvemento de Galicia. Partimos realmente dunha boa base. Temos as empresas, temos —repito— unha base industrial sólida na nosa Comunidade; temos os recursos naturais que moitos outros territorios ansían e non os teñen; temos o talento humano, persoas preparadas con moitísima formación; e temos a estratexia e a planificación para acometer as actuacións precisas e para realmente posicionar Galicia dende o punto de vista económico no mercado europeo.

Eu téndolles de novo —como facía na comparecencia de orzamentos— a man ao diálogo. Por suposto, eu son consciente das diferenzas naturais que temos entre os distintos partidos políticos, pero realmente temos por diante máis de tres anos de lexislatura e máis de tres anos —repito— para posicionar o crecemento de Galicia a medio e longo prazo. Polo tanto, de verdade lles pido que, se na esencia do que acabo de explicarlles están de acordo, se sumen ás actuacións que estamos poñendo en marcha, que non é máis que o compromiso do Goberno de Galicia con Galicia e co crecemento de Galicia. E demostren, por favor, tamén, señorías da oposición, o seu compromiso coa nosa Comunidade.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Bos días, señorías e persoas que nos visitan.

E, sen prexuízo de demostrar o meu compromiso con Galicia, vou priorizar o meu compromiso coa provincia de Ourense, por motivos que entendo que xa para todos vostedes son bastante obvios.

Efectivamente, a señora conselleira xa compareceu nunha das comisións explicándonos as súas liñas, máis ou menos nos mesmos termos que acabamos de escoitar hoxe; e eu vou dar resposta tamén máis ou menos nos mesmos termos nos que falei nesa comisión.

Dixo unha conselleira —agora mesmo non recordo se foi ela ou se foi outra conselleira— que os orzamentos non se concibían pensando nos criterios territoriais. Ben, a persoa que



inventou os coches sen cabalos e os coches con motor de combustión tampouco pensou nos problemas de contaminación e nos problemas de aparcamento, pero eses problemas apareceron e están aí, non importa que non os tivese en conta. E con isto pasa igual. O Goberno non toma en conta criterios territoriais á hora de deseñar os investimentos, non os toma en conta, pero logo a execución deses orzamentos ten consecuencias en termos de desenrolo territorial.

Teño aquí agora mesmo unha pequena táboa (*O señor Ojea Bouzo mostra un documento.*) coas partidas presupostarias da Consellería de Economía e Industria para o 2025 —as previstas, que xa as comentei parcialmente na comisión— e vou facer algunhas lecturas desde o noso criterio.

Son trinta e seis partidas, das cales vinte delas na súa execución repercutirán directamente na provincia da Coruña. Xa sabemos que o xeito de repercutir pode ser de dous tipos: ou ben porque o investimento está feito directamente, fisicamente, nalgunha zona concreta da provincia con algún proxecto concreto ou ben porque a burocracia pertinente á execución desa partida ten as súas sedes ou ten os seus lugares de traballo na provincia da Coruña, o cal tamén contribúe a crear riqueza, a crear emprego nesa zona. Ben, pois dos 24.906.897 que me figuran aquí, no total é 1.840.301,53 son os que corresponden á provincia de Ourense; en termos relativos, o 41,11 por cento da execución do presuposto —se é que chega a executarse, que tamén xa temos visto que é outra cuestión— iría para a provincia da Coruña e o 7,39 por cento para a provincia de Ourense. Soamente hai tres partidas cuxa execución vai directamente para a provincia de Ourense e as tres están relacionadas co Laboratorio Oficial de Metroloxía: unha de 30.000, outra de 300.000 e outra de 150.000, un total de 480.000, que son tres partidas —como digo— directamente relacionadas co Laboratorio de Metroloxía e que son as únicas que van unicamente para a provincia de Ourense. 480.000, que, comparado coas cifras das outras partidas —que logo comentarei—, son o que adoita chamarse o chocolate do psitaciforme, ¿non?, o chocolate do loro. Fíxense: só unha das partidas que vai integramente para A Coruña na súa execución pois ten, por exemplo, 700.000 euros. Estratexia de política industrial de Galicia, Plan impulso e aceleración; falou efectivamente disto, da política industrial de Galicia. Ben, pois hai outra máis tamén neste ámbito da estratexia de política industrial e plans directores, 240.000; convenio clúster elaboración Plan director industrial, 60.000. E todas estas son partidas de execución exclusiva na Coruña. Outras —estas xa de menos cantidade—, un 100 por cento de execución na provincia: —isto está en inglés— Moving Towards Aerospace, que é un proxecto Interreg que tamén se executa integramente na Coruña.

Aquí, si, efectivamente, falou de minería, e temos aquí 2.179.498 de rehabilitación de antigos espazos mineiros, dos cales 784.000 e pico —non entendo ben os números, que son pequenos— van para a provincia de Ourense, pero 1.394.660 para a provincia da Coruña. Ben, podería estar aquí agora comentando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿Perdón?, ¡ah!, pensei que me falaba vostede, presidente, desculpe—.

Sigo. Ben —como digo—, de 36 partidas da execución do presuposto da Consellería de Economía e Industria, 20 desas partidas execútanse integramente na provincia da Coruña, o cal iso contribuirá a un desenrolo económico, social, etc., etc., da provincia da Coruña, e



soamente un 7,39 por cento, tanto en actuacións directas como en xestión, repercuten no desenrolo da provincia de Ourense. Hai aquí unhas partidas, ao principio, de investimento da Secretaría Xeral Técnica para o funcionamento operativo dos servizos, ou sexa, gastos en burocracia, que están máis ou menos equitativamente repartidas entre as provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra, pero que de novo hai un sesgo importante nas cantidades cara á provincia da Coruña. Porque mentres nas provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra andan ao redor do 10 por cento, 15 por cento, 11 por cento de cada unha das partidas, A Coruña leva o 65 por cento, 65 por cento e 65 por cento.

Quero dicir que, como sucede no resto das consellerías, polo que levamos visto nas comisións, a maior parte do investimento previsto repercutirá de xeito directo ou indirecto, ou de xeito máis ou menos directo —poderíamos dicir—, no desenrolo da provincia da Coruña.

Como sempre, seguiremos demandando descentralización, por un lado, descentralización desta clase de servizos ao longo do territorio, e, por outro lado, que os investimentos concretos, físicos, pois tamén contemplan a existencia da provincia de Ourense para levalos a cabo nela.

Onte gabábase o presidente da Deputación de Lugo de que o centro de gravidade de Galicia está en Lugo, nun lugar concreto próximo a Antas de Ulla. A min gustaríame poder facer o seguinte cálculo: o centro de gravidade de Galicia en termos de cartos investidos en cada punto. É un problema matemático difícil, pero se distribuimos os cartos ao longo do mapa de Galicia, cada un co seu peso específico, eu penso que o centro de gravidade estaría nalgún punto entre Santiago e A Coruña, por aí por, non sei, Sigüeiro; habería que facer o cálculo.

Quero dicir que iso, claro, despois inflúe e repercute no desprazamento da poboación cara a unhas zonas e na despoboación, da correspondente retroalimentación negativa despois cos problemas sanitarios, de transporte escolar etcétera, etcétera, doutras zonas.

E esa é a lectura que fago dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria, que é a lectura obxectiva dos plans que se queiran facer.

E nada máis. A min sempre me sobra tempo.

Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, señora presidenta, e bos días a todos e a todas. E grazas, conselleira, pola súa comparecencia.

Pero nós pensamos, señora Lorenzana, que realmente a política enerxética e industrial do Goberno galego non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xu-



rídica sen precedentes, que é responsabilidade exclusiva do Goberno do PP, que leva dezaseis anos gobernando. Parches e máis parches, señora conselleira. Iso si, todo o malo que pasa en Galicia é culpa do Goberno de España. O Goberno galego amosa cero lealdade institucional e compromiso por esa relación co Goberno central.

Chegou a dicir, señora conselleira, en declaracións públicas, que o Goberno de España tiña secuestrado o proxecto da macrocelulosa Altri, cando os únicos secuestros que temos que soportar os galegos e as galegas son o sobrecusto do Hospital Álvaro Cunqueiro, a prórroga da AP-9 ata 2045, con Feijóo xa de por medio, ou a paralización insoportable, insoportable, do despegue da enerxía eólica en Galicia. (*Aplausos.*); que, por certo, non falou de nada de nada dos setenta parques eólicos que están suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Dentro dos obxectivos de descarbonización, efectivamente, que marca Europa e cos que o Goberno de España está comprometido, os socialistas galegos queremos que o noso país lidere a reindustrialización sostible da man da transición ecolóxica, pero sempre con criterios de sustentabilidade ambiental integrada, señora conselleira, e non como está a facer o Goberno galego nesta última década, con présas, sen estratexia e sen rumbo fixo, señora Lorenzana. Vai ser un piar fundamental desta lexislatura dos socialistas de Galicia. O noso compromiso está intacto.

A política enerxética vai de improvisacións continuas, como é a privatización dos nosos recursos naturais a través da sociedade Recursos de Galicia, esa sociedade mixta de colaboración que tanto lle gusta ao PP, de colaboración público-privada; porque desconfían do público, señora Lorenzana, e da súa eficiencia. Na sociedade Recursos de Galicia a Xunta ten un 30 por cento do capital social, pero á que non só se lle encargou a privatización da repartición dos nosos recursos naturais, tendo xa o Inega, que se podería potenciar e reforzar, como dixo o Informe do CES no proxecto de Lei de recursos de Galicia, senón que agora a través desa sociedade van crear sociedades filiais, comercializadoras, produtoras de enerxía, comprando paquetes de enerxía; que, por certo, compran parques eólicos que están suspendidos. Outro chiringuito máis, señora Lorenzana, sen control público.

E sabe ben, señora conselleira, que ese híbrido nin vai ser público nin vai ser social, porque non vai ter en conta a vulnerabilidade dos consumidores vulnerables nin vai abaratar a luz de todos os galegos e galegas. O contrario, evidentemente, é faltar á verdade.

Por certo, a semana pasada rexistramos unhas preguntas e tamén a solicitude de todo o expediente completo, vía artigo 9, da constitución da sociedade Recursos de Galicia e tamén das modificacións posteriores societarias, na que estaba a sociedade Impulsa e agora xa non está; non sabemos canto capital se subscribiu polas trinta e dúas empresas. ¿Sabe que ten que haber un expediente, ¿non?, da Lei de patrimonio de Galicia? Evidentemente, solicitamos luz e taquígrafos e que se remita completo o expediente da sociedade Recursos de Galicia, a súa constitución e modificacións societarias posteriores, para poder fiscalizar ese expediente.

Señora Lorenzana, a miña intervención centrarase en tres ideas forza. A primeira, o *statu quo* da economía e a industria galega, en termos comparativos co resto de España; a segunda,



sobre o estado dos PIE, os proxectos industriais estratéxicos; e, en terceiro lugar, sobre o caos de xestión e a paralización sen precedentes no desenvolvemento da enerxía eólica no noso país.

Empezando pola primeira do bloque, como se dixo o pasado 28 de outubro na súa comparecencia de orzamentos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas consideramos que os orzamentos do 2025 son os que quere Rueda, pero non o que precisa este país. Unha Galicia que sofre un atraso en termos comparativos respecto a España e que a propia Xunta, o señor conselleiro de Facenda, cifra en seis anos. Crecemos pero a un ritmo moitísimo inferior, tanto a nivel macro como a nivel micro, como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España, no informe Funcas, no informe Airef. Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto de España e as previsións da Xunta son que creceramos no 2025 un 2,1 por cento, por debaixo da medida estatal, que se sitúa nun 3,1 por cento de crecemento interanual, un punto menos, señora conselleira, en termos comparativos co resto de España.

Segundo os datos da EPA, dos que tamén falou, o paro en Galicia baixou, tamén é certo, pero a un ritmo seis veces inferior á media estatal, señora conselleira.

E tamén aos socialistas nos preocupa o estado de benestar. Evidentemente, é unha marca da socialdemocracia galega. O informe de Fedea de 2024 sitúa á cola en Galicia o estado do benestar. E tamén é moi grave, señora conselleira, que, segundo o derradeiro Informe do estado da pobreza en España, o 23,6 por cento da poboación en Galicia está en risco de pobreza e exclusión social, que se cifra en termos absolutos en 636.000 persoas. Estase a deixar a xente atrás, señora Lorenzana.

É necesario un cambio urxente de política económica no noso país. Aínda así, os socialistas tendemos a man para conseguir ese reto de país e avogamos pola lealdade institucional e cooperación interadministrativa, que é a forza para avanzar. Deixen de facer oposición á oposición, que non é o camiño, e os galegos pronto lles verán o plumero, a pesar de ter corenta deputados, que seguro que mo dirán ou hoxe ou mañá, e terán ao seu servizo unha potente propaganda institucional ao seu servizo.

En definitiva, señora Lorenzana, a política económica e industrial carece de marca propia galega, que se amosa pola parálise de moitos dos proxectos industriais estratéxicos.

E pasamos agora á súa análise. Falaba de dez proxectos declarados estratéxicos polo Consello da Xunta. Pois non sei, hai que actualizar a páxina web, na que saen sete, e dígoos para apuntar.

¿Cal é a situación deles, señora conselleira? Pois escápaseme información ou están en *stand by*, en paralización moitos deles, ¿non? E a cuestión está en saber o que fai o Goberno galego. Voulle poñer un exemplo tamén de inacción e parálise: o proxecto Altri. Vostedes fixeron de Altri un proxecto político, hai moitos interrogantes aínda sen contestar neste hemiciclo e tamén á sociedade galega. Se fose un proxecto exclusivamente privado, pois quedaría no cumprimento da normativa medioambiental, que non é pouco, non é pouco co que estamos sufrindo de catástrofe que estamos vivindo no Levante coa DINA.



E, ademais, debemos reflexionar sobre a necesidade de ser moito máis exixentes a nivel medioambiental e de empresa sostible, porque sabe tamén que para ter os fondos Next a chave mestra do principio é non causar un dano significativo ao medio ambiente, que iso tamén se ten que avaliar.

Ademais, quedan sen contestar canto vai financiar de fondos propios da Xunta de Galicia, ou se lle dá igual ao Goberno galego esa cifra de cambios nos empregos ou a política forestal, ou se é viable un proxecto que necesita 250 millóns de euros para ser viable.

Evidentemente, o Goberno de España —non mo pode negar— si acelerou a innovación e a modernización en Galicia deses plans de recuperación, transformación e resiliencia, eses fondos Next e eses PERTE dos que tanto fala.

A día de hoxe o noso país vive a maior transformación da súa historia, con máis de 4.000 millóns de euros que chegaron a Galicia para facer un futuro xusto, seguro e sostible con cargo ao Plan de recuperación; axudas que favorecen corenta mil empresas galegas, a cidadanía e concellos, aos que temos que sumar 440 millóns dos fondos REACT.

E outro dato, señora conselleira. O Goberno aprobou un total de doce PERTE e Galicia participa nun total de nove, cun total de sesenta e seis proxectos, 330 millóns de euros en axudas e setenta e catro empresas en moitos concellos galegos. Se quere ver o mapa dos PERTE no que participa por distribución territorial, aquí o ten. (*A señora Iglesias Rey mostra un documento.*) Evidentemente, non hai discriminación de Galicia, como sempre tenta vender.

E saberá tamén que o Regulamento MRR non permite a xestión compartida dos fondos, como se fai no Feder ou no FSE. Debería sabelo, señora conselleira. Evidentemente ten que ser, os PERTE están chamados a transformar a economía, moitos poden ser transnacionais e a xestión ten que ser do Goberno de España, baixo o prisma de colaboración interterritorial leal, leal, señora conselleira.

E pasamos ao bloque 3 —e xa finalizo—: o caos da enerxía eólica en Galicia. Como dicía, hai unha inseguridade xurídica sen precedentes no sector, e non poden seguir tirando balóns fóra e relegando todo a un problema xudicial. En declaracións desta fin de semana a conselleira de Medio Ambiente chegou a falar de erros do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Iso non é admisible nun Estado de dereito, señora Lorenzana, salvo que se puxera a toga agora para dicir que hai un erro de apreciación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A suspensión do concurso eólico por Feijóo no 2009 —volvo dicilo, porque deses barros estes lodos— deixou fóra 2.325 megavatios, 5.000 euros de investimento, e todo por motivos partidistas. Deses lodos estes barros, señora conselleira.

Evidentemente que o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial eólico e enerxético. O plan data do ano 1997, van poñer un novo Plan sectorial eólico que se recolle na Lei de medidas, medidas que, por certo, se aportaron por este Grupo Socialistas e se votaron en contra polo Grupo do Partido Popular —hai que dicilo tamén—. Eu calculo que necesita un desenvolvemento regulamentario, necesita unha decla-



ración ambiental estratéxica o novo Plan sectorial eólico e un mínimo de dous anos en que veremos un novo Plan sectorial eólico, que entendo eu que sacarán do caixón esa ampliación da Rede Natura, entendo eu; entendo eu porque lle tiraron das orellas xa na Comisión Europea.

¿De verdade, señora conselleira, que cre que isto é facer unha política enerxética industrial recoñecida no noso país? Os bandazos na política de transición son bandazos continuos e fan moi pouca autocrítica. A mosca que gobernan sen escoitar a sociedade civil, sen escoitar a veciñanza, sen escoitar o sector da eólica, sen escoitar a industria.

E tamén, señora conselleira, pois creo que non lle poñen tampouco moita atención a eses fundamentos de dereitos dos autos de suspensión cautelar. Porque, de cerca de setenta parques eólicos, dezaseis, moitos parques eólicos (da serra de Liñares, de Piñeira, de San Cristovo, parque eólico de Neboada) o son por motivos de sustentabilidade ambiental, en zonas non aptas. Que, por certo, non se planificou, non sen zonificou. ¿Quen o fixo? Fíxoo o Miteco, señora conselleira. Planificou e zonificou a enerxía eólica, a terrestre e a mariña; por certo, planificación avalada...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...polo Supremo este xullo pasado. E tamén colleron outras comunidades autónomas esa zonificación do Miteco: Castela-León e Valencia, que integraron na súa lexislación. ¿E sabe de que data é o documento técnico do Miteco, señora conselleira? Do 1 de decembro de 2020, que declara zonas aptas e non aptas, que a Xunta de Galicia non está a cumprir. Catro anos perdidos, señora conselleira.

E, por certo, ese documento técnico menciónase...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...nos autos de suspensión.

Por tanto, señora conselleira, señora Lorenzana, está claro que non hai unha política enerxética ambiciosa.

Vou falar brevemente —e xa remato, señor presidente— do sector mineiro, que tamén aludiu a ese sector estratéxico, que coincidimos en que é estratéxico no noso país, pero, de novo, que se faga con criterios de sustentabilidade ambiental. Pero, mentres tanto, seguimos sufrindo nulidades de pleno dereito...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora IGLESIAS REY:** ...do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: San Fins, coltán e a mina de Penouta, na que se abriron dilixencias penais por metais pesados... *(A señora Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Señora Iglesias, grazas.



(Aplausos.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Brais Ruanova.

**O señor RUANOVA VILAS-BOAS:** Moitas grazas, presidente.

Un país sen industria está condenado ao fracaso. Unha afirmación lapidaria compartida por moitas persoas que nos advirte de que cando non hai transformación non se pode avanzar colectivamente. Un enunciado que simplifica as partes que compoñen a nosa economía a un todo, a unha máxima de desenvolvemento industrial. Unha afirmación que ten moito de certo, pero que dende o Bloque Nacionalista Galego preferimos reformular para adecuala á realidade e ás necesidades que ten este país.

Un país sen industria propia e dono dos seus recursos está condenado ao fracaso. Hoxe compareceu aquí, conselleira, ante esta Cámara, para presentarnos o modelo que ten o Goberno do Partido Popular para a industria deste país, e o que vemos é que é un modelo continuísta, que a súa consellería vén acompañada de dezaseis anos de políticas ineficientes, que relegan a nosa industria a ser espectadora do que dite o capital. Semella que o seu modelo é que non hai un modelo, que reducen este país a unha barra libre para o espolio constante dos nosos recursos.

Nestes dezaseis anos relegaron o peso da industria a apenas a un 16 por cento do PIB, e vostede hoxe subiu aquí vangloriarse do crecemento económico que está vivindo Galiza, mais, efectivamente, un crecemento económico que as galegas e galegos non están notando nos seus petos.

Desmantelaron a industria en favor do sector servizos, e fixérono baixo ese paraugas do Xacobeo, do turismo masivo, que deixaba máximos na anterior década de corenta mil empregos industriais destruídos; pero non hai que ir moi lonxe, só no último trimestre e só en Vigo, mil oitocentos empregos industriais destruídos. E fixérono, ademais, cunha longa lista de promesas incumpridas, de proxectos gardados nun caixón que só coñecen vostedes, dos que non hai luz, e —repito— dun modelo que quere poñer os recursos de Galiza ao servizo e ao beneficio das multinacionais.

Fronte a este modelo PP, temos un modelo BNG que poña no centro aqueles sectores nos que somos bos, que se capitalice todo ese *know how* que temos nos diferentes sectores para que sexan o motor indiscutible deste país, sempre priorizando unha base científica, tecnolóxica e innovadora, comezando por un maior esforzo en tecnificar o noso sector primario, afondando máis nesa idea tan necesaria que é a da soberanía alimentaria e que permita fornecer de materia prima de calidade o sector industrial para que xere valor engadido, apostando tamén, efectivamente, por blindar o sector da automoción e do naval e non limitarse á construción senón tamén á reparación; facelo en dous grandes polos de I+D+i, no norte e no sur deste país, que nos permitan garantir o emprego a longo prazo e non, como está acontecendo agora, baixo demanda.

Falan de captar investimentos. Efectivamente, é importante captar investimentos, pero debemos facelo sen deixarnos intimidar por ninguén, para que quen veña investir aquí saiba que debe facelo para xerar riqueza e benestar neste país.





E, por último, tecendo rede de cooperación nunha economía colaborativa, entre ese 90 por cento do tecido empresarial que temos neste país, que son pemes e micropemes.

Expuxo aquí unha política industrial baseada na Lei de recursos, que deberíamos chamar lei de depredación. Unha lei que segue sen poñer nin o vento nin a auga nin os recursos forestais ou mineiros ao servizo deste país e que insiste en seguir cavando ben fondo un buraco no que calquera fondo de investimento estranxeiro poida vir a Galicia a facer caixa, iso si, sen importar nin quen vive aquí nin o noso medio. Unha lei de recursos que despreza toda intervención pública maioritaria na xestión dos recursos e que quere poñelos nas mans dos *lobbys* eléctrico, mineiro e pasteiro. En definitiva, unha lei que xa definimos como un cabalo de Troia, que efectivamente parte de moi boas intencións pero que logo articulan ao servizo de quen queira sacar tallada do que é noso. Unha lei que abunda no descontrol, na desregularización; poñen a nosa enerxía en mans privadas, poñen os nosos recursos en mans privadas, poñen a xestión do acceso a fondos Next Generation para os proxectos industriais estratéxicos en mans privadas.

Ao final vou ter que retractarme das miñas palabras; si que teñen un modelo: o modelo de agasallar todo o que é noso ás multinacionais. (*Aplausos.*)

Fronte ao modelo do Partido Popular, o modelo BNG, que blinde os centros de decisión en materia enerxética, en materia industrial, no público e en Galiza, entendendo dunha vez por todas que a enerxía debe estar ao servizo deste país e non ao servizo de catro, creando esa tan necesaria empresa enerxética cen por cento pública, que garanta a súa participación en toda a cadea de valor, dende a xestión á produción, á comercialización, ao I+D+i e metendo na cabeza dunha vez por todas que unha empresa cen por cento pública pode ser viable; porque temos o exemplo do Ente Vasco de Enerxía, cun beneficio este último ano de 40 millóns de euros.

En definitiva, fronte a dezaseis anos de espolio do Partido Popular, señorías, moito, moito máis BNG.

E aquí hai que tirar de hemeroteca, aínda que non lle gusta ao Partido Popular. Alá no ano 2021 A. Feijóo e o seu predecesor, o señor Conde, anunciaban máis de trescentos proxectos para acceder aos fondos Next Generation, preto de 20.000 millóns de euros de investimento, miles de empregos. Iso si, anunciárono ao estilo PP: nin se soubo que empresas tiñan a maioría dos proxectos nin como ían contribuír ao desenvolvemento deste país, ían xerar miles de empregos, pero, iso si, non definiron nin como nin onde nin cando. Isto, señorías, chámase política de anuncios.

Como os grandes proxectos industriais estratéxicos que foron anunciando dende o ano 2021 e que a día de hoxe respóndame, conselleira: ¿cantos empregos xeraron?, ¿canta riqueza trouxeron a este país?, ¿como contribuíron á dinamización do noso tecido empresarial? Si que formalizaron un, é verdade, formalizaron un, Recursos de Galicia, pero fixérono para poñer a xestión dos nosos recursos en mans terceiras.

Crearon instrumentos de planificación que, efectivamente, están moi ben, como o Plan estratéxico, a Axenda enerxética, instrumentos que incumpren constantemente e que ao final



acaban quedando en papel mollado e que substitúen por anuncios oportunistas, porque esta política a golpe de nota de prensa lévana tan metida no ADN, pero tan metida no ADN que non hai que ir moi lonxe. Vostede mesma hai pouco máis dun ano anunciaba unha *utility* con participación pública maioritaria para a xestión da nosa enerxía, maioritaria. Pero ¿que pasou? Que, despois dese retiro espiritual ou espirituoso —eu niso non me meto—, vemos que a realidade é unha comercializadora un 70 por cento privada. Anunciaron tamén uns plans directores, que son o seu gran prato forte, que veñen salvar os sectores declarados estratéxicos, pero que sinceramente están chegando tarde; e non llelo di o BNG, estállelo dicindo a automoción, estállelo dicindo o metal. Anuncios duns plans directores que xa nacen con toda a ambición recortada, lendo os actuais borradores que hai; as mesmas medidas, as mesmas prioridades, os mesmos obxectivos estratéxicos, como se os sectores non tiveran dinámicas de proceso, necesidades diferenciadas.

E dicimos que chegan tarde, efectivamente, porque a propia Lei de 2015 permitíalles poñer en marcha estas ferramentas, pero, unha vez máis, non quixeron. En definitiva, outro anuncio para esa galería de boas intencións que chegan tarde que ten na súa consellería.

Van dando bandazos e improvisando constantemente. Podemos poñer de exemplo a propia Lei de política industrial, que acabo de mencionar, onde xa fixeron cinco modificacións, imos pola sexta agora coa Lei de acompañamento. Na Lei do sector eólico de 2009 xa perdemos a conta das modificacións que fixeron e volven usar esta Lei de acompañamento para modificala. Usan esta lei para secuestrar todos os debates sobre as leis que afectan a vida e os empregos das galegas e dos galegos. É que, ademais, neste caso concreto no Plan sectorial eólico, é que o fan mal, porque nace con tantas excepcións que pouca orde vai traer.

Aquí o único culpable da parálise deste sector e do rexeitamento social que causan é o Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) Iso si, iso si, ben servís a quen lles manda, en lugar de modificar o canon eólico, que é un imposto autonómico, obrigan a repotenciar, pero aplican tantas bonificacións ás repotenciacións que van aforrar ese canon. Coas actuais bonificacións que se van aplicar, Galiza vai deixar de gañar preto de 1,5 millóns de euros. ¿Para quen gobernan vostedes, conselleira?

Poñen en valor a Oficina Económica como xanela única, argumento co que no BNG podemos estar de acordo ao cen por cento, pero logo crean tamén a Oficina de Coordinación Económica en Presidencia. Entón, ¿de quen son as competencias? ¿Quen asesora a quen?

Dende o noso grupo, dende o BNG, aseguramos que o futuro deste país pasa pola ciencia, pola tecnoloxía e pola innovación, e aquí infelizmente volven suspender. Xa non é só que o propio programa de innovación baixe para o vindeiro ano, é que, á parte, perden o control daAGAIN na súa consellería, e este programa de desenvolvemento é un programa que son incapaces de executar ano tras ano.

Todos estes xiros de rumbo, esta improvisación, fainos pensar que todas as reformas anteriores que fixeron son un auténtico fracaso. Bailan, conselleira, a un ritmo que só escoitan vostedes pero que deixa moi claro que non hai folla de ruta para a política industrial que precisa este país.



E remato xa, presidente, reformulando unha vez máis a afirmación que facía ao comezo desta intervención. Un país como Galiza, sen unha administración que faga política industrial autocentrada e defenda a soberanía dos nosos recursos, está condenado ao fracaso.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Lorenzo Gómez.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleira, por comparecer a petición propia e explicar as liñas estratéxicas da súa consellería. Sen dúbida ningunha, a carteira que vostede encabeza é vital para o futuro de Galicia nun momento chave, para o momento de reindustrialización que debemos afrontar, sendo conscientes, como ben dicía, da vantaxe que temos fronte a outros territorios, que nos permite xa ser un polo atractivo para as iniciativas empresariais, iniciativas que valoraran moi positivamente non só a nosa riqueza de recursos senón tamén o valor do noso capital humano, o noso tecido empresarial, cada vez máis e mellores infraestruturas e sobre todo a estabilidade política e institucional, que é unha das nosas grandes fortalezas.

Como ben dicía a conselleira, Galicia crece, e vostede acaba de corroboralo con cifras. Por outra banda, vemos o discurso catastrofista e rabioso da oposición, que non é quen de deixar a un lado a súa visión negada e valorar positivamente absolutamente nada do que faga o Goberno da Xunta de Galicia, e, por suposto, nada do que faga a súa consellería.

Señor Ruanova, ¿saben o que si é continuísta? O seu discurso. Levan vinte anos co mesmo discurso, señoría. (*Aplausos.*) Pero as cifras falan por si soas e deixan en evidencia o discurso caduco e demagóxico da oposición. No marco dunha reindustrialización a nivel europeo, con industrias que ou son verdes ou non o serán, a nosa Autonomía ten a oportunidade de converterse nun punto de referencia de economía verde, de oportunidades e de riqueza para o territorio, grazas a unha industria competitiva que demanda enerxías limpas e máis baratas. E para iso, señora Lorenzana, está claro que este goberno e a súa consellería ten unha folla de ruta ambiciosa e decidida, porque Galicia non se pode permitir volver perder o tren. E, por moito que algúns non fagan máis que enredar para que cheguemos tarde, non nos van apartar dos nosos obxectivos de atraer o poder investidor das empresas de fóra e tamén de consolidar as que xa están implantadas no noso territorio.

Unha folla de ruta marcada por un novo marco lexislativo que estará plenamente vixente nuns meses, recollido tanto na Lei de recursos naturais de Galicia como na Lei de orzamentos e a súa Lei de acompañamento, con medidas que nos van permitir, como vostede apuntaba, acometer a maior reforma en materia enerxética e industrial dos últimos anos en Galicia, e iso é unha visión a medio e longo prazo que cabe facer.

Pola contra, temos un discurso curtopracista que hoxe máis ben parece que veñen analizar os orzamentos do ano 2025 e non unha comparecencia de liñas estratéxicas. Porque xa toca,



logo de vinte anos dende a modificación do Plan eólico vixente e unha vez acadados os 6.500 megawatts entre parques en funcionamento e autorizados, e unha vez aprobada a Lei de recursos naturais, xa cómpre abordar unha nova planificación do sector eólico en Galicia; iso si, tendo moi presente ese binomio enerxía-industria, ademais de cumprir cos obxectivos marcados na nova lei, de que eses proxectos deben de deixar rendementos no territorio que se implanten.

Isto que acabo de dicir deberíamos de concordalo todos; de feito, os discursos de todos os grupos din o mesmo. Pois non, semella que non estamos de acordo, porque tanto nacionalistas como socialistas votaron en contra da Lei de recursos naturais, e non só iso, senón que cualificaron a lei de oportunidade perdida, de caixón de xastre, de despropósito lexislativo, etc. E agora fan o propio coa Lei de orzamentos e tamén coa Lei de medidas. ¿Saben o que lles pasa, señorías? Que a determinación desta conselleira e do Goberno galego á hora de afrontar este reto que se nos presenta colleunos a vostedes a contrapé, e aínda agora están tratando de recompoñerse e armar un discurso que os saque das súas propias contradicións, porque xa se lles caeron eses mantras de espolio e depredación. É máis, xa llo dicía a conselleira o luns pasado, agora ata semella que están vostedes preocupados polos intereses das grandes enerxéticas, chegan a falar incluso de *dumping* coas novas medidas anunciadas. Sinceramente, ¿de verdade pretenden manter un mínimo de credibilidade cara aos galegos?, ¿de verdade? (*Aplausos.*)

Afortunadamente, non temos que esperar a que vostedes se aclaren, porque o Goberno de Alfonso Rueda e Galicia seguen a funcionar, aportando solucións, ofrecendo a empresas o solo que precisan a custo cero, pero tamén innovando con esas figuras ZAP que acaba de amosarnos a conselleira. É vital captar os novos investidores, porque, se non atopan solucións en Galicia, iranse a outros territorios nos que lles dean máis facilidades, e, tendo en conta ese binomio enerxía-industria, seguirase avanzando para que os proxectos industriais que xa estean ou pretendan implantarse no noso territorio teñan acceso a prezos competitivos de enerxías de orixe renovable a través de RDG, e tamén para os galegos das zonas de implantación dos parques.

Coa acción firme e decidida da súa consellería, desmóntanse por fin os mantras da oposición: espolio eólico, alfombra vermella ás grandes eléctricas, maltrato ao territorio por parte do Goberno galego, etc., etc. Pero miren, a falta da súa altura política de socialistas e nacionalistas para defender os intereses da nosa terra, máis alá do discurso, certificouse, unha vez máis, con ese «non» a unha lei que suporá un antes e un despois no que se refire ao aproveitamento racional e eficiente dos nosos recursos na próxima década.

Como ben dixox, a nova planificación chega agora, non porque o diga a oposición, senón porque os avances tecnolóxicos e a realidade actual obrigan a actualizar a nosa normativa. E non temos dúbida dende o noso grupo de que se fará pensando no territorio e no futuro do país, lonxe do discurso interesado dalgúns grupos.

O exemplo claro é esa obriga de repotenciación dos parques actuais. Isto vai ter un impacto significativo no noso territorio, pois permitirá acadar a maior xeración de enerxía reducindo un 80 por cento o número de aeroxeradores nos vindeiros oito anos. Respondan: ¿acaso non



é positivo para Galicia pasar de tres mil aeroxeradores aos seiscentos? Deberían de responder esta pregunta, porque semella que vostedes están en contra das medidas que se presentan.

A Lei de medidas tamén acolle a modificación do canon eólico para protexer os concellos, entre outras cousas, que, de continuar como están, se verían prexudicados por unha perda de ingresos polas repotenciacións mencionadas; un novo canon eólico que seguirá gravando a afección ambiental pola evidente afección visual debido ao aumento da altura dos muíños. Non se gravará máis, pero si se evitará un prexuízo para os veciños. Tampouco se gravará menos, señor Ruanova. Do que se trata é de que cambiemos a mentalidade e pasemos de que os galegos que teñan un parque eólico na súa contorna pasen de estar afectados por un parque eólico a beneficiarse dun parque eólico. Tristemente, mentres a Xunta avanza, na oposición uns van co «non» por diante, coma sempre, e outros tratan de non molestar o seu xefe e servir ao ditado do que diga o señor Sánchez, que amosa, unha vez máis, unha e outra vez, o seu afán de penalizar Galicia, mentres vostedes non alzan a voz. Señora Iglesias, vostede alza moito a voz cando fala aquí, gustaríame saber canto alza a voz cando lle ten que reclamar ao seu partido que vele polos intereses de Galicia.

Por certo, que veña unha socialista a este Parlamento falar de falta de respecto aos xuíces é para facelo mirar, ¡eh!, é para facelo mirar. *(Aplausos.)*

Tragan cun ninguneo a Galicia que é constante, comprometendo fondos europeos a proxectos que están moitísimo menos maduros que os que plantexa Galicia, proxectos galegos aos que Sánchez di «non», negando a Galicia avanzar nas infraestruturas da rede eléctrica e tamén na infraestrutura de hidróxeno verde. Por non falar do rescate das autopistas noutros territorios, pero da AP-9 e da AP-53 non queren nin oír falar.

Señora conselleira, acaba vostede de corroborar que Galicia crece e, sobre todo, que Galicia ten un modelo claro para aproveitar ao máximo a oportunidade que nos brinda esta era da reindustrialización verde. Temos todo para ser un referente en aproveitamento dos nosos recursos de xeito compatible co medio e co avance económico e social do noso territorio. Dende o grupo maioritario da Cámara, o Grupo dos Populares de Galicia, valoramos moi positivamente as liñas estratéxicas para afrontar os retos presentes e futuros que hoxe nos explicou na súa comparecencia. Lamentablemente, unha vez máis, comprobamos como existe un negacionismo a un goberno da Xunta que vén amosando que é eficiente e capaz de facer que Galicia avance e que Galicia funcione.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, conselleira de Economía e Industria.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas, presidente.

Señor Ojea, comezo por intentar contestar as súas inquietudes, pero realmente case todo do que falo creo que xa o falamos na comparecencia de orzamentos e non pretende ser isto —



se ben, evidentemente, hai elementos vinculados — unha comparecencia para explicar os orzamentos da consellería.

Eu creo que non dixeron nunca que os orzamentos non se conciben pensando literalmente en criterios territoriais, pero, en calquera caso, simplemente sobre esa obsesión — permítame a expresión — pola provincia da Coruña, eu reitérolle que está vinculada con que o centro da Xunta de Galicia está en Santiago. E eses gastos en burocracia, dos que vostede fala, que eu prefiro falar de gastos en servizos administrativos aos cidadáns, pois están de xeito centralizado, porque así está concibida a Xunta de Galicia, en Santiago. Por iso esa hiperpresupostación na provincia da Coruña, penso que non nesta consellería, senón en todas as restantes. *(Aplausos.)*

Polo demais, pois, evidentemente, eu veño explicar as liñas estratéxicas tamén para Ourense, pero, como é unha comparecencia un pouco de estratexia política desta lexislatura para toda a comunidade, creo que ten que entendela na medida do posible.

Señora Iglesias, Partido Socialista, reitera outra vez o mesmo que me din sempre. Fala de inseguridade xurídica, de parches. Ben, eu creo que a Lei de recursos naturais pode gustarlle ou non; de feito, eu creo que non lles gusta porque, se non, a súa votación sería diferente; pero, en calquera caso, non é un parche, é unha lei de plena aplicación; é a lei que, efectivamente, propuxo o Goberno do Partido Popular para cambiar a estratexia enerxética e industrial da Comunidade; entón, non ten nada de parche. Outra cousa — repito — é que a vostede non lle guste.

Segue insistindo nos máis de setenta parques eólicos suspendidos en Galicia, si, pero se é todo o que ten que aportar... Hai setenta parques que están suspendidos en Galicia, evidentemente que temos que utilizar, e non sei, estou segura de que a miña compañeira non dixo exactamente iso que acaban de dicir, pero, en calquera caso, o que lle digo é que o Goberno vai usar a única vía que hai nun Estado democrático de dereito, que é a vía xudicial. Entón, eu non vou vir aquí falar dos setenta parques que están xudicializados, porque o que procede é que a Asesoría Xurídica loite no recurso de casación que está interposto no Tribunal Supremo. Entón, non sei que máis quere que eu lle aporte sobre os parques que están suspendidos. Eu estou traballando a futuro, non estou no pasado, nunha nova planificación estratéxica enerxética da Comunidade. Absoluto respecto ás resolucións da sección da Sala Contenciosa do Tribunal Superior de Xustiza, creo que o digo sempre; agora ben, xuridicamente estamos no noso dereito de combatelas, e por iso o estamos facendo. Nada máis que as canles legais existentes, que son as xudiciais, ningunha outra.

Fala todo o tempo da lealdade institucional e da cooperación administrativa, e que todo o que nós dicimos é culpar o Goberno central. Eu creo que mencionei exclusivamente o Goberno central na miña comparecencia nun tema en que teño clarísimo — e agora direi por que — que se está a equivocar, que é na xestión dos fondos Next Generation, e non soamente pola discriminación a Galicia, que si creo que hai, senón por como está xestionando; non o digo soamente eu; escoite e lea, por exemplo, a presidenta da Airef, que llo está dicindo ao Goberno; están xerando un problema a España de primeiro nivel, a medio e longo prazo, a nivel económico, un problema gravísimo.



Soamente mencionei o Estado respecto deses fondos para a automoción, nada máis. Pero o que eu si defendo, e non estamos de acordo, por suposto que defendo a lealdade institucional, creo que a temos, pero o que eu defendo é a cogobernanza deses fondos, e vou seguir defendendo a cogobernanza dos fondos. Vostedes queren que nós, as comunidades autónomas, sexamos unha especie de xestoría dos fondos europeos. E nós non. O Goberno da Xunta de Galicia defende que se descentralicen os fondos para as comunidades autónomas —no noso caso para Galicia— e que nós, que somos os que traballamos preto dos sectores estratéxicos, sexamos capaces de xestionar directamente eses fondos.

Entón, esa é a diferenza. ¿Lealdade institucional? Por suposto, pero é que a lealdade institucional non implica que o Goberno da Xunta se deixe aplastar polo Goberno central. (Aplausos.) nunca imos facer iso. E —repito— solicitamos cogobernanza dos fondos. E ¿sabe por que? Porque temos descentralizadas as competencias en materia industrial, en materia de políticas activas de emprego, en materia enerxética, en moitos ámbitos. Por todas esas razóns, como as temos descentralizadas, estamos nun Estado autonómico, teñen que ser descentralizados os fondos. E o que está facendo o Estado —e volvo utilizar a palabra— é secuestrar eses fondos cando non ten as competencias no Estado autonómico actual. (Aplausos.) E vostede, que moitas veces fala dos seus coñecementos xurídicos, que os ten, sabe de sobra que isto, o que estou dicindo, é así. Outra cousa é que, como milita no Partido Socialista e o Goberno central está dirixido polo Partido Socialista, non o pode vir recoñecer aquí.

Privatización dos recursos naturais coa sociedade RDG; é dicir, que ata o de agora —incluída a época do Bipartito— supoño que os parques eólicos, as minas, os saltos hidráulicos, todos estaban xestionados pola Xunta de Galicia. Porque non entendo nada. RDG vai privatizar os recursos, pero é que a xestión dos recursos naturais, pola normativa que regula cada un dos recursos, xa está privatizada. ¿De que está falando? É que é moi fácil facer demagogia con estas frases. Vostede sabe de sobra que non é así. (Aplausos.)

Compan parques eólicos que están suspendidos. Pero ¿como sabe vostede os parques? Eu non o sei. ¿Como sabe vostede os parques...? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah!, sábeo vostede, sábeo vostede, as negociacións que está efectuando a empresa RDG, que forman parte da confidencialidade do conselleiro delegado do consello de administración, ¿vostede sabe cales son os parques que se están comprando? Pero ¿como pode dicir iso? Se non se anunciou nin un só parque que se teña comprado por RGA, e vén aquí e afirma que compran parques eólicos que están suspendidos. ¿Por que di iso? É que ten que ter coidado co que está dicindo. Non se están comprando parques eólicos que están suspendidos, porque non hai ningún parque comprado. Non se pode afirmar estas cuestións de maneira tan absolutamente superficial, cando ademais non son certas, non son certas. (Aplausos.)

RDG, antes estaba Impulsa, agora non está. O outro día expliqueille, coa mellor das vontades, cal foi a estrutura de configuración desta sociedade. Vostede está facendo aquí unha demagogia —permítame a expresión— barata con esta cuestión. RDG é un proxecto de Impulsa e, como tal, constituíuse nunha sociedade por Impulsa para a posta á disposición das sociedades que investiron no capital. Creo que o outro día o entendeu e, de xeito deliberado, vén aquí outra vez a mesturar, e a mesturar e a mesturar RDG con Impulsa, a ver se desta maneira se crea algún tipo de sospeita con RDG, cando non hai nada máis que un 30 por cento



do capital da Xunta, un 70 por cento de trinta e dúas empresas non enerxéticas, non enerxéticas, que tamén o mesturaron nalgunha ocasión.

Vostedes cren na sociedade do benestar; na sociedade do benestar temos que seguir evolucionando na sociedade do benestar. Si, no Partido Popular e no Goberno da Xunta de Galicia créanme que non hai outra cousa para a que esteamos gobernando que para a sociedade do benestar. Pero, para continuar mantendo a sociedade de benestar, é esencial apoiar o desenvolvemento dos proxectos industriais. Non é posible conservar o estado de benestar actual, nin en Galicia nin en ningún territorio, se non hai desenvolvemento económico. A loita contra a pobreza, o mantemento dos servizos sociais, sanitarios e educativos que temos actualmente pasan polo desenvolvemento económico e industrial da Comunidade Autónoma (*Aplausos.*) e por esa razón teñen que seguir apoiando o desenvolvemento industrial. Non falar, que se lles enche a boca do estado do benestar, cando para conservalo se requiren recursos; recursos que ten que ter o Goberno a base de que as empresas se instalen nos territorios e xeren emprego e contribúan economicamente a crear país.

Paralización dos PIE, paralización dos PIE. Vostede eu creo que sabe a tramitación administrativa que leva un proxecto industrial estratéxico, figura creada a finais do ano pasado. Entre que se avalía preliminarmente e se fai a exposición pública, ¿como pode falar de paralización dos PIE? De verdade que non o entendo, non sei os cálculos que vostede está facendo.

Altri. Nós fixemos de Altri un proxecto político. O Partido Popular, o Goberno da Xunta fixo de Altri un proxecto político. ¡Home!, por favor, por favor. (*Aplausos.*) Non me estraña que... (*Murmurios.*) Aí concordamos, que dá a risa, non me estraña que lle dea a risa. O Partido Popular.

Os fondos Next soamente se poden dar avaliando o impacto no medio ambiente. Dígallo ao señor Sánchez. Porque a totalidade dos proxectos singulares, salvo Altri, que ten enviado á Unión Europea e que se teñen concedido con cargo a fondos Nex Generation non teñen a avaliación ambiental, por non dicir que algúns nin pensaron en comezar a avaliación ambiental. Salvo o de Altri. Por esa razón eu digo que está secuestrado o proxecto de Altri, porque o comportamento de Moncloa con este proxecto é absolutamente diferente de todos os outros proxectos.

Pregúntame pola viabilidade dun proxecto que precisa —referíndose a Altri— de 250 millóns de euros para a súa viabilidade. ¿Isto é viable? ¡Home!, pois non o sei, dependerá, ¿non? Se o proxecto é de 251 millóns, absurdo, por suposto que non é viable; se é de miles de millóns de euros, pois será viable. Entón, ¿cre que esta é unha pregunta para facerme aquí no pleno? Evidentemente que cando isto se declara como proxecto industrial estratéxico ten dous informes, un do Igape e outro da Cámara de Comercio da Coruña, que considera que o plan de negocio que presenta a sociedade é viable. Entón, non creo que isto sexa unha pregunta política para facerme aquí. ¿250 millóns? Pois como moitos proxectos que aprobou o señor Sánchez. O último creo que foron 450 millóns de euros de apoio directo con fondos Nex Generation. Pero, en cambio, os proxectos en Galicia teñen uns requisitos plus, uns requisitos a maiores dos que teñen os restantes proxectos en España.





Por estas razóns falo de discriminación a Galicia. É a miña responsabilidade, e tamén sería a súa, porque é do Partido Socialista de Galicia, velar polos proxectos que se van instalar en Galicia, non velar polo Partido Socialista en Madrid, que é o que están facendo, (*Aplausos.*) polo Goberno do señor Sánchez.

Inseguridade xurídica sobre a suspensión dos parques eólicos. ¿Cal é a súa proposta sobre —estou dicíndollo de verdade— os proxectos que están suspendidos? Porque sobre os novos temos un Plan eólico que se vai levar a cabo. Por suposto que o plan fala de dous anos. Máis de dous anos vai levar facer un Plan eólico. Pero á pregunta é: ¿cal é a crítica? Se non facemos o plan, porque non o facemos; se o facemos, é que vai levar dous anos. Leva máis, simplemente elaborar o borrador e facer unha adecuada tramitación ambiental estratéxica, que é o que leva o plan, evidentemente que leva máis.

Pero a crítica agora é que vai levar moito tempo. ¡Home! Entón, ¿cal é a súa solución para a suposta inseguridade xurídica que nós estamos creando para os oitenta parques? Porque repítolle que o que está facendo este goberno é utilizar a vía xudicial, que é a que cremos que temos que utilizar, pero se existe unha solución milagrosa para esa suspensión de parques, entre outros tramitados e sen modificación ningunha do plan durante a época do Bipartito, pois vostede pode dicila.

Pero é que eu non acabo de entender cal é o seu modelo. Dígolle o mesmo que lle digo ao Bloque Nacionalista Galego, é que non entendo cal é o modelo do Partido Socialista. Non o comprendo, máis alá de dicir que vostedes propuxeron o novo Plan eólico. Pero non se trata do que, senón de como facelo, porque todas as medidas que estamos presentando aquí exixen de moitísima lóxica e de moitísima estratexia, dende a propia lei ata todos os instrumentos que se están regulando a continuación, e o único que acabo de escoitar son críticas, moitas delas baseadas en políticas anteriores, e críticas que non teñen fundamento ningún nin vostedes argumentan. Entón, dígolle: por favor, ¿cal é a súa solución para a suspensión dos parques actualmente polo TSX de Galicia?

Señor Ruanova, modelo continuísta. ¡Home!, acepto por suposto todas as críticas ao modelo, pero continuísta... Acabo de anunciar: o 50 por cento da enerxía eólica de Galicia independízase no *pool* eléctrico do gas; o 50 por cento da enerxía eólica de Galicia dispoñibilízase para a pequena e mediana industria en Galicia.

Modelo que quen queren poñer os recursos de Galicia ao servizo das multinacionais. Acabamos de obrigar a parques eólicos por valor de tres mil megavatios, dos tres mil novecentos e pico que agora mesmo están instalados, a repotenciarse. O 80 por cento dos muíños vinculados a eses parques van estar repotenciados e van estar eliminados polo tanto nos próximos oito anos.

¿Vostede cre que me pode dicir que é un modelo continuísta? Dígolle o que lle dicía o deputado do Partido Popular: eu creo que teñen a crítica e van seguir con ela e non van cambiar. Critique o que estamos facendo, pero non me diga que este é un modelo continuísta, porque acabo de anunciar dez medidas en política industrial e enerxética que son medidas de calado, que poden saír ben, mal ou regular. Acéptolle toda esa crítica, que é a que ten que facer, pero



non me diga que non estamos facendo política e que non temos estratexia, porque iso si que non llo acepto.

Lei de recursos. Permite que calquera fondo de investimento veña sacar tallada do que é noso, agasallar todo o que é noso ás multinacionais, e mestúrao co *lobby* eléctrico, ben, as empresas pasteiras... Imos ver, ou non dialogamos co sector eléctrico ou si, pero o que non acepto —e volvo ao mesmo— é que non me queda claro. Vostedes pensan que nós estamos apoiando o *lobby* eléctrico ou que non estamos dialogando co *lobby* eléctrico, porque non o entendo. Están defendendo, e se é así, é lexítimo, os intereses das eléctricas, e cren que non estamos dialogando adecuadamente con elas ou que son medidas que non están adecuadamente proporcionadas. Se é así, dígao, e se non, non entendo por que din que non dialogamos cos sectores e en particular co sector eléctrico.

Segundo. A Lei de recursos non permite que calquera empresa veña aquí facerse con todo o que é noso, ou calquera multinacional. É todo o contrario. A Lei de recursos é o que permite, si, efectivamente, a calquera empresa que poida aproveitar os recursos naturais de Galicia, pero ponlle unha condición que non existe en ningún outro territorio en España: que parte do beneficio que obteña sexa para Galicia, para os consumidores galegos, para as empresas galegas, para os concellos galegos. Esa é a diferenza.

E hai algo aquí no que evidentemente nunca imos concordar vostedes e nós, que é esa sospeita continuada polo privado, esa sospeita continuada pola empresa. Nós apoiamos as empresas e cremos que as empresas teñen que vir a Galicia. Outra cousa é que temos que gobernar, e se unha eléctrica vén a Galicia vai facelo como lle di o Goberno da Xunta, deixando o 50 por cento da enerxía para os galegos, pero iso non quere dicir que botemos fóra as empresas.

Entón, aquí trátase, segundo a súa teoría e o seu modelo, que tampouco —repito— entendo cal é, que as empresas non entren en Galicia, e calquera proxecto que estea levado a cabo por unha empresa supón demonizala porque está sacando tallada do que é noso. Non, porque a Lei de recursos está dicindo todo o contrario.

De verdade que a min me gustaría saber tamén cal é o modelo do BNG. Xa abandonaron —creo, porque non o está mencionando— aquelas ideas da tarifa eléctrica galega. É que non se trata do que se quere facer senón de como. Dígolle o mesmo que á señora Iglesias. Todo iso nunca o desenvolveron. ¿Como pensaban realmente incorporar no ordenamento xurídico do sector eléctrico nacional o que estaban plantexando?

Por non dicir da súa xestión do solo industrial da época do Bipartito. Se quere, falamos diso. Investiron millóns de euros en adquirir solo industrial que estaba sen urbanizar, sen modificar as planificacións urbanísticas e que logo demostrouse que non se podía urbanizar, porque unha cousa é ter a idea e outra desenvovela. Para poder facer iso tiña que ter figuras urbanísticas ou territoriais de carácter industrial que lle permitisen realmente que esas industrias se puidesen instalar no territorio. (*Aplausos.*) Gastaron millóns de euros naquela época do Bipartito. Iso si que foi un desastre de xestión pública, para un solo que logo nunca se puido executar, nunca.



Logo falaron —ben, eu non entendín; se mo explica agora no seguinte turno— de bonificacións para o sector eólico, e que entón, segundo vostede o entende, pois o canon eólico non vai valer para nada. Non entendín o que acaba de dicir. Eu o único que lle podo garantir é que a modificación do canon eólico vai contrarrestar as repotenciacións, de xeito que as compensacións ambientais —que é o que dixen antes— sexan idénticas ás que hai agora, co cal quede tranquilo, porque lle aseguro que as grandes eléctricas ás que vostede se refire non van sacar ningunha tallada —utilizando a súa linguaxe— das bonificacións que vostede di que regulamos para o sector eólico.

Ben, eu nas cuestións que falaba tampouco quero determe moito máis. Respecto da Again, creo que xa lle expliquei na comparecencia de orzamentos que as competencias de innovación empresarial que quedan nesta consellería están adecuadamente reguladas. É a primeira vez na historia que o Igape ten competencias de innovación. Creouse unha área de innovación cuns programas específicos e é a primeira vez que o Igape ten orzamento específico para a innovación das empresas. Non vou seguir aquí, porque creo que o expliquei perfectamente e que o podo explicar na Comisión 3ª.

E logo a Oficina Económica de Galicia. ¡Home!, preocúpame que vostede non entenda a estrutura, pero tamén lle digo que estou bastante tranquila, porque hai case dez mil empresas que dende que se puxo en marcha hai uns meses, no mes de abril-maio, xa se dirixiron á Oficina Económica de Galicia; entón, parece que esa estrutura que non entende o BNG as empresas galegas a entenderon perfectamente, e como este é un instrumento para as empresas, pois dígolle que estou bastante tranquila neste sentido.

Quero dicir, simplemente para rematar este turno, como dicía antes, no primeiro turno de intervención, que as estratexias e a política que estamos presentando é unha política que vai aliñada co que está facendo a Unión Europea, e quero ler aquí algúns fragmentos do informe Draghi, que son exactamente acaídos para as cuestións que eu acabo de explicarlle, que están ou ben na Lei de recursos ou ben nas medidas que estamos articulando.

O informe advirte, en primeiro lugar, que, se Europa non pode volverse máis produtiva, verémonos obrigados a elixir. Non poderemos converternos á vez en líderes en novas tecnoloxías, nun faro de responsabilidade climática e nun actor independente no escenario mundial. Non poderemos financiar o noso modelo social; teremos que reducir algunhas, senón todas as nosas ambicións, e este é un desafío existencial. A única maneira de afrontar este desafío é crecer e ser máis produtivos, preservando os nosos valores de equidade e inclusión social, e a única maneira de ser máis produtivos é que Europa cambie radicalmente.

Ben, no Goberno non podemos estar máis de acordo. Temos que acadar o crecemento industrial de Galicia para poder conservar e manter o nivel das nosas políticas sociais, e para isto é imprescindible que se asentem proxectos industriais estratéxicos na comunidade.

Estamos convencidos de que a industria non é incompatible co medio ambiente, e para conseguir isto evidentemente temos que traballar, temos que traballar nunha adecuada planificación e localización do solo industrial, e temos que acomodar a localización das nosas industrias á planificación enerxética que estamos facendo na nosa comunidade.



O informe sinala que, se os ambiciosos obxectivos climáticos de Europa van acompañados dun plan coherente para alcanzalos, a descarbonización será unha oportunidade para Europa; de aí a planificación eólica, que aumentará a potencia e reducirá o impacto ambiental; de aí a estratexia da repotenciación dos parques máis antigos; de aí obrigar os promotores a que deixen ese 50 por cento da enerxía eólica en Galicia.

O informe di: «Sen un plan para transferir os beneficios da descarbonización aos usuarios finais, os prezos da enerxía seguirán lastrando o crecemento». Principal obxectivo este da Lei de recursos naturais: asegurar que todo proxecto enerxético que se queira desenvolver en Galicia xere beneficios sociais e económicos á comunidade; de aí o instrumento de RDG; de aí a súa comercializadora, que vai vender o 100 por cento da súa enerxía a prezos máis baratos en Galicia, para pemes e consumidores e veciños ao redor dos parques nos que entre.

O informe Draghi tamén incide na necesidade de reducir a dependencia; neste caso léolles un extracto soamente deste ámbito: «O obxectivo da estratexia industrial europea debe ser reducir as dependencias estratéxicas, asegurando o acceso a materias primas críticas». Por iso a estratexia da minería que lles acabo de presentar, por iso a convocatoria dos concursos dos dereitos mineiros caducados, por iso os proxectos estratéxicos ligados á madeira, as compensacións ligadas aos mercados voluntarios de créditos de carbono e por iso tamén ese 50 por cento da enerxía eólica para Galicia.

Remato xa cunha última frase do informe, onde din: «Chegamos a un punto no que, sen acción, teremos que comprometer o noso benestar, o noso medio ambiente ou a nosa liberdade». Pois isto é o que pensa o Goberno de Galicia: temos que ter acción, a acción está detrás de cada unha destas medidas que lles acabo de contar e cremos realmente que a acción é o único que nos vai levar ao desenvolvemento real de Galicia —repito— no medio e longo prazo, que é no que está pensando este goberno.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Renuncia ao turno.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Señora Lorenzana, en Galicia crecemos —como dicía ao principio—, certo —non podo negalo, evidentemente—, pero crecemos a un ritmo moito máis lento, mentres os nosos servizos públicos se debilitan, que tamén nos importa aos socialistas de Galicia.



Evidentemente, hai un aumento dos concertos en sanidade privada e privatización do coitado dos nosos maiores, dos nosos dependentes. A asfixia dos concellos galegos é insoprotible, que asumen competencias que non lles corresponden; por unha man piden máis do sistema de financiamento autonómico pero, pola outra, asfixian os concellos galegos con só apenas 6 millóns de euros de incremento no fondo non condicionado.

Evidentemente, mentres, señora conselleira, baixan tamén os impostos ás rendas máis altas; cifraron 751 millóns de euros de renuncia no Proxecto de lei de orzamentos de 2025.

Os servizos asistenciais, como a sanidade, sofren subas claramente insuficientes; en concreto, a atención primaria só medra un 5,4 por cento e a hospitalaria, 5,08 por cento, mentres as partidas de alta dirección aumentan máis do 21 por cento, señora Lorenzana.

Señor Lorenzo, cunha man piden a gratuidade da AP-9 e a transferencia e, pola outra, rescatana; pero na AG-55, Carballo-A Coruña, ben que van subir as peaxes o 1 de decembro de 2025. Explíquelles aos carballese se están de acordo con iso.

E tamén o tema de infraestruturas eléctricas, do que se falou. Grazas ao Goberno e á Alcaldía de Vigo temos unha infraestrutura de alta tensión que lle dá servizo a Stellantis; Xunta, o Goberno de España, 1. (*Aplausos.*)

Evidentemente, o peso da economía galega está moi lonxe do obxectivo do 20 por cento, señora conselleira; ao redor dun 17 por cento estamos en tema de PIB industrial. Debería o Goberno galego fixarse ese reto de país. E nós imos apoiar porque —como dixen— a política industrial e enerxética do Partido Socialista en Galicia é unha das nosas prioridades e seraa nesta lexislatura.

E tamén falaba da colaboración institucional, claro que falaba da colaboración institucional. Creo que é a chave, señora conselleira, creo que é a chave non facer oposición á oposición, esa lealdade e esa colaboración interadministrativa. Non me pode negar 4.000 millóns de euros do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que están aquí, aquí en Galicia, señora conselleira; corenta mil empresas beneficiadas, doce PERTE, participamos en nove, sesenta e tres proxectos. En materia de transición enerxética chegaron 636 millóns en axudas e cerca de 200 millóns de investimento; 5 para o hidróxeno verde, 24 para repotenciacións de parques eólicos, hidroeléctricas e de tecnoloxías sostibles. Apuntaba tamén aquí o polo de innovación da enerxía eólica mariña en Ferrol, no CIF, medida —recoñecerá tamén— do alcalde socialista de Ferrol, Ángel Mato, que tamén copiaron.

Pero recoñézao. Evidentemente, con esas medidas que poñemos para nós é prioritaria a política industrial e enerxética no noso país. Aposten por esa colaboración institucional e non fagan como o irmán pequeno do zume de Zumosol, que se consideran máis pequeniños aquí.

Do autogoberno fala. Cero competencias nos dezaseis anos que levan no Goberno; non se reuniu nunha soa vez a Comisión bilateral de transferencias, cero competencias reclamadas ao Estado. ¿Como me poden falar de autogoberno, ¡por favor!?



É urxente facer unha política enerxética dos nosos recursos naturais. A sociedade Recursos de Galicia é unha sociedade privada, nós falamos dun control 100 por cento público; non pechamos a porta, evidentemente, a proxectos nos que exista unha colaboración público-privada. Pero a sociedade Recursos de Galicia non é pública, non hai un control público, señora conselleira. ¿Por que? Porque non confían no público, na eficiencia do público.

Sempre falan de desburocratizar, dos temas de procedemento. ¿Desconfían dos empregados públicos? ¿Desconfían de potenciar o Inega? A EPE, a empresa pública de enerxía —que me dixo que era moi similar—, evidentemente, hai un control 100 por cento público, participa en proxectos e en filiais.

E de proxectos estratéxicos para os sectores industriais hai modelos diferentes, señora conselleira. O seu, evidentemente, é privatizar os nosos recursos naturais, é evidente.

A realidade é que de primeira potencia eólica estamos en cuarto lugar, e despois non teñen nada de culpa, hai cero autocrítica. Setenta parques eólicos suspendidos. Evidentemente que se arrastra esa suspensión do concurso eólico do Bipartito, presidido por Pérez Touriño, 2.325 megavatios, e deixárono fóra por un capricho do señor Feijóo; que, por certo, sabe que se declarou ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Tribunal Supremo. Cero de responsabilidade política por —digamos— non mirar polos intereses dos galegos e mirar polos intereses do PPdeG, señora Lorenzana.

Evidentemente, falemos tamén do sector mineiro, do tema das medidas que se fan. Evidentemente, é precisa e urxente unha planificación; non se pode empezar a facer a casa polo tellado, señora conselleira, hai que empezar polos cimentos, que é planificar de forma estratéxica.

Evidentemente, a mina de Penouta, concedeuse unha vía favorable en cota cero de Rede Natura, de protección ZEPa; e, o máis grave, as análises feitas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil amosan niveis de concentración de metais pesados alarmantes. Por iso, abríronse dilixencias penais. En concreto, de cadmio superan 112,5 veces o valor máximo permitido para o consumo humano.

Señora conselleira, ¿estamos de verdade nun Goberno galego do que nos podemos fiar? ¿Estamos de verdade nun Goberno galego do que nos podemos fiar nun pleno século XXI?

E fala da planificación do sector eólico. Eu o que digo é que había que facelo antes. Temos parques eólicos suspendidos de hai cerca de dous anos, onde xa se estaban dando pistas de que había que facer unha nova planificación sectorial eólica con criterios de sustentabilidade ambiental; xa o estaba dicindo; hai un documento do Miteco do 1 de decembro de 2020 —catro anos, señora conselleira— no que se dicía que se tiña que ter acollido e facer caso desa zonificación en zonas aptas e non aptas, como fixeron en Aragón, como fixo Valencia e como fixo Castela-León. Pero nós non, nós non, porque, claro...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora IGLESIAS REY:** ...o Estado sempre é o malo. Diso é do que falo: anticipación, señora conselleira. O Plan sectorial eólico de Galicia chega tarde, mal e arrastro. E, por encima, mete na ecuación da partida de xadrez a repotenciación obrigatoria. A inseguridade xurídica aumenta —claro que estamos de acordo coa repotenciación— ao estar as zonas de desenvolvemento acelerado que exige a directiva; por certo, esa directiva que hai que traspoñer en maio de 2025 e que fan de novo pola porta de atrás da Lei de medidas e non polo Proxecto de lei de recursos de Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...que nin se menciona.

Señora conselleira, tarde, mal e arrastro, sen estratexia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora IGLESIAS REY:** ...e sen unha política económica enerxética recoñecible no noso país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iglesias.

Saudamos os alumnos de formación profesional media e superior do IES María Sarmiento, de Viveiro, e tamén os seus profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Brais Ruanova.

**O señor RUANOVA VILAS-BOAS:** Moitas grazas, presidente.

Señora Lorenzana, se quere, o próximo día pode pedir unha interpelación ao grupo da oposición do BNG e respondémoslle a todas as preguntas sen límite de tempo. *(Aplausos.)*

Fala de que o seu modelo non é continuísta. Entón, ¿que é? ¿Rupturista? Estalle facendo oposición ao antigo conselleiro, o señor Conde.

No tema da eólica, moi brevemente, por un comentario que fixo vostede. Fan cambios que son aparentes, pero logo aceleran parques eólicos que están rexidos pola normativa antiga. Cando nós criticamos o modelo, é porque vemos como están entregando os nosos recursos —como dixemos antes— en bandexa de prata, e entregan tamén as decisións sobre as cuestións que afectan a vida das galegas a terceiros, e fano constantemente. Iso é continuísta. Xa llo dixemos a semana pasada. A súa consellería resúmese nun ente que transfire todas as decisións en materia de enerxía, en materia de industria, a terceiros, que decide relegar as decisións estratéxicas a terceiras persoas.

Gustaríame falar dos sectores produtivos, porque realmente fai fincapé en apostar por sectores que son estratéxicos. Coincidimos en que hai sectores que son estratéxicos; xa nomeei



a automoción, xa nomeei o naval. E repítolle o do naval: relegan todo á construción e unha parte moi pequena ao I+D para a eólica *offshore*, pero nada de manter ese coñecemento e manter ese emprego a longo prazo cun centro de reparacións navais. Nada de que a Xunta de Galiza tome parte no Consello de Navantia para poder decidir sobre un estaleiro fundamental no noso país.

Nin nomearon a cadea mar-industria, un sector que debería ser declarado estratéxico e que non o declararon, e hai que apostar por toda a cadea de valor deste sector como xerador indiscutible de valor engadido aos produtos do mar.

E, respecto do mar, hai que protexer a nosa pesca como un sector económico fundamental, e hai que facelo por riba dos intereses de calquera multinacional con aspiracións de seguir chuchando o noso vento a través da eólica *offshore*.

Falou do forestal. Efectivamente, debemos poñer o noso monte a producir, tamén entendendo que o noso monte é máis que explotación forestal. Pero, no caso desta, fala de pechar ciclos, pero o que non pode ser é que se pechen ciclos como materias primas para exportar para fóra; hai que producir bens de consumo, que é fundamental.

Respecto da minaría, aí a Lei de acompañamento úsana unha vez máis para condicionar a percepción que temos sobre a minaría. Fano coa fórmula de municipios mineiros, que entre todas as condicións podemos atopar que, con que haxa materias primas críticas, declaradas críticas pola Unión Europea, xa pode ser declarado municipio mineiro. Fano tamén a través da TVG, anunciando que a xente pode entregar o seu currículo á mina de Touro, sen que estea aberta; é algo que non nos entra na cabeza.

Privatizan, e privatizan moito, señora conselleira. Prefiren acudir ao modelo de privatización para todo, dende o hospital da principal cidade deste país ata as decisións en materia de enerxía. Non teñen fin en obedecer a quen lles manda. Lembremos que o noso vento ten nome propio: Iberdrola, Acciona, Enel Green Power, Eurovento, Gas Natural Fenosa, EDP, Elecnor, todos de capital estranxeiro. Porque, por moito que insistan nesa idea de que o BNG está contra todo, dígame: ¿a cantos proxectos presentamos alegacións? ¿Cantas veces traemos a este Parlamento temas en favor dos nosos sectores produtivos? Vostede pode vir aquí hoxe con todas as boas intencións que queira, que cando saia por esa porta xa se encargará o seu grupo de botar abaixo toda canta proposta traíamos a este Parlamento. *(Aplausos.)*

Aquí os únicos que deberían sentir vergoña de vender este país a prezos de a saldo son vostedes, porque hai imaxes que valen, *(O señor Ruanova Vilas-Boas mostra unha fotografía.)* as imaxes dunha aperta que vendeu todo un país; unha rebaixa que fixeron, conselleira.

E xa que estamos preto do *Black Friday*, falar das rebaixas do PP —e non imos falar das rebaixas ás grandes fortunas, que tamén, pero sabemos que non é competencia súa—: a rebaixa en declaración de proxecto industrial estratéxico. De 2015 até hoxe en día fóronse rebaixando as condicións para poder ser declarado PIE de douscentos cincuenta empregos directos a vinte e cinco, de 50 millóns de investimento a 800.000. Se é por vostedes, dentro de pouco un posto de castañas vai ser declarado proxecto industrial estratéxico, *(Risos.)* un posto de castañas





que leve algún amigote do Partido Popular. Porque din que Altri non é un proxecto político, pero igual habería que preguntarlle a Beatriz Mato Otero se pensa o mesmo. *(Aplausos.)*

Non quería rematar sen falar de algo que afecta directamente a súa consellería, que é o bono social térmico. O complemento autonómico elimínano o ano pasado, non o contemplan este ano. E vanglóríanse porque son a única comunidade —segundo vostedes— que teñen o bono social eléctrico, que recortan á metade para 2025; recortan a partida de axudas contra cortes de subministración á metade. Isto todo tendo que ler informes como o do estado da pobreza de Galiza, que di que un 25,5 por cento de galegas están en risco de exclusión social. Hai que pensar nas persoas e non só nas eléctricas.

Remato xa. Por iso, fronte aos bandazos e á improvisación da súa consellería, a seriedade; fronte ás promesas incumpridas e aos anuncios e á política a golpe de nota de prensa, medidas e apostas concretas en favor da nosa economía; fronte a poñer os recursos de Galiza ao servizo duns poucos, o modelo de poñer os recursos ao servizo de Galiza. *(Aplausos.)* En definitiva —e agora si que remato, presidente—, fronte ao Partido Popular das apertas que venden todo un país, unha única palabra: soberanía.

Moito obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Lorenzo Gómez.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Grazas, presidente.

Señora Iglesias, o Fondo de Cooperación Local ¿sobe ou non sobe? Porque vostede acaba de dicir aquí agora mesmo que o Fondo de Cooperación sobe este ano, e os que levamos aquí uns anos levamos escoitándolle ao seu grupo dicir unha e outra vez que o Fondo de Cooperación Local está conxelado; ¡aclárense!

E gustaríame que se informase do que votou o seu grupo municipal en Carballo con respecto á AP-9 e á AP-53; infórmese e logo falamos.

Tamén me gustaría que, para falar de Carballo, fose máis alí, ademais de irse sacar fotos, porque é moi bonito ir acompañar o señor Besteiro a facer demagogia e a sacar fotos sempre no mesmo sitio e acompañarse dos seus portavoces, pero ao mellor hai que ir escoitar máis a xente e saber máis do que é Carballo antes de falar porque si. *(Aplausos.)*

Mire, eu teño dúbidas de se vostede sabe o que é o mix enerxético, porque a súa teima co eólico é brutal; de verdade, está centrada no eólico como se non houbera outra cousa, porque sabe perfectamente que é algo que non depende do Goberno da Xunta de Galicia, porque sabe perfectamente que está o tema xudicializado, e por iso vostede segue incidindo unha e outra vez niso.

Mire, señor Ruanova, seguen erre que erre, ¡eh!, non mudan o seu discurso, ¡seguen erre que erre! Mire, xa llo dixó a conselleira: quedánlles tres anos por diante, quedannos tres



anos por diante. Teñen tempo para cambiar o discurso. Estrañaríame que o fixeran, porque, logo de vinte anos sen cambialo, vailles custar un montón. Teñen tres anos, eu invítoos. Pero tamén os invito a que intenten e dediquen un pouco de tempo a facer unha oposición a Galicia —a Galicia tamén a fan—, pero unha oposición ao Partido Popular e ao Goberno da Xunta de Galicia máis construtiva; non estaría de máis que fixesen unha política e unha oposición máis construtiva. Porque xa llo dicía a conselleira: vostedes si que teñen un proxecto político con Altri, fixérono seu. Agora é certo que levan unhas semanas moi tranquilos, prefiren seguir desacreditando o noso galego, prefiren seguir desacreditando a nosa Televisión pública, prefiren centrar esforzos, e non só políticos senón tamén económicos, en pagar campañas para desacreditar os nosos medios públicos.

Mire, señora conselleira, vostede preguntaba cal é o modelo do BNG, e mire, eu voulle intentar explicar un pouco cal é o modelo do BNG. Mire, aquí temos unha foto (*O señor Lorenzo Gómez mostra unha fotografía.*) da señora Pontón cunha pancarta e algún membro do Grupo do Bloque Nacionalista Galego: «Alcoa, defendamos o noso emprego»; por certo, Alcoa, que leva moito tempo sen saír pola boca dalgúns dos que aquí se rasgaban as vestiduras coa situación de Alcoa. Aquí pedían a defensa do emprego de Alcoa. Pero, vamos, logo aquí temos outra imaxe, (*O señor Lorenzo Gómez mostra unha fotografía.*) tamén do BNG, mesma tipografía, mesma pancarta, mesmas cores: «Nin espolio nin depredación, contra a instalación dos parques eólicos». ¿Con que BNG nos quedamos? ¿Con cal dos dous? (*O señor Lorenzo Gómez mostra dúas fotografías.*) ¿Co que se reúne co comité de empresa pola mañá e pide que se manteña o emprego en Alcoa ou co que se manifesta contra os parques eólicos, que van ser os que dean solución ao acceso á enerxía a prezos máis competitivos para manter a fábrica de Alcoa en funcionamento? (*Aplausos.*)

Si, señores, cinco parques de competencia estatal que ese goberno que vostedes sosteñen deixou caducar. E veñen aquí tanto socialistas como nacionalistas dar leccións ao Grupo do Partido Popular. «*El Gobierno admite que la declaración ambiental de cinco parques eólicos para Alcoa fue fuera de plazo. El Gobierno admite que llegó tarde con la tramitación de los cinco parques eólicos para Alcoa en San Cibrao*». Señorías, cáenselles os mantras e cáenselles os argumentos. Miren, a Xunta de Galicia si autorizou en prazo os parques da súa competencia e tamén deu o visto bo á ampliación da balsa de lodos de Alcoa. Ao BNG xa o vemos como sempre coas súas contradicións.

Pero ¿que fai o PSdeG? Pois miren, o señor Besteiro hai un ano, hai un ano, foi reunirse co comité de empresa e comprometeu a autorización destes parques dos que lles acabo de informar, parques de competencia estatal, comprometeu a autorización destes parques que son vitais para a continuidade de Alcoa. ¿Onde está o señor Besteiro? ¿Onde están as promesas do señor Besteiro cos traballadores da Mariña?, ¿onde están? Pois ben, mentres que a Xunta cumpre, vostedes o único que fan é enganar e manipular. ¿Sábese algo do estatuto das electointensivas prometido?

Señorías, con estes mimbres, ¿vostedes cren que están no bo camiño para pedir diálogo e consenso?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor LORENZO GÓMEZ:** Xa remato, presidente.

Conselleira, desde o Grupo dos Populares de Galicia non podemos facer outra cousa que transmitirle todo o noso apoio, o apoio do grupo maioritario desta Cámara, para seguir traballando por e para Galicia, eliminar burocracia, axilizar prazos, impulsar e atraer proxectos industriais necesarios para Galicia, e continuar acompañando o noso tecido empresarial, que é chave —como ben dicía vostede— para maximizar o rendemento dos nosos recursos, das nosas empresas e do noso talento, en definitiva, das nosas xentes.

Hoxe, coa súa comparecencia, quedou evidenciado o modelo que o Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular ten para Galicia, para que Galicia conte na vindeira década cunha política enerxética industrial que velará ante todo polos intereses dos galegos e das galegas.

Moitas grazas por vir hoxe aclararnos cales son as liñas estratéxicas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta comparecencia, conselleira de Economía e Industria.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Ben, vou aclarar algunhas cuestións a maiores que comentaron. Agradecer a todos, coma sempre, as súas intervencións e comentarios, e despois xa facer un breve peche.

Señora Iglesias, transferencias a concellos galegos. Somos sospeitosos o Goberno da Xunta de non incrementar as transferencias a concellos galegos. ¿Sabe canto creceron dende o ano 2009? Un 38 por cento, si. ¿Saben canto creceu este ano? Un 6,3 por cento. 641 millóns destinados a transferencias a concellos galegos —que son necesarias, por iso están aí—, pero un crecemento de case un 40 por certo dende o ano 2009.

Políticas sociais, gasto social, 3 de cada 4 euros do orzamento da Xunta de Galicia é gasto social, son políticas sociais; máis de 10.000 millóns de euros no que é gasto social estritamente: sanidade, servizos sociais e educación. A maiores, 221 millóns que crece o orzamento de vivenda. ¿Como pode vir dicir aquí o reflexo de que a Xunta de Galicia está investindo en políticas sociais? É a nosa folla de ruta —que en Galicia si a temos—, que son os orzamentos.

Ben, insiste na colaboración institucional e a lealdade institucional. Eu repítole que son dúas cousas diferentes, e non me cansarei de dicirlllo.

Eu non falei do autogoberno; cando queira, falamos do autogoberno, pero non falei de autogoberno, falei de cogobernanza coas competencias que agora mesmo temos polo Estatuto de autonomía actual. Non saquei para nada novas competencias. ¿Que ocorre? Que eu estou absolutamente convencida de que o Goberno actual do Partido Socialista en Madrid é o máis centralista da historia e está no límite do que constitucionalmente son as competencias asu-



midas polas comunidades autónomas. E o exemplo palmario é a xestión dos fondos Next Generation, e por iso llo digo, porque creo que temos que ter unha cogobernanza nas competencias que ten esta comunidade autónoma. Cousa distinta é falar de novas competencias. Eu non falei diso para nada.

Máis dun 35 por cento dos PERTE —que é o mecanismo que o Goberno está empregando para xestionar estes fondos— están sen convocar sequera. E a vostede éncheselle a boca de dicir a cantidade de millóns de euros que chegaron a concellos, a particulares. A ver se logro explicarme. Eu estou falando dunha mala xestión —por suposto, dende o punto de vista cuantitativo, creo que co tempo que levamos do programa operativo en cuestión debería de estar ao 100 por cento repartido, por utilizar termos coloquiais—, pero creo que hai unha cuestión moito máis profunda que todo isto. Por iso, de verdade que a animo a que escoite a presidenta da Airef: están xestionando estes fondos nunha porcentaxe elevadísima para gasto corrente, cando son fondos —e vostede dicíao— para a transformación da empresa, dos procesos produtivos, cousa que non están facendo noutros estados de Europa; co cal, evidentemente, ese gasto corrente continuado que se está levando a cabo claro que está xerando un crecemento económico a curto prazo, pero a medio e longo prazo non están destinando estes fondos aos investimentos que realmente deberían facerse por parte das empresas; se non, fíxese vostede na porcentaxe de investimento que teñen as empresas en España. Aí é onde tiñan que ir os fondos Next Generation e non están indo. Esa é a crítica que eu estou facendo.

Pero vostedes —e nese sentido si que son absolutamente seguidistas do que lles está dicindo Madrid— teñen que defender —porque esta é a norma que vostedes teñen— as políticas que está facendo o Goberno socialista en Madrid, e nin por un momento están pensando no tecido produtivo de Galicia, e iso é a gravidade da política que están facendo.

Mire, a política de desburocratización que está facendo todo o Goberno da Xunta, en particular esta consellería, é unha política pensada na multiplicidade de trámites administrativos e na redución destes trámites. Eu creo que nin vostede se cre o que dixó aquí; é que é unha demagogia sublime dicir que facemos esta política e eu, en particular, por desconfianza aos empregados públicos. ¡Home!, ¿vostede de verdade intimamente cre que eu teño unha desconfianza aos empregados públicos? Non o cre, evidentemente que non o cre, pero é unha maneira de darlle a volta, a ver se poñemos os empregados públicos contra a Consellería de Economía. ¡Home!, é unha política de desburocratización na que creo firmemente. ¿E sabe o que lle pasa ao Partido Socialista? Que ten que estar máis na rúa e que ten que falar coas empresas. (*Aplausos.*) Pregúntelles ás empresas qué están reclamando ás administracións, non á galega só, á europea e ás administracións nacionais. (*Aplausos.*) Estamos cheos de trámites administrativos. Iso non é unha política de desconfianza aos funcionarios públicos. Nada do que estamos facendo agora nesta consellería nin o que levo feito en toda a xestión que levo na Xunta de Galicia sería posible sen o traballo inxente de todos e cada un dos funcionarios. Unha cousa é o traballo dos funcionarios e outra é a racionalización de trámites, que creo que non teñen nada que ver.

Ben, vostede insiste, de verdade que eu non sei se se está promocionando para o TSX ou para o Tribunal Supremo, debe de ser algo así, porque do único que fala é de procedementos xu-



diciais. É que é unha cousa increíble. Soamente fala diso, de verdade, debe de estar nunha carreira diferente e eu perdinme, porque, se non, cada vez que fala vén aquí falar de temas que están xudicializados. E eu volvo dicirlle que, como están xudicializados, imos utilizar as vías previstas no Estado de dereito. Nin vostede nin eu, de momento polo menos, somos xuíces; entón, imos falar vostede como deputada e eu como conselleira, que creo que estamos mellor así. (*Aplausos.*) Non nos pronunciemos sobre o que está traballando a xudicatura, salvo que me perdesse algo.

Repotenciacións. Están de acordo pero cren que dá lugar a inseguridade xurídica. ¿De que forma había que facelo? Non sei, ¡eh!, pregunto. Nas repotenciacións están de acordo, parece que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, é en canto ao tempo, vale. Entón, todo é en canto ao tempo. Chegamos tarde. Imos poñer que chegamos tarde. Chegamos tarde a todo, pero, xa que chegamos tarde, ¿como había que facer as repotenciacións? Porque acaba de dicir que as repotenciacións dan lugar a inseguridade xurídica. Eu creo que nin empezaron a pensar como había que facelas; simplemente é criticar. Obrigan a facer repotenciacións, isto dá lugar á expresión que máis lles gusta: «inseguridade xurídica». Inseguridade xurídica polas paralizacións e inseguridade xurídica polas modificacións da Lei eólica. É o único que escoitei aquí. Aportacións reais de como facer as cousas non —reais, non frases feitas que levan dicindo a anos e anos e anos, que é o que lle estaba dicindo o señor Lourenzo todo o tempo—. Non hai absolutamente nada novo por parte do Partido Socialista: defender o señor Sánchez de maneira constante e continuada, todas as [*Inaudible.*] do señor Sánchez e criticar as políticas deste Goberno porque sempre chegan tarde.

BNG, señor Ruanova, ¿a quen lle fago oposición? ¿Ao BNG ou ao señor Conde? Que non me quedou claro. Non me quedou claro. Din que relegamos as decisións estratéxicas a terceiras persoas. Non sei quen son esas terceiras persoas. Vostede mencionou aquí algunhas empresas —non as menciono eu; mencionounas vostede—: mencionou Iberdrola, mencionou Acciona, mencionou Enel... Non sei se as decisións estratéxicas as están tomando eles, coas medidas que acabo de presentar. Eu penso que non. Non sei se vostede se estaba referindo a iso. En cambio, por outra banda, din que vostedes non bloquean os proxectos industriais. Se vostedes si relegan a oposición, claro que a relegan, non dan a cara. Vostedes aquí non bloquean os proxectos industriais; bloqueáanos a través doutros mecanismos. Vostedes son os que non están dando a cara. Eu estou dando a cara. Non son terceiras persoas; é o Goberno, a Xunta de Galicia. Nin as eléctricas, nin as empresas nin ningún outro está desenvolvendo estas políticas. (*Aplausos.*) ¿Vostedes que opinión teñen sobre os proxectos industriais? Eu creo que é hora de que de verdade dea a cara o BNG.

Hai que cerrar ciclos e facelo para producir bens de consumo. Pero, sen embargo, a demagogia e a contradición chegan a tal punto que a frase é moi bonita, pero cando chega o proxecto industrial en concreto que pode cerrar un ciclo, a ese facémoslle oposición. Oposición a medias aquí e oposición total a través doutros mecanismos no territorio.

Bono social eléctrico. Miren, non recortamos: prevemos exactamente a mesma cantidade que se gastou este ano. É o que se chama facer orzamentos, pero, claro, non todos están acostumados a facelos. Claro, e ¿vostede sabe o que se gastou deses catro millóns? Gastáronse dous millóns e pico, é unha partida ampliable. É un xeito de xestionar adecuadamente



os fondos públicos. Non teña dúbida de que a totalidade dos que pidan ao complemento do Bono social eléctrico van ter o Bono social eléctrico. Baixou a tarifa eléctrica e este ano xestionouse dous con algo —non teño aquí a cifra— e por iso baixamos nos orzamentos. Nada máis, non é unha cuestión de recortes.

E din que sacamos peito. Sacamos peito porque é a realidade. ¡É que somos a única comunidade que temos un complemento Bono social eléctrico! A vostede pódelle parecer mal, pero eu dígo e reivindico que somos a única comunidade en todo o Estado español que mantemos un bono social eléctrico. Esta é a verdade. *(Aplausos.)*

Vou finalizar xa con catro ideas que eu creo que están claras. Nós temos clarísimo que contamos aquí coas condicións óptimas, de verdade, para neste novo ciclo produtivo poñer en marcha a meirande parte das medidas que Europa di que temos que impulsar os estados membros. E diso van todas as políticas que acabamos de presentar; que, repito, poden ser algunhas máis acertadas, outras menos, pero dende logo dirixen unha estratexia.

Hai un modelo, que vostedes poden criticar ou non, pero si o hai. Non é unha continuidade nin un non facer nada, que é o que parece desprenderse das súas intervencións. Están baseadas fundamentalmente en vencer as dependencias que ten a comunidade do exterior. Queremos impulsar a colaboración público-privada. O privado non é inimigo do público. Queremos poñer en valor os recursos autóctonos, democratizar a figura dos PPA, abaratar enerxía e acelerar o despregamento das renovables. Queremos desacoplar os prezos da electricidade da cotización de fósiles, da cotización do gas; e, por suposto, combater o cambio climático e ser máis libres abastecéndonos dos nosos propios minerais críticos e recursos forestais. Por iso a Lei dos recursos naturais de Galicia cremos que abre un camiño diferencial para unha política industrial e enerxética nova e nos aliña con mecanismos que teñen as primeiras economías de Europa. Regula instrumentos absolutamente novidosos en toda España e vai permitir avanzar de forma significativa na descarbonización e na riqueza da nosa cidadanía.

Contamos cunha base industrial sólida e, polo tanto, parece lóxico que traballemos por tratar de diversificala, de aumentar a súa competitividade, de pechar as cadeas de valor en Galicia. Non se trata de espoliar o territorio; trátase de traballar con respecto medioambiental absoluto para que Galicia se poida desenvolver. Non podemos converter Galicia nun deserto. Temos que desenvolver o solo industrial de Galicia, temos que impulsar os proxectos industriais estratéxicos para a economía de Galicia; e facelo con sentido común e sen afectar o medio ambiente, que é posible.

Para todo isto é necesario organizar territorialmente Galicia pensando no medio prazo. Hai que axilizar a implantación das industrias, planificar o aproveitamento dos recursos, establecer metodoloxías, como algunhas que lles acabo de dicir, para deixar aquí unha parte relevante dos beneficios dos proxectos. Polo tanto, si creo que este Goberno ten unha estratexia económica elaborada, que está única e exclusivamente pensando en Galicia e que vai permitir —non soamente a este Goberno, senón aos gobernos que nos sucedan— continuar cunha política enerxética industrial feita a medida do territorio galego e poñendo Galicia e os intereses de Galicia, que é o fundamental, por riba de todo.



Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a transparencia na contratación por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos de transporte**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde xa, señorías.

Na interpelación que tivemos no anterior pleno co conselleiro hai unha cousa que el dixo nada máis comezar e que a teño aquí subliñada, que era que dende o primeiro día o noso grupo —ou eu particularmente— tiña a consigna política de estar en contra de todo o que tivese que ver co Plan de transporte público de Galicia. Entón, vou ver se podemos reformular o debate para ver se temos un debate minimamente serio sobre isto.

Eu quería comezar facéndolle ao Partido Popular, o partido que sostén este Goberno, por cambiar un pouquiño o marco do debate, dúas preguntas concretas. Unha: ¿que queren facer? E a outra é: ¿a onde queren chegar con todo isto? Porque, fagamos un pequeno repaso histórico do que trouxo consigo o Plan de transporte público de Galicia dende o ano 2020 e 2021, despois das últimas adxudicacións dos contratos. O que podemos ver, aínda que vostedes se neguen a dar os datos, é que o sector téñeno con respiración asistida. Un sector que vai esmorecendo; pequenas e medianas empresas que teñen que pechar ou que subsisten con moitas dificultades, con moi pouquiños contratos. Isto fala tamén do proceso de acumulación de recursos, de contratos e demais en moi poucas mans. Noutras palabras, como temos dito antes: que o sector tende cara ao monopolio de grandes grupos ou dun gran grupo de transporte.

Vemos tamén —isto é algo tamén que din os feitos— que dende a implantación do Plan de transporte público temos máis problemas. Temos máis problemas de falta de prazas, de incumprimentos, de atrasos de autobuses que non aparecen, temos máis queixas... E, polo visto, tamén iso se corresponde aos procesos sancionadores que a Xunta de Galiza abre.

Polo tanto, reitero a pregunta que lles fixen antes: ¿a onde queren chegar? Se vemos que a acción do Plan de transporte nestes anos de implantación nos está deixando estas problemáticas, ¿a onde queren chegar? ¿Queren chegar a unha circunstancia onde non haxa competencia, onde non haxa pequenas e medianas empresas que poidan competir e que poidan levar contratos? ¿Camiñamos cara a unha liberalización do sector, cando menos nas liñas



máis rendibles? ¿A onde queren chegar? ¿Cal é o seu fin ou a súa finalidade estratéxica co Plan de transporte público de Galicia? Porque vemos que apostar pola vertebración do país, e apostar pola mobilidade como un dereito das persoas que viven neste país non é a prioridade. É moito máis prioritario cadrar follas de Excel que dar un bo servizo, vertebrar o país e ter a xente cun transporte de calidade.

E, se non, vexamos realmente onde van os esforzos, porque nós levamos tempo denunciando, por exemplo, a situación que vive o ensino postobligatorio; os alumnos e alumnas do ensino postobligatorio que ven vulnerados ao seu dereito á mobilidade con base nunha discriminación por orixe que está dificultando que moitas persoas poidan acceder a centros de estudo fóra da súa localidade, en moitos casos. Especialmente, unha vez máis, o rural é quen máis sofre estas circunstancias. E vemos como non hai esforzos económicos, pero tampouco discursivos, sequera, ante esta problemática.

Vemos —como lles dicía tamén na interpelación ao señor conselleiro— unha dirección xeral totalmente raquítica, enfebreada, realmente privatizada e externalizada a unha grande consultora que se encarga de facer o traballo que debería facer a Administración pública. Vemos unha dirección xeral que cada vez pinta menos en todo isto; no que ten que ver co deseño, coa puntuación das ofertas, no que ten que ver co control, coa inspección, coa sanción. Vemos como realmente os organismos dedicados ás funcións públicas que ten a Xunta de Galiza en canto ao transporte perden cada vez máis peso. E vemos tamén uns orzamentos totalmente sumidos na inercia, sen impulso, sen ambición política.

Pódolle dar varios exemplos. ¿Onde está a estratexia galega de mobilidade que levaban anos vendendo e que agora volveron vender coa renovación do conselleiro? Que non é máis que un caixón de xastre onde meter moitísimas cousas que algo teñen que ver entre si, pero tampouco van solucionar o problema de mobilidade. Ademais, cunha páxina web onde estaba toda a información e podíamos consultar toda a información, que leva caída desde antes do verán. Iso é moi sintomático do que lles importa toda esta cuestión. A páxina web leva caída dende antes do verán e non se pode acceder á información, aos plans, aos documentos, aos informes e demais.

¿Onde quedou a promesa da área de transporte de Galicia anunciada no ano 2021, que ía equiparar as bonificacións das áreas metropolitanas e facer unha grande área metropolitana de todo o país alargando esas bonificacións? ¿Onde quedou!? No día de hoxe teñen tres concellos adheridos, dende o ano 2021. ¿Onde quedou todo isto, señores e señoras do Partido Popular? ¿Onde está o impulso á mobilidade? E, sobre todo, ¿onde está o impulso cara a un novo modelo de mobilidade intermodal que precisa este país? ¿Por que non queren apostar por que a Xunta de Galiza coordine todas as modalidades de transporte que operan no noso país? Poñerlle o nome de «intermodal» a unha estación non crea intermodalidade, se realmente despois non hai un esforzo en encadrar as liñas, en facer os horarios moito máis accesibles e tamén en conectar os pequenos nodos de mobilidade ou de transporte nas vilas máis pequenas, nas aldeas e demais. Pensar o transporte dende o máis pequeno ata o máis grande, ata as conexións con esas estacións intermodais.

Renunciaron tamén por completo ao ente ferroviario galego, que nos permitiría aquí ter un control real e seguir avanzando cara ao que ten que ser un servizo ferroviario propio, cunhas





competencias transferidas e cun servizo de cercanías. Realmente, abdicaron da súa responsabilidade en transporte e vemos como temos un Goberno sen impulso nesta cuestión.

Hoxe traemos aquí unha moción que pide cousas moi sinxelas. Por un lado, pide que deixen de secuestrar a información referida á mobilidade pública, ao transporte público deste país, porque realmente están impedindo que a oposición neste Parlamento faga un traballo de control e que faga un traballo de fiscalización do Goberno, negándose por activa e por pasiva a dar calquera tipo de información minimamente detallada sobre o que está acontecendo. ¿A que teñen medo? Eu dicíalle o outro día ao conselleiro que se houbo algo no que eu mentise nesa lexislatura pasada e nesta que levamos agora, que me trouxese a información, os documentos que ten a Xunta de Galicia no seu poder que demostren que eu minto ou que estou equivocado, se queremos utilizar outra palabra. Pero nin sequera respondeu ningunha das preguntas que lle trouxemos aquí na interpelación pasada, senón que se negan sistematicamente. Veremos que fan na votación da moción, que pide exactamente iso: poñer luz e taquígrafos; que coñezamos, porque temos dereito a coñecerlo, o que está acontecendo co Plan de transporte público.

Despois, no último punto da moción, tamén trasladamos a necesidade, a idea, da creación dun consorcio de transportes de Galiza, que realmente sexa un ente público con capacidade de coordinación, con capacidade executiva e de tomar decisións no que atinxe a todas as modalidades de transporte no noso país, porque é necesario. A mobilidade é un dereito e o noso país precisa dunha mobilidade áxil e dunha mobilidade racionalizada, tamén, para poder sobrevivir. Porque un país que non ten mobilidade, ao que se lle nega o seu dereito á mobilidade, é un país que vai esmorecendo. Se con iso xuntamos o resto de cousas, como acabamos de ver na comparecencia de Industria, vemos que quen quere aquí un país que queda atrás e un país atrasado son vostedes. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda dos distintos grupos.

Ten a palabra, polo Grupo Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas de novo, presidenta.

Saúdos de novo, señores e señoras deputados e deputadas.

Traio aquí a moción do BNG, para valorar o que realmente imos votar, que son os sete puntos que se someten a consideración e a votación.

Entón, di o primeiro: «facer cumprir con rigorosidade os contratos en vigor do servizo público de transporte de Galiza, en base aos pregos técnicos e administrativos e as ofertas gañadoras nos concursos». Di facer cumprir con rigorosidade os contratos. Pois xa me dirán vostedes que hai que votar aquí porque ¿imos votar que non se fagan cumprir os contratos? De non facerse cumprir ata se cae en prevaricación; hai a obrigatoriedade de facer cumprir estas cousas.



O segundo punto: «Trasladar aos grupos con representación no Parlamento a relación de expedientes sancionadoras das empresas concesionarias» en determinados anos. Bueno, este é un aporte de información que pode ser realmente interesante. Valorar se esas sancións ás veces teñen incluso unha lóxica: ao mellor son excepcionais ou teñen incluso, ao mellor, unha explicación; ou cabe a posibilidade teórica de que, como sucedeu outras veces, pois haxa unhas sancións sistemáticas coas que, a pesar de todo, lle resulte rendible á empresa o incumprimento. Falo como posibilidade teórica. Entón, coñecer eses expedientes sancionadores por parte dos grupos do Parlamento tampouco parece tan descabellado, e é sinxelamente unha cuestión de dereito á información por parte dos parlamentarios. «Trasladar aos grupos máis información: os datos de quilómetros recorridos, número de viaxeiros, número de expedicións». Todo isto é información e, entón, coa información pódense tomar boas decisións. Sen información só toman boas decisións os adiviños.

Cuarto punto: «Trasladar aos grupos documentación relativa ás ofertas gañadoras dos contratos». Bueno, eu en principio parto do suposto de que os procesos de licitación e os procesos de adxudicación etc. etc. cumpren totalmente as normativas; que as mesas de contratación fan o seu traballo como deben facelo. E bueno, con ese suposto tampouco sucede nada por coñecer por parte dos parlamentarios, dos representantes do pobo, as documentacións relativas a eses procesos. Non lle vemos obstáculo a isto.

«Garantir o acceso ao transporte público de xeito universal para os alumnos e alumnas do ensino postobrigatorio que hoxe sofren discriminación». Dáme a impresión de que isto está pensado ou que a orixe deste punto é algún caso concreto. Quero lembrar que nalgunha comisión se falou, se non me falla a memoria, dalgunha liña entre Catoira e Ribeira, pode ser. Pero bueno. «Garantir o acceso ao transporte público de xeito universal para os alumnos e alumnas». Eu aquí quedaríame coa primeira parte; garantir o acceso ao transporte público de xeito universal é algo desexable. Traería como consecuencia ou como corolario o caso particular dos alumnos e alumnas aos que se está referindo. Pero en principio, garantir o acceso ao transporte público de xeito universal xa se pode apoiar así, con este grao de xeneralidade, á marxe de que despois se aplique, obviamente, siloxisticamente aos casos concretos.

Seis: «Trasladar aos grupos os datos...» Máis datos: frotas dos buses titulares, a reserva de concesións... Nada, non hai ningún problema en que se poida ter todas esta información. E logo: «realizar os estudos pertinentes». Bueno, estudos nunca veñen mal, pero ás veces tamén lembro aquela famosa frase de «non chegar á parálise por análise». Ás veces tanta análise leva á parálise. Non pasa nada tampouco... Este punto é o que vemos que ao mellor podía tratarse máis en detalle: que tipo de estudos, como se farían etc. Pero tampouco imos deixar de apoiar esta moción por este punto. Co cal, terán o apoio do grupo minoritario desta Cámara. Xa se me está contaxiando a xerga.

Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Carlos López Font.



**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

A situación do transporte público por estrada, competencia exclusiva da Xunta de Galicia, é o mellor exemplo da obstinación deste Goberno na autocompracencia. O propoñente preguntaba onde queren chegar. Xa se contesta: manterse onde están, non facendo caso á petición de documentación nin ás situacións que se producen día a día.

Todos os intentos de mellorar o servizo que expomos desde a oposición resólveos o PP desde o triunfalismo, apelando ao número de servizos realizados —din que por miles—, o número de paradas —en ocasións duplicadas—; con números e máis números. Pero os usuarios aos que se debe atender falan da calidade do servizo, sobre todo dos incumprimentos dos contratos, en suma do deficiente servizo que afecta a súa vida diaria.

É aquí onde o Goberno da Xunta non quere admitir o erro inicial. Non quere recoñecer as deficiencias nas convocatorias das concesións e non quere entrar a valorar unha relectura da situación xeral na data de hoxe. O Goberno do PP debía atender ao que din os empresarios sobre as consecuencias do mapa concesional e como afecta ao tecido empresarial. Empresarios que denunciaban o proceso de licitación, no que a participación foi limitada, moi limitada, onde non se garantía a concorrència e no que a participación das pemes foi moi minoritaria. Ese proceso de licitacións conduciu a unha concentración das concesións en forma de monopolio ou oligopolio.

Tamén denunciaban o ocultismo sobre as obrigacións que cada concesionario debe cumprir e a falta de seguimento dos obxectivos do Plan de transporte público de Galicia, que hai que lembrar, sinalaba o propio Consello de Contas. Repetirémolo unha vez máis, para quen non o quere escoitar: máis que nunha revolución no transporte, estamos ante unha auténtica involución. Os socialistas denunciámos, inicialmente, que a Xunta se reservaba demasiado poder discrecional ao introducir criterios políticos. As consecuencias de que o Plan de transporte de Galicia non fose consensuado están a pagalas os usuarios.

Débase atender ás situacións que o Goberno da Xunta quere colocar como puntuais, pero que teñen puntos en común de todas as denuncias que se producen e que, como vostedes saben, son moitas. Débase admitir que as circunstancias actuais non son as mesmas e que o dereito á transparencia —o que se solicita— é un dereito para os usuarios e tamén para as formacións políticas deste Parlamento.

Porque no día a día hai colectivos que sofren especialmente a calidade do servizo e as carencias dunha mala planificación sobre a que se negan a rectificar. Hoxe o mal servizo afecta quefaceres diarios moi importantes, como dificultades para asistir a unha consulta médica, sexa nun centro de saúde ou en hospitais; outros teñen dificultades para asistir a clases nas universidades e outros centros escolares. Non se dá resposta ás necesidades específicas dos maiores no rural para realizar as súas xestións nos centros urbanos e romper coa sensación de illamento. As persoas con mobilidade reducida tamén teñen dificultades importantes para a planificación dos servizos. Na pasada semana, sen ir máis lonxe, o transporte de Pontevedra a Vigo adaptado non tiñan servizo a fin de semana.



Seguimos denunciando aquí o que trasladan os usuarios: o incumprimento de horarios, o cambio dos mesmos sen previa advertencia, os autobuses cheos en determinados momentos, que impiden poder utilizar o servizo, os cambios de itinerario, sen tampouco advertilo, e outras irregularidades son o día a día no transporte por estrada en Galicia que poden ver vostedes reflectido nos medios de comunicación. As queixas específicas, que unha e outra vez denunciámos aquí: do servizo da Coruña, Ferrol, Pontedeume, Betanzos, da comunicación entre Vigo e a comarca do Val Miñor, as queixas dos usuarios de Baiona, da Guarda, de Tomiño, de Marín, de Pontevedra, de Tui, de Catoira e de tantas outras. A estas queixas enládanse decisións de ampliación de servizos a concellos nos que goberna o PP, que non se tratan da mesma maneira que os concellos onde non goberna o PP.

O peor de todo isto é que se nega unha avaliación do servizo, realizada con rigor a través da documentación necesaria para coñecer a situación actual e as posibles alternativas. Todo isto conduce, lamentablemente, a unha normalización das deficiencias. Son tan habituais estas deficiencias que os que as sofren xa as ven como algo normal e inevitable, cando en calquera caso non debe ser así.

A táctica do PP de adormecer funciona aquí dunha forma que é o mellor expoñente. É imprescindible a transparencia que se solicita para avaliar a situación actual. Débese prestar atención aos que utilizan o servizo a diario, non só estar pendente das estatísticas e dar solucións puntuais; si, solucións puntuais aos problemas puntuais. Problemas que se converteron en xeneralizados, independentemente dos territorios. Todas estas deben ser obrigacións do Goberno de Galicia por unha mellora dun servizo que hoxe constitúe unha prioridade para moitos galegas e galegos.

Hoxe, mal que lles pese, seguen vixentes as apreciacións e recomendacións do Consello de Contas, que volvo recordar: abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados, atender queixas dos usuarios, facer efectivas as penalidades e resolver a actual falla de planificación.

Os socialistas apoiamos a demanda de transparencia, de entrega de documentación, para coñecer a situación de partida e actual. É unha obrigación do Goberno da Xunta, que debe conducir ao que reiteramos aquí os socialistas: a revisión do actual Plan de transporte de Galicia para adaptalo aos tempos actuais, que non son os mesmos que cando se solicitaron as actuais concesións. É evidente que se necesitan axustes.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moi bos días, señorías. Presidenta.

Preguntábame, señor Ríos, que queremos e a onde queremos chegar. Nós queremos un transporte público que teña máis cobertura territorial e que o servizo sexa de maior calidade;



incluso unha mellora continua no noso transporte público. Queremos tamén dedicarlle máis recursos. Queremos unhas tarifas únicas e que tamén sexan bonificadas; bonificadas para aquelas persoas que máis necesitan o transporte público, para aquelas persoas que teñen máis dificultade para usar para usar o transporte público. E, en definitiva, o que queremos tamén son melloras tecnolóxicas para a información —tamén para os usuarios— e o seguimento do propio servizo e novas ferramentas de planificación. Para iso temos o Plan de transporte.

E ¿a onde queremos chegar? Pois queremos chegar a un transporte público que nos permita vertebrar mellor o noso territorio. Un transporte público de calidade, un transporte público sostible e un transporte público que sexa útil para a cidadanía, señor Ríos. Iso é cara a onde queremos chegar. E para iso temos o Plan de transporte público de Galicia.

Aquí é verdade que dá igual o que digamos, para vostedes nunca vai estar ben. Non foron capaces de recoñecer absolutamente nada bo do novo plan de transporte público; ningunha das rutas que se introduciron, ningunha das paradas que se elaboraron, ningunha das frecuencias que se incrementaron. Absolutamente nada. Nin sequera as bonificacións ou a gratuidade, por exemplo, para os menores de 21 e para os maiores de 65. Porque a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario xamais obtiveron o máis mínimo respaldo para algunha destas medidas por parte do seu grupo.

É verdade que vostede hoxe foi moito máis sosegado. Quero dicir que hoxe foi vostede, nese sentido, menos hiriente. Hoxe si que é verdade que falou de que queríamos ir cara a un monopolio, que estabamos a ocultar información e que queremos un país atrasado. Pero é que, señorías, estas tres cousas que dixon, francamente, son moi suaves se as comparamos co que dixeron anteriormente. Vostedes non queren recoñecer, e moito menos sentirse orgullosos, dunha realidade que é a galega e que, ademais, é froito tamén dese plan de transporte público de Galicia. Nós grazas a ese plan somos un referente. E non é unha frase oca, quero dicir que somos un referente polo volume de recursos públicos que dedicamos a financiar ese plan e polo marcado carácter social co que abordamos a mobilidade a través do transporte público na nosa comunidade.

Nun territorio tan disperso como o noso, o esforzo loxístico e orzamentario que está a facer a Xunta de Galicia para garantir a mobilidade dos galegos e das galegas é enorme, o maior do Estado das autonomías. De feito, estamos a dedicar máis de cen millóns de euros para garantir esa mobilidade. E fixémolo, ademais, aplicando tarifas máis económicas e uniformes para todo o territorio e cunha ampla gama de bonificacións que tamén axudan a que se incentive para que agora moitísimas máis persoas que poidan utilizar o transporte público, cando antes ao mellor era un luxo que non se podían permitir. Somos a única comunidade que ofreceu bus gratis á mocidade e somos tamén a primeira comunidade autónoma en ofrecer o mesmo tratamento, que é a gratuidade, para os maiores de 65 anos.

E, claro, dime o señor Font que falamos de números. Claro que hai que falar de números; o que fixemos nos últimos anos co transporte público de Galicia é para falar de números. Pasamos de novecentas liñas a máis de tres mil seiscentas liñas. Cando falamos de liñas estamos a falar de rutas; rutas de autobuses que non existían, rutas de autobuses novas, rutas



de autobuses adaptadas á realidade e ao que está a demandar a cidadanía. Pasamos de 20.000 paradas a 56.000, case multiplicamos por tres o número de paradas. ¿Para que? Para facelo accesible, para que fose máis cómodo para a cidadanía, para que puidese —non sei como dicilo— acceder ao transporte dunha forma moito máis fácil. E por iso pasamos de 1,5 millóns de servizos a máis de 2,5 millóns de servizos, con máis de 20 millóns de horarios, señorías.

Hoxe, señor Ríos, é verdade que vostede non fixo fincapé nas incidencias. Imaxino que foi porque o outro día é verdade que o conselleiro explicou moi ben que con 2,5 millóns de servizos é fácil que poida haber incidencias. Claro, se vostede me di cal é a taxa que vostede considera adecuada... Dígame: ¿o 1 por cento, o 0,1 por cento, o 0,01 por cento? ¿Cal é a que vostede considera que é a adecuada ou óptima para un servizo público? ¿Cal? Claro, se falamos do 1 por cento estamos falando de 25.000 incidencias. Se falamos do 0,1 por cento, falamos de 2.500. Quero dicir, que estamos a falar dun número de incidencias realmente marxinais en canto ao número de servizos que se están a prestar. E isto sábeo vostede perfectamente, porque coñece ben o transporte público de Galicia e sabe que a norma non son as incidencias. Sabe que o normal do transporte público de Galicia é que a xente chegue á hora; é que a xente teña unha liña que se adapta a súa necesidade, que teña unha parada cerca do seu domicilio e do seu posto de traballo. E sabe que, ademais, houbo un esforzo moi importante para mellorar isto nos últimos anos. Sábeo, quero dicir que non é algo que descoñeza.

E é verdade que hai algunha incidencia. Pero para iso o propio plan ten previsto mecanismos de control, para asegurar que os requisitos establecidos nos contratos se cumpran e que, unha vez que se detectan, se poidan corrixir. E, se non se corrixen, sabe que tamén o plan contempla que se poidan abrir expedientes sancionadores e de penalidade, precisamente por non cumprir cos contratos.

En canto aos datos que pide, señor Ríos, boa parte dos datos solicitados xa llos proporcionou a directora xeral e logo moitos dos que vostedes piden pódese acceder a eles a través da web de Transparencia da Xunta de Galicia. Pero para vostedes é máis fácil sementar a dúbida do oscurantismo, dicir que se está a ocultar algo e con iso estender unha sospeita sobre todo o servizo.

Hoxe volveu vostede falar de monopolio e de vínculos coas empresas. Eu xa lle dixen que, primeiro, se cree que houbo algún procedemento irregular vaia aos xulgados. Non se pode acusar aquí de cometer delito, porque é o que vostede está dicindo, e quedarse tan feliz. Sabe vostede que todos os procesos que foron xudicializados, o cen por cento, déronlle a razón á Xunta de Galicia. E dos que foron ao Tribunal Público de Contratación, sabe que de 60 expedientes que se levaron 58 déronlle a razón á Xunta de Galicia e en dous deles detectouse que había un erro de forma. ¡Un erro de forma! Pero todos, o cen por cento dos que foron xudicializados, dos 40 que se levaron aos xulgados, nos 40 déuselle a razón á Xunta de Galicia.

Pero claro, vostede fálame de monopolio e —lombroullo o outro día o conselleiro— é que nos sitios onde vostedes gobernan vostedes adxudícanlle o servizo tamén a ese monopolio. Estamos a falar de Lugo e de Santiago. Vostedes adxudican ese servizo a este monopolio que vos-



tede denuncia aquí e que di que ten vínculos familiares ou de non sei que tipo con este grupo parlamentario e coa Xunta de Galicia. Claro, xa sabe que iso eu non llo podoo dar por bo.

Xa lle dixo tamén o conselleiro a última vez que falou con vostede na súa interpelación que o primeiro interesado en que este plan funcione é a Xunta de Galicia e, por suposto, este grupo parlamentario. Primeiro, porque é un servizo público esencial para a cidadanía e nós queremos que cumpra cuns estándares de calidade e que resulte satisfactorio para todos os usuarios. E porque, ademais, se está a facer un esforzo grandísimo para poder levar a cabo este servizo. Como dicía: máis de cen millóns de euros.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Trenor.

**O señor TRENO LÓPEZ:** Pero, señor Ríos, mentres que falamos de máis recursos, de máis liñas, de máis servizos e de máis paradas, temos o contraste do grave dano que vai ocasionar o novo mapa concesional do transporte de estradas de competencia estatal. En Galicia 22 municipios con máis de 130.000 veciños van quedar illados das rutas estatais. Pretende o Goberno central eliminar 90 rutas. Un recorte que vai deixar concellos como Monterroso, como Lalín, como Tui, como Melide ou Palas de Rei sen parada, obrigándoos a facer transbordos e supoñendo unha perda de servizos e de competitividade letal para o noso mundo rural.

Señor Ríos, fágolle unha proposta: fagamos unha fronte; reivindicemos que o Goberno central non elimine estes servizos. Dá igual que dende a Xunta de Galicia melloramos, que fagamos o servizo máis asequible, que bonifiquemos...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que rematar, señor Trenor.

**O señor TRENO LÓPEZ:** ...que fagamos incluso que sexa gratuíto para aquelas persoas que teñan máis necesidade, se todo o que avanzamos vén o Goberno central e desanda e elimina os servizos que se están a prestar. Fagamos esa fronte, sabe que vai ter o Partido Popular reclamando sempre melloras para Galicia e que, nese sentido, si que podemos entendernos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Turno de peche, señor Ríos Santomé. Ten tres minutos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidenta.

Señor Trenor, ou non estaba aquí o outro día cando fixemos a interpelación ou simplemente non queren debater disto. Porque vir dicir absolutamente o mesmo que dixo o conselleiro, con moitas medias verdades, obviando moitísimas cousas e, ademais, dicindo moitas cousas que o BNG fai ou deixa de facer que son totalmente incorrectas.

Se quere pode ver datas de rexistro de iniciativas neste Parlamento en contra dese mapa concesional do Estado no transporte por estrada da súa competencia. Eu xa lle podoo asegurar



que antes de que o PP o fixera xa o BNG o reclamaba. Eu mesmo tamén axudei no proceso de emendas ao Anteproxecto de lei de mobilidade sostible do Estado. Polo tanto, non nos veña dicir a nós que «benvidos a esta defensa», porque nós xa a fixemos antes de que a fixesen vostedes sen ningún tipo de problema, señor Trenor. Sen ningún tipo de problema.

Realmente dá igual o que eu lles diga. Dá igual que eu lle diga ao conselleiro que efectivamente hai cuestións do Plan de transporte, como por exemplo o tema da tarxeta Xente Nova, que nós apoiamos dende un principio; que lle dixemos que estaba falta de ambición e seguímolo defendendo. Dá igual o que eu lle diga, que vostede vén aquí replicar exactamente o que dixo o conselleiro o outro día e realmente falar de cousas das que eu non falo. Vostede empecinouse —supoño que o tiña preparado, pensando que eu ía ir por aí e ao final non fun por aí— no tema das incidencias e demais, intentando ademais dar escusas e, sobre todo, sen entender —sen querer entender, porque entendo que vostede entende perfectamente o que nós queremos dicir— que o que está viciado é o modelo en si mesmo. E o que provoca estas circunstancias non son tanto ilegalidades ou irregularidades; que algunha hai, falamos da connivencia entre Alsa e Monbus na repartición do mercado e podemos falar de moitas outras cousas que formalmente non salpican a Xunta pero salpican o PP bastante, e veremos en que acaba todo isto.

Pero realmente se vostedes fan os procedementos deseñados perfectamente para ter un resultado e ese resultado vai adiante, pois entendo que todo vai ben e que non se lles pode dicir nada. Realmente o problema aquí é o modelo. E o modelo fíxose para isto. Xa llo dicía eu o outro día ao conselleiro, ou na iniciativa do Partido Socialista do último pleno. Realmente o Plan de transporte funciona para o que foi feito, que foi para beneficiar determinadas empresas e, realmente, cambiar todo para que todo siga igual. E despois mesturar os datos do escolar cos datos de interurbano, intentar facer un caixón de xastre de todo, onde ninguén se entera de nada.

Iso si, información non dan nin a primeira. ¡Nin a primeira! O que nós pedimos aquí: unha, non está dispoñible nos portais de Transparencia como vostede di. Non o están, ou cando menos non están co detalle que nós pedimos aquí. E votedes séguense negando —que é increíble, que se sigan negando e sigan negando a maior— a darlle información a este Parlamento. ¿Que teñen que esconder, señor Trenor? Díxenllo moitísimas veces. ¿Que teñen que esconder? ¿Por que non veu hoxe aquí cunha carpeta coa documentación que eu lle pedín? ¡Se era tan sinxelo! Aínda que votasen en contra e despois fóra me dese a información. ¿Por que non? Porque vostedes teñen esa información. ¿Por que nós non podemos tela? ¿Por que nós non podemos tela?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Remato cunha aclaración do que dicía o señor Ojea —ao cal lle agradezo, e tamén ao Partido Socialista, o seu apoio á moción— cando falaba das ofertas: non é tanto no proceso de contratación, senón na execución. Nós podemos saber o que hai nos pregos e ver se se cumpren os pregos, pero temos que saber o que se ofertou, as melloras que se ofertaron, as baixas que se ofertaron para gañar ese concurso e saber que se están cumprindo tamén. E a Xunta de Galicia, o Partido Popular, négase a que nós saibamos como





gañaron as empresas os contratos e se están cumprindo cos obxectivos que puntuaron para ganar eses contratos.

Realmente cheira mal, señor Trenor, e vostedes non queren abrir a fiestra e que entre aire. Será porque están cómodos nese aire denso, nese aire turbio que a todo o mundo molesta menos a uns poucos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Seguimos coa segunda moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.

Interpelabamos o pasado pleno o conselleiro, Diego Calvo, sobre a situación actual da CRTVG en relación aos tempos convulsos que padece o ente público. Falabamos de manipulación, de incumprimentos grosos da lei que rexe os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, de represalias, de externalizacións, de falta de pluralismo, dos traballadores e traballadoras da CRTVG que están secundando unha folga indefinida na Radio-Televisión de Galicia. Hoxe querían presenciar este pleno, pero teñen dúas reunións do Comité Inter-centros e do Comité de San Marcos. *(A señora Rodríguez Dacosta diríxese á tribuna de convidados.)* Temos tamén algún representante, Mundo, da compañía dos traballadores e das traballadoras do comité. Grazas por estar hoxe con nós.

Nós seguimos mostrando a nosa admiración, Mundo, porque defendedes non unha subida salarial —que sería lexítima— nin unhas xornadas máis adecuadas —que tamén sería lexítimo—, senón que defendedes a democracia, a pluralidade informativa, o dereito á información; en fin de contas, o dereito ao exercicio libre, imparcial, honesto e veraz da profesión xornalística. Rebélanse os traballadores e traballadoras da CRTVG contra a privatización da produción de contidos audiovisuais dos medios públicos, que é unha cuestión eminentemente laboral. Paros que lograron impedir a emisión do programa *O Termómetro* xa en trece ocasións. As traballadoras e traballadores aprobaron en asemblea mobilizarse contra o desmantelamento implacable da produción propia interna que está a promover dende hai anos o actual equipo directivo, tanto na radio como na televisión.



Indicabamos, señorías, que o que está sucedendo na nosa comunidade autónoma cos medios públicos sobrepasa todo límite democrático, como tamén sobrepasa os límites dunha democracia o Anteproxecto de lei de medios públicos que este Goberno pretende levar adiante en Galicia. Porque esa proposta dilapida sobre todo o dereito á información independente, obxectiva e plural para converter os medios de comunicación públicos na nosa comunidade nun claro instrumento ao servizo non da cidadanía, senón do poder.

No pasado Pleno, nin unha palabra pronunciaba o conselleiro sobre os incumprimentos da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Lei 9/2012, ditada polo propio Partido Popular. Non aludía o conselleiro ás causas motivadoras da convocatoria de folga; tampouco para negar os mesmos nin para mostrar unha mínima intención de buscar solución a esa folga, de buscar unha solución consensuada coa parte social dunha mínima vontade negociadora. O conselleiro, lonxe de inmutarse de non contestar as preguntas das socialistas de negar a realidade o que facía era, como de costume neste Goberno, mirar cara a Madrid ou aludir o Bipartito.

Hoxe —como dicía—, terán que pronunciarse os deputados e deputadas —sobre todo os do Partido Popular— sobre estas tres cuestións que presentamos na moción e que afectan directamente á nosa comunidade autónoma. Porque instamos as socialistas ao cumprimento dunha lei. Non tería que ser así, pero é así. É— como dicía— a lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia; en referencia, sobre todo, aos artigos que incumpren o Consello de Informativos, o Estatuto profesional ou o contrato-programa. Tamén instamos á retirada deste Anteproxecto de lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia —están a tempo aínda— e a buscar unha solución consensuada coa parte social da CRTVG e buscar solución para esa folga indefinida iniciada o pasado 7 de outubro.

En relación ao punto primeiro, temos que dicir que a Lei de medios públicos —esa lei de medios públicos que mentaba— cumpre o día 9 xustamente —dentro duns días— xa trece anos. Falamos dun marco normativo que establece no seu artigo 33 a obrigatoriedade de que a Corporación e o Consello da Xunta aproben cada tres anos un contrato-programa que, entre outras cuestións, estableza os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación, que deberán concretar as porcentaxes de xéneros de programación, de control da execución do contrato-programa e dos resultados derivados da súa aplicación. Di este artigo, ademais, que os membros do Consello da Xunta comparecerán para informar anualmente o Parlamento autonómico sobre a execución e o resultado do contrato-programa. E non o cumpren, señorías. Tampouco o artigo 36, que se dedica ao Estatuto profesional como instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polos distintos canais: radio, televisión e tamén Internet. E non o cumpren, señorías do Partido Popular. Di ademais que este Estatuto contemplará a creación dun Consello de Informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación da CRTVG para velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todos os seus canais. e non o cumpren, señorías do Partido Popular. Esta lei establece distintos principios inspiradores que despois non se cumpren: respecto e defensa dos principios que informan a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen. Lembremos que aquí aparece como un dos principios a respectar o da liberdade de expresión, por non citar



outros: promoción e difusión da cultura galega, reflexo do pluralismo... Así que diante destes datos obxectivos, plasmados nunha lei que vai cumprir trece anos, exiximos as socialistas de novo, nin máis nin menos, que se cumpra a lei.

Respecto ao segundo punto, a retirada do Anteproxecto de lei, xa tratamos disto co conse lleiro, xa o tratamos nesta sesión plenaria e nas comisións da CRTVG. Esa lei pretende dotar o Partido Popular dese control absoluto destes medios públicos, borrando as participacións profesionais que non sigan as pautas editoriais do Partido Popular; que constitúe unha fraude que ten como obxectivo converter un servizo público nunha compañía de servizos audiovisuais. E demos motivos para que esta lei non siga adiante.

E como terceiro punto, instamos a negociar coa parte social da CRTVG na busca de solucións consensuadas para recuperar a produción propia interna e buscar solucións —como dicía— a esa folga. Incidimos na interpelación na gota que colmaba o vaso e que obrigaba os traba lladores e traballadoras a pórse en folga, que era a externalización do programa A Revista. Ese programa histórico que estaba —e está— vinculado aos informativos tamén na web. O que externalizan realmente son os contidos; dende logo, non o plató nin a realización. O que lles interesa é a manipulación. Cambian vostedes un programa propio por un externo, diri xido —como dicía o outro día na interpelación— por unna asesora de M. Rajoy, que ela mesma recoñece nas súas redes sociais. Eses camiños que no Partido Popular empregan para *[inaudible]* un lugar, beneficiar con cartos públicos, con cartos dos galegos e galegas, inte reses privados e políticos, os intereses do Partido Popular e dos seus amigos. Insistirei na miña segunda quenda sobre esta cuestión.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Si, xa remato; xa vin o reloxo en vermello.

Seguiremos, entón, na segunda quenda.

Moitas grazas. Espero que apoiem esta moción. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia ao seu turno de palabra.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos. Benvido o representante do Comité Intercentros.

«O que queren é o control absoluto dos medios públicos, e para iso non van contar co apoio do principal partido da oposición». Estas palabras, que podería asinalas eu —non lles caiba a menor dúbida— e que representan ademais ao cen por cento a posición que mantén o Bloque Nacionalista Galego a respecto deste anteproxecto de lei de medios públicos que



pretende tramitar o Partido Popular desde a Xunta de Galiza, non son nosas, non son miñas —aínda que, insisto, poderíamos subscribilas ao cen por cento—; son declaracións literais —literais— dun vello coñecido desta Cámara que agora está exercendo a portavocía do Grupo Parlamentario do Partido Popular no Congreso de Madrid. Son unhas declaracións que facía ese vello coñecido desta casa e hoxe portavoz no Congreso do Grupo Parlamentario Popular en Madrid ao redor dese decretazo que o Goberno do Estado español preparou e aprobou sobre Radiotelevisión Española. Porque aquí a única voz coherente, en Madrid e en Galiza, de momento é o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Pero resulta bastante curioso ese exercicio que fai o Partido Popular: se o Goberno español rebaixa a unha maioría simple a necesaria para nomear a Dirección de Radio Televisión Española, é unha estratexia do sanchismo para seguir controlando as institucións do Estado; pero, se o fai o Partido Popular en Galiza, —e cito literalmente o señor Calvo na interpelación de hai quince días— «é un proceso transparente, participativo, plural e con vocación de consenso». (*A señora Rodil Fernández ri.*) ¡Claro que si, home, claro que si! ¡Por iso recortan a maioría necesaria para non ter que contar con ninguén! (*Aplausos.*) ¡«Pluralismo e consenso»! Un Juan Palomo: *yo me lo guiso, yo me lo como.*

Segundo a Xunta, —eu sigo lendo literalmente o *Diario de Sesións*— «esa nova Lei de medios é un texto para blindar a pluralidade da Corporación, a participación da sociedade, incluída a participación dos propios profesionais da CRTVG». ¡Claro que si! Por iso suprimen o Consello de Informativos —despois de vetar desde o Consello de Administración durante trece anos a súa creación—, para garantir a participación dos profesionais. E veñen vendéndonos a moto agora, trece anos despois, cun suposto Consello asesor que van crear —que xa estaba previsto na Lei anterior de 2011, no artigo 27; non o fixeron porque non lles deu a gana—, e facernos crer que a participación dos profesionais se vai facer a través dun consello asesor que de quince membros só ten dous traballadores da CRTVG, que vai nomear con maioría absoluta desde o Consello de Administración o Partido Popular tamén. ¡Pluralidade e consenso!

Señorías do Partido Popular, non hai quen lles crea nada, absolutamente nada, do que digan a respecto da CRTVG. Porque, despois de todos destes anos onde se dedicaron única e exclusivamente a maniar os medios de comunicación públicos e os seus traballadores para poñelos ao seu servizo e ao seu interese partidista e electoralista, non hai quen lles crea absolutamente nada. Levan trece anos mentíndolles na cara; mentíndonos na cara absolutamente a todos. Porque, ¿que dicía o Partido Popular no ano 2011 cando se aprobou aquela lei? Esa Lei de medios públicos que aínda está en vigor, a máis incumplida da historia de toda a lexislación galega, atreveríame a dicir. ¿Que dicía daquela o Partido Popular? Que a reformaban —a lei de creación da CRTVG por esa nova lei de medios— para mellorar os mecanismos de control e garantir maior independencia da CRTVG a través de tres elementos: un contrato-programa —que nunca fixeron, *ni el primero*— a través dun órgano de control externo que tiña a responsabilidade de controlar a CRTVG, entre outras funcións; unha autoridade audiovisual independente, que se daban a vostedes mesmos desde a Xunta de Galiza un prazo de seis meses para traer unha lei a este Parlamento pola que se crease esa autoridade audiovisual —non hai que ser moi perspicaz tampouco para saber que non o fixeron—; e tamén para ampliar a maioría necesaria para nomear os órganos de dirección, fundamentalmente a Dirección Xeral da CRTVG. E non só nunca nomearon con esa maioría reforzada a Dirección



Xeral da CRTVG, senón que utilizaron o subterfuxio que tanto lles gusta da Lei de acompañamento aos orzamentos do ano 2015 para manter na poltrona, no cargo, nesa dirección xeral a persoa que vostedes mesmos nomearan a dedo en 2009.

Agora veñen aquí dicindo —dez anos despois de incumprir, insisto, de maneira obscena e absolutamente consciente a súa propia lei— que o que queren con esta nova é garantir o pluralismo e a independencia da CRTVG. Tápense algo, de verdade, tápanse algo. É realmente insultante, señorías, ter que escoitar segundo que cousas neste Parlamento. O único obxectivo que persegue con esta nova lei de medios públicos o Partido Popular é facerse co control absoluto da Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza, fulminando calquera espazo no que as traballadoras e os traballadores da CRTVG poidan desenvolver o seu traballo con honestidade, con profesionalidade, con independencia e, sobre todo, con neutralidade a respecto do poder político.

Porque grave é o que se pretende facer coa dirección da CRTVG, con ese nomeamento por maioría simple da Dirección da Radio e Televisión Públicas de Galiza. Pero aínda é máis grave, e máis gravoso para a democracia e a calidade democrática do noso país, a supresión, a eliminación que vostedes formulan nese anteproxecto de lei do Consello de Informativos e o Estatuto profesional das traballadoras e dos traballadores da CRTVG. Eliminan os órganos de participación profesionais para impedir que teñan un espazo mínimo onde poder expresar a súa opinión, onde poder participar nesa gobernanza —que é esa palabra que tanto lle gusta a todo o mundo agora— da Radio e Televisión Públicas de Galiza, exercendo a súa profesión con independencia e con neutralidade. Iso é un escándalo, é un absoluto asalto e un ataque directo e frontal ao xornalismo público, para seguir utilizando a CRTVG para o seu interese particular e partidista. Para seguir manipulando e arrastrando polo chan sen pudor nin vergonza a radio e a televisión públicas de Galiza que, quero lembrar, a quen lle pertencen é ás galegas e aos galegos.

Nós no BNG opoñémonos frontalmente desde o primeiro momento a esa reforma da lei de medios públicos. Imos seguir denunciando o que está facendo o Partido Popular, como están tamén facendo as traballadoras e os traballadores da casa nesa folga ou nese movemento de Defende a Galega que leva tantos anos poñendo negro sobre branco o que está acontecendo cos medios de comunicación públicos deste país. Nós imos seguir defendendo o dereito fundamental das galegas e dos galegos a ter unha radio e unha televisión públicas á altura do que se merecen e, sobre todo, que estea ao servizo do pobo deste país. E tanto nos ten a ameaza e carta que envíen ao presidente do Parlamento ou a quen queiran. ¡Non nos van calar!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Ten a palabra a señora Carmen Pomar.

**A señora POMAR TOJO:** Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.



Un saúdo tamén ao representante do comité que nos acompaña hoxe nesta sesión plenaria.

Miren, dun tempo a esta parte, señorías dos Socialistas de Galicia, supéranse cada día, non deixan de sorprendernos. Bo exemplo disto é a moción que agora debatemos e que nada ten que ver coa interpelación rexistrada inicialmente, en relación co procedemento de elección da Dirección Xeral da CRTVG contemplada nese anteproxecto de lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Bueno, en realidade pouco do que dixo vostede, señora Rodríguez Dacosta, ten que ver coa moción.

Mire, o que antes era unha urxencia absoluta, agora non interesa. ¿Por que? Porque os cambios impulsados polo sanchismo na RTVE desautorizaron completamente a súa interpelación. Como dicía recentemente alguén moi coñecido para vostedes, Felipe González: «rectificar é de sabios, e de necios ter que facelo a diario». Señorías socialistas, vostedes rectifican día si e día tamén.

Fagamos un pouco de memoria. Como xa se dixo, a Xunta de Galicia está a tramitar dende a pasada primavera o anteproxecto de Lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Unha lei que xorde para axustarse á nova lexislación estatal e europea, así como aos cambios tecnolóxicos e ás mudanzas no patrón de consumo audiovisual. Trátase dun texto legal, señoría Rodil; isto é unha lei, non un decreto. A que non debe equiparar é vostede. Sabe a diferenza, ¿non? Coñece a diferenza entre un decretazo e unha lei. É unha lei; non unha repartición, ademais, de sillóns amigos. É unha lei. ¡Non equipare vostede! *(Aplausos.)*

Dicía que era un texto legal transparente, co texto ao dispor de quen o queira consultar dende o primeiro momento; participativo, aberto a suxestións e alegacións; e plural —si, plural—, porque blinda a pluralidade da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e incrementa a participación social, incluídos os propios profesionais da Corporación e do sector audiovisual a través do Consello asesor de participación social e profesional, integrado por quince membros, nove dos cales serán elixidos neste Parlamento. Plural e participativo —insisto— e con sincera vocación de consenso, porque o Anteproxecto de lei busca iso: o consenso na futura elección do director ou directora xeral da Corporación, contemplando ata dúas fórmulas diferentes para a elección por maioría reforzada do Parlamento de Galicia. Tomen nota. Primeira opción de consenso: a persoa titular da Dirección Xeral será elixida polo Parlamento por unha maioría de dous terzos. Segunda opción de consenso: de non acadarse a maioría de dous terzos no prazo dun mes, poderá repetirse a votación para elixir a Dirección Xeral por maioría cualificada de tres quintos. E, como última opción —insisto, última opción, descartadas as dúas anteriores e para evitar bloqueos ou interinidade—, a lei contempla a elección por maioría absoluta na seguinte sesión plenaria; é dicir, como mínimo dúas semanas despois da segunda votación. Nós queremos, buscamos e alentamos o consenso, señorías. Por iso vimos de rexistrar unha iniciativa neste Parlamento que busca precisamente este consenso. Está por ver que vostedes compartan este mesmo obxectivo. ¿Saben por que? Porque converteron a CRTVG nunha ferramenta de confrontación política permanente coa que atizar á Xunta de Galicia. ¡E xa está ben, señorías! *(Aplausos.)*

Prosigo. A Lei galega mantén a elección dos integrantes do Consello de Administración propostos polos grupos parlamentarios por maioría cualificada de dous terzos no Parlamento



de Galicia. De non acadarse esa maioría, a votación repetirase nun prazo dun mes e abondará a elección por maioría de tres quintos. É dicir, blíndase a pluralidade do Consello de Administración e a súa elección por maioría reforzada. Polo tanto, señorías, a Xunta de Galicia busca o consenso para a elección da Dirección Xeral da CRTVG por todos os medios ao seu alcance e deixando tempo abondo entre unha lección e outra para que os grupos poidan negociar e consensuar.

Pola contra, e dada a situación de ingobernabilidade que se rexistra na Corporación de Radio-Televisión Española, o Consello de Ministros do pasado martes 22 de outubro aprobou por sorpresa un real decretazo para, entre outras medidas, rebaixar as maiorías necesarias para renovar a cúpula da Corporación e aumentar o control sobre o ente público. Mentres que ao PSOE se lle enche a boca falando da transposición de directivas comunitarias, aproban un real decretazo para servir os intereses de Pedro Sánchez. Real decretazo, por certo, que foi votado no Congreso dos Deputados en plena situación de emerxencia pola DANA nun pleno extraordinario que foi mantido na orde do día a pesar de ser suspendido o pleno ordinario, coa complicidade de todos os socios de Sánchez — todos —.

Por certo, seguen coas présas, porque esta mañá xa se celebrou unha sesión da Comisión de Nomeamentos para que comparecesen catro dos conselleiros propostos. As Cortes Xerais elixirán os membros do Consello de Administración, once polo Congreso — a proposta feita xa é coñecida como o «consello dos alineados», e alienados tamén — e catro polo Senado. A elección levarase a cabo polo pleno de cada cámara por maioría de dous terzos e, de non acadarse esta maioría de dous terzos, en calquera das dúas cámaras, transcorridas 48 horas — 48 horas —, repetirase a votación, requiríndose xa nesta segunda volta a maioría absoluta para a elección. Cando falaba de fraude, señoría do PSdeG, referíase a isto ¿non? O Congreso designará entre os conselleiros electos do Consello de Administración a persoa que desempeñará a presidencia da Corporación de RTVE e do Consello. Mentres en Galicia se ve blindada a pluralidade e a elección do Consello de Administración por maioría reforzada, o Consello de Administración de RTVE poderá elixirse só por maioría absoluta das cámaras, cunha repartición que prima o PSOE e os seus apoios no Congreso, que elixirá once membros fronte aos catro do Senado, onde a maioría é do Partido Popular. Vólvome referir a palabras de Felipe González sobre a situación do Sanchismo — literalmente —: «Lévanos a cambiar de posición cada día. Se se necesita un voto ou sete ou cinco».

Permítanme, señorías, que faga por último unha referencia á folga indefinida de principios de febreiro. O programa *O Termómetro*, o suposto detonante da folga, é unha coprodución da TVG con dúas empresas que pertencen ao clúster audiovisual galego; clúster que, por certo, xa se sumou a ese anteproxecto de lei. Exactamente o mesmo esquema que se utiliza na actualidade en TVE con *Mañaneros* ou *La Hora de la 2* e no resto de canles autonómicas. Non se comprende por que esta fórmula é escusable no resto de medios públicos de España, pero non en Galicia. O que serve para a TVE non serve para a TVG. Por favor, señorías, un pouco de coherencia. Hai un refrán — vello xa — español que define perfectamente o bucle no que está inmerso o socialismo galego: *consejos vendo, que para mí no tengo*. (Aplausos.)

Polo tanto — e remato xa, presidenta —, abandonen xa esta impostura, señorías. Xa non cola. Agarden a que o Anteproxecto de lei de servizo de medios públicos de comunicación de Ga-



licia inicie a súa tramitación —por certo, democrática— neste Parlamento. Teñen a nosa man tendida para o pacto e para a procura do consenso. Téñena hoxe e sempre.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Peché. Señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas de novo, presidenta.

Señora Pomar, voume moitísimo máis tranquila. Todo está perfecto na CRTVG. Entón, ¿por que levamos en Galicia case catrocentos venres negros, 336, e seis anos de protestas dos traballadores? ¿Por que esta folga? ¿Por que catrocentas sentenzas en contra do ente público e a favor dos dereitos dos traballadores? Algunha do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por vulnerar dereitos fundamentais dos traballadores. ¿Por que Defende a Galega? ¿Por que a imputación de directivos da CRTVG? Pois non. Segundo vostede, existe pluralismo e paz sindical.

A verdade é que me gusta que replique textualmente o que dixen eu o outro día na comparecencia de orzamentos, que lle dicía a vostede precisamente «consellos vendo, que para min non teño». Agora aplícao á inversa. (*Risos.*) Parece que lle gustan os argumentos que expuña na comparecencia.

Mire, ¿por que non fala disto? ¿Que vontade negociadora mostra a CRTVG cando a dirección, o señor Izquierdo —bueno, o Partido Popular, ao fin e ao cabo— se negou a recibir os secretarios xerais de UGT, de Comisións, da CIG e da CUT? Foi quen de conseguir que os secretarios xerais fixesen un comunicado moi duro e moi contundente, dirixido ao señor Izquierdo, director da CRTVG. Falaban dese nulo talante negociador, porque dicía el que esta era unha xestión empresarial e que realmente non tiña nada que ver cun conflito laboral. Pois nada máis incerto. Hai que ter cara dura —falando vulgarmente—, porque si ten que ver: a privatización de contidos é un conflito laboral, afecta o volume de traballo, precariza as condicións laborais e afecta dereitos fundamentais. Si si, é certo, nove traballadores están agora prestando servizos nos platós da Televisión de Galicia en fraude de lei. Seguramente despois dítaranse sentenzas que persigan esas prácticas.

Cinco mil euros por hora máis nos custa aos galegos e ás galegas a emisión deste programa inventado por vostedes, *O Termómetro*. Se son dúas horas e media que dura o programa da mañá, o magazine, 12.000 euros máis aos galegos á galegas. Que non é o peor —que tamén—, pero é que deixan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou falando, eu escoiteina sen falar. Deixan baleiro de contido moitos traballadores e traballadoras. Porque mire, señora Pomar, eu non sei se sabe que o Goberno bipartito tiña uns traballadores en plantilla e vostedes agora teñen 113 menos traballadores na CRTVG. ¿Por que? Porque están a externalizar, a baleirar de contido —si, señora—. E nomean a Alberto Varela —e téño que dicir— xefe de informativos a dedo, que reproduce exactamente os argumentos dos seus deputados do Partido Popular, desacreditando o traballo do Consello da Cultura galega, nada máis e nada menos. Permítame que diga





exactamente o que dixo o señor Alberto Varela, ese xefe de Informativos da Radio Galega, sobre o Consello: «cando toque avaliar o estado da literatura ou patrimonio...»...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** .... remato— «...ímoslle ter que pedir informe ao Consello de Biólogos». ¡Pois manda truco! Esa é a pluralidade que vostede está defendendo nesta tribuna; non existe pluralidade, senón que existe manipulación, e vostedes queren facelo por lei, con esa lei que sigo esperando que retiren.

Nada máis, grazas presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión e será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde e retómase ás catro.*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Imos á terceira moción da orde do día.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción non se presentou ningunha emenda, e, para expoñela, por tempo de oito minutos, ten a palabra don Óscar Insua Lema.

**O señor INSUA LEMA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Hoxe traemos esta moción sobre financiamento local, que deriva da interpelación que fixemos, hai dúas semanas, ao conselleiro de Presidencia, o señor Diego Calvo.

Lembro que dixera que para nós —e para todo o mundo— a solución de financiamento das entidades locais só podía pasar por resolver e executar tres cuestións: a delimitación de competencias, un novo sistema de financiamento —e dicía, hai uns días, iso— e a blindaxe, por lei, destas dúas cuestións.

Despois do día do debate que tivemos, hai que dicir que a impresión é que, no fondo, non hai moitas diferenzas, no que é a percepción do problema. Facendo unha análise obxectiva da realidade que están a padecer os concellos, podemos identificar claramente os elementos distorsionadores, e os operadores, neste caso, os alcaldes, coinciden tamén plenamente no diagnóstico, que non é outro que a asunción de competencias impropias sen financiamento adecuado. Isto quedou patente estes días na Comisión de Orzamentos, como puidemos ob-



servar e como podemos escoitar dos presidentes das diferentes deputacións, que falaban disto mesmo. Os concellos —como ben dicía— están asumindo e financiando servizos que ofrecen aos veciños e que, en realidade, non tiñan que asumir, e, para os cales, ou non teñen financiamento, ou este é mínimo, ou non é suficiente. Depende da materia, pois non é igual o afogamento económico en todos os servizos que prestan de forma delegada —tamén hai que dicilo—.

Falei, o outro día, de competencias impropias en materia social, como son o financiamento dos servizos comunitarios xestionados polos concellos en materia de dependencia, o SAF —como todos ben sabedes—, ou as escolas infantís. En materia de educación, como, por exemplo, o mantemento e a conservación dos colexios de educación obrigatoria ou as escolas de Música; ou mesmo, tamén en materia de sanidade, como pode ser a xestión das unidades de atención á drogodependencia —da cal tamén se falará esta tarde, hoxe aquí— e sobre a cal se vai a debater despois da miña intervención. Tamén podemos falar, evidentemente, do control dos animais abandonados, por exemplo, porque aquí hai para todos.

Hai concellos que, ante a inacción da Xunta, á hora de ofrecer servizos e, como consecuencia desta e ante o posible éxodo —digámolo así— ou despoboamento do rural, pois optan por seguir ofrecendo determinados servizos para seguir mantendo o censo da poboación, e, dalgún xeito, manter vivas as pequenas vilas que, día tras día, quedan sen habitantes —como sabedes—, cun crecemento vexetativo negativo practicamente en todo o noso país.

É dicir, sobrevivir e seguir prestando servizos a calquera custo foi unha constante, e é, en moitos dos nosos concellos, sobre todo despois da crise económica do ano 2010, é dicir, dos recortes, de estar sometidos ás regras de gastos, da obriga de liquidar a débeda de forma prioritaria... E a xente —como sabedes— seguiu desprazándose cara ás cidades, onde tiñan máis servizos, máis oportunidades laborais e mellores comunicacións para desenvolver un futuro. Eu, ás veces, pregúntome onde están os logros desa Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galiza. Eu non vexo que aquí se remontase desde que se aprobou a dita lei.

Neste contexto e coa enfermidade, desde logo, diagnosticada, toca receitar, toca prescribir o medicamento, e aí é onde os camiños si que se bifurcan. Mentres que os concellos seguen asolagados e coa auga ao pescozo sen deixar de ofrecer os servizos públicos aos veciños e ás veciñas, a Xunta, por un lado, empéñase en que o novo modelo de financiamento dos concellos ten que ser coetáneo e simultáneo ao do modelo de financiamento das comunidades autónomas; polo tanto, parece que non pensa dar unha solución rápida, áxil e inmediata aos concellos.

Como ben dixen e repito, a última reforma é do ano 2004 e a de financiamento autonómico é do ano 2014. Mentres tanto, o Partido Popular gobernou con maiorías e con apoios, tanto no Goberno do Estado como aquí, en Galiza. Entón —digo eu—, algo de responsabilidade tamén terá o Partido Popular —¿non?—, despois de estar gobernando 35 anos, nisto de que non teñamos un sistema de financiamento para os concellos. O que se ve é que o PP, mentres poida facer política, parece que vai desgastar o Goberno central, responsabilizándoo exclusivamente de todos os males e das súas carencias como gobernantes; e todo isto aliñado co tema da manipulación informativa e do control férreo da CRTVG. E parece que non vai cam-



biar nin un ápice esa folla de ruta. Prefire antepoñer os intereses políticos e mailos intereses de Feixóo, antes que resolver os problemas dos concellos e dos seus propios alcaldes —porque isto é unha realidade—.

E digo isto, porque nós cremos que si que hai outra folla de ruta, que é posible, incluso —se queren vostedes— provisional, que é o que levamos na moción, é dicir, mentres non se define ese novo sistema de financiamento, que é o que pedimos hoxe con esta moción. Por un lado, pedimos aumentar o fondo base do Fondo de Cooperación Local, con todas esas partidas orzamentarias, a base dos 40 millóns que hai no fondo adicional e tamén as outras moitas axudas que vostedes din que dan aos concellos, e repartir todo iso con carácter incondicionado, tal como pide a Fegamp e tal e como piden todos os alcaldes de todas as cores.

Estas axudas que hai para socorristas, para patrullas de policía local en municipios turísticos, as ADL... É que, ao final, son necesidades estruturais, e, ano tras ano, están dando cartos aos concellos por medio de subvencións, e, ¿por que non se incorpora iso no fondo base? É dicir, a Xunta parece que non quere imitar o que si que se está facendo, e se fixo, nas deputacións cos plans únicos, cos cales todos os alcaldes e alcaldesas están satisfeitos. Eu non sei se será porque non queren recoñecer o que é un éxito dun Goberno, que non é do Partido Popular, ou se será porque vostedes o que queren é seguir utilizando unha política de amiguismo, de servilismo e de favoritismo, que tan ben lles funciona nalgúns dos concellos rurais. É dicir, a política de repartir cartos entre concellos con criterios partidistas e con convenios exentos de ningún tipo de control.

Eu penso que non ten sentido ningún que a Xunta farde de repartir entre os concellos case seiscentos trinta millóns de euros —que din que están orzados—, dos cales só 112 millóns, máis eses 5 millóns que se incorporan este ano para os concellos de 15.000 habitantes, son 118 millóns, con criterios que son obxectivos e acordados co municipalismo. E os outros cartos, pois que se repartan como dixen: como lle veña, neste caso, en gana ao Partido Popular. Xa digo, isto se pode arranxar sen esperar un novo sistema de financiamento do Estado; e disto vai a moción, mais hai que ter menos conto e máis vontade para avanzar minimamente.

Lembro, por enésima vez, que este reclamo non é exclusivo do BNG, é dicir, é da Fegamp e de todos os partidos que a conforman, tamén do Partido Popular, que se abstivo, e aínda hai pouco, precisamente cando se reuniu a Comisión para dicirlles que ían incorporar os 5 millóns no fondo base.

Eu creo que está bastante clara a moción —xa digo—. Os obxectivos e os problemas, creo que todos sabemos cales son, é dicir, son as competencias impropias sen financiamento. Incluso a señora Paula Prado dicía o outro día, na Comisión da Presidencia, que, efectivamente, a Lei de bases había que cambiala e que era unha realidade que había que modificala —aínda repasando o outro día o vídeo—. Pois disto vai esta moción: de que temos que pedir que se cambie a Lei de bases e de que hai que delimitar esas competencias. E mentres non teñamos outro sistema de financiamento local —eu creo—, si que podemos incorporar ese fondo adicional no fondo base do Fondo de Cooperación Local e incorporar moitos máis cartos doutras subvencións que son de necesidades estruturais e que todos os anos se dán aos concellos.



Bueno, pois o que temos que facer é dár-llelos ao principio do ano, sen ter que burocratizar —como está de moda ultimamente nas campañas da Xunta—...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Insua.

**O señor INSUA LEMA:** ...a Administración galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos os presentes.

Dicía George Orwell que a liberdade consistía en poder dicir que dous e dous son catro.

Entón, aquí, o señor portavoz do BNG, que me antecedeu na palabra, esencialmente veu dicir que dous e dous son catro. A exposición que fixo da problemática é dificilmente discutible e —eu penso— é compartida absolutamente por todos os que aquí estamos, porque alcaldes de todos os partidos —ata do meu— temos todos, e coñecemos a problemática.

É un tema sobre o cal sempre falamos. As competencias teñen que, por un lado, estar perfectamente delimitadas e, polo outro lado, as competencias deben ir acompañadas do correspondente financiamento; ademais, polo outro lado, cando se impoñan unhas determinadas competencias —porque moitas veces son imposicións—, estas deben ir acompañadas do correspondente financiamento. Isto é de sentido común.

O que aporta aquí fundamentalmente, ¡home!, son unhas solucións que si poderían ser as solucións a este problema. Non teño nada que dicir de ningún dos puntos, salvo do terceiro, que di: «Demandando ao Goberno do Estado a elaboración dunha nova Lei de bases de réxime local». Podería especificar, ao mellor, un pouquiño cales serían os atributos desa lei, porque sinxelamente, pedir unha nova lei sen tratar de especificar, polo menos en termos xerais, en que debería consistir e en que medida contribuiría para solucionar o problema de competencias e de financiamento das entidades locais —¡pois bueno!— é o único punto que eu vexo —digamos— demasiado abstracto. En realidade, só menciona iso: pedir unha nova lei, pero —xa digo— debería especificar e darnos algunhas pistas de cales poderían ser as modificacións tomadas en referencia á Lei de bases de réxime local que está actualmente en vigor ou cales poderían ser os cambios para que este problema se solucionase.

Eu creo que temos todo claro. Os concellos son a Administración pobre e as autonomías son a Administración rica. Os concellos asumen por necesidade, moitas veces imposta polas circunstancias e pola praxe cotiá, competencias que non lles son propias e que non



lles corresponderían, pero ante a problemática, é dicir, cando temos a xente de diante, cando temos as persoas con nomes e apelidos diante, non as poden deixar desafiuzadas ante determinadas situacións, e os concellos, con escasos recursos, asumen as solucións que poden. Desde a Autonomía eses problemas vense desde máis lonxe. As administracións locais están facendo de barreira entre a primeira liña de lume e a Administración autonómica, entón ¡claro!, como non ten percepción sensorial directa sobre esta clase de problemas, pois, ao mellor, prolóngaos no tempo ou —digamos— non lles ve a prioridade en resolvelos.

Apoiaremos esta moción e, se no turno de peche o portavoz do BNG nos podería dar —máis que nada, por curiosidade— algunhas pinceladas acerca do que entende que poderían ser as novidades desa nova Lei de bases de réxime local que poderían contribuír para mellorar esta situación, pois tamén llo agradeceríamos.

Nada máis, grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Lara Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Pois o Partido Popular basea a súa acción política en dúas premisas —dicía onte xa tamén na Comisión—: a primeira premisa é «temos maioría», e con iso xa arranxan todo; maioría que só utilizan para ir contra a oposición, incluso cando vai con iniciativas propositivas, que van sumar e redundar positivamente en todo o territorio. E a segunda premisa é «temos orzamentos», que son uns orzamentos repetitivos que non se executan pola falta de implicación e compromiso do Goberno, e nalgún caso son irrealizables porque poñen partidas que saben que non se van realizar.

Isto tamén se dá no sistema de financiamento da Administración local, xa que o incremento que sofre este orzamento, en canto ao fondo galego, é ridículo e non cobre as necesidades dos concellos. Estamos a falar de que sobe en 9,9 millóns de euros, o cal supón un 6,28 por cento —o que sobe o orzamento en xeral—, e, polo tanto, nesa dinámica dese incremento, vemos, pola contra, como o Estado si fai un incremento do 13 por cento —iso si— para todos os concellos, porque a Xunta, nese fondo base a que dedica 118 millóns, quere deixalo exclusivamente para os concellos de menos de quince mil habitantes, deixando fóra desa subida o 65 por cento da poboación. E nós podemos entender que haxa que facer discriminacións positivas, pero hai outras mecanismos e outras vías, sen quitarlle ao resto dos concellos, como pode ser o fondo adicional, que xa ten ese carácter finalista.



E voules poñer un exemplo dun concello. Tomei como exemplo o Concello de Vilagarcía, por ser o Concello do presidente da Fegamp, que, ademais, é curioso porque a Xunta está facendo oposición a un alcalde —a Xunta de Galicia está facendo oposición a un alcalde—. Bueno, pois a este concello a Xunta aporta ao redor dun millón de euros e o Goberno do Estado, 10 millóns de euros, pero é que a Deputación provincial lle aporta o mesmo que aporta a Xunta de Galicia, é dicir, 1 millón de euros. Ou póñolle outro exemplo: a Deputación da Coruña —dicíao onte o presidente da Deputación— practicamente destina o mesmo a 93 concellos que ten a Provincia da Coruña que o que destina a Xunta de Galicia aos 313 concellos. E esta é a realidade. Despois dirannos que, desde as consellerías, se dá e se financian tamén actuacións nos concellos.

É certo que hai 200 millóns de euros para facer unha repartición —¡iso si!— arbitraria, unha repartición discrecional: «a ti si» e «a ti non»; e o «si» e o «non» depende basicamente da cor política do alcalde ou da alcaldesa de cada un dos concellos. E esta é a realidade de como se manexa o Partido Popular, sen contar con que, claro, dos 200 millóns deixan case o trinta por cento sen executar. Esta é a realidade.

E o Partido Popular sacaba a Lei 5/2021, para impulsar a demografía de Galicia. O propio artigo 13 da dita lei falaba de crear un fondo específico. Pois tres anos despois —e aquí é onde poderían facer vostedes esa discriminación positiva para os concellos con menos recursos e con menos posibilidades— segue sen dotarse. Este é o compromiso que ten o Partido Popular.

E o Partido Popular o que tiña que facer, en vez de intentar tutelar os concellos —que parece que é o que queren, é dicir, non queren que teñan autonomía a través do financiamento porque, se non, perden esa dependencia, e teñen que estar rogando, ano tras ano, para que lles financien as competencias impropias; competencias que moitas veces veñen pola porta de atrás, derivadas da Xunta de Galicia—, é estar ao seu carón e ser unha administración que busque a cogobernanza que tanto demandan, pero que pouco practican, ao igual que fai co financiamento autonómico, que tanto demanda, pero que pouco practica, en canto falamos de financiamento local.

Para abordar esta situación, basicamente baséase en dous piares: un, marco lexislativo —como eu mesma, na interpelación que presentaba o meu grupo, defendía—. Hai que ir cara a un marco lexislativo novo; a Lei de bases do ano 1985 evidentemente está desfasada, e polo tanto hai que ir cara a unha lei nova, pero non con parches, como fixo tamén o Partido Popular cando gobernaba no Goberno de España coa Lei de racionalización ou coa Lei de medidas urxentes, as cales, o único que fixeron foi afogar máis os concellos. E, pola outra banda, o outro pilar é —¡mire que fácil!— orzar, é dicir, dar financiamento. Nas miñas intervencións puxen de exemplo un concello, como o de Xermade, que volverei poñer de exemplo porque este ano xa non só ten que dedicar o trinta por cento do seu orzamento, senón que vai subir ao cincuenta por cento o orzamento que ten que destinar para o pagamento do SAF, por exemplo, que poñiamos como exemplo desa competencia impropia, que os concellos só deberían prestar e non financiar, pero que teñen que facelo. E isto vai levar ao afogamento dos municipios.

E —como dicía— o PP fala moito, pero práctica pouco. Incluso o propio presidente, o señor Rueda, iniciaba a súa comparecencia destes días, falando precisamente diso, do financia-



mento autonómico, pero pouco da local. E o financiamento da Administración local é crucial pola sustentabilidade dos servizos públicos; sen o adecuado orzamento, sen os recursos necesarios, a calidade de vida dos cidadáns merma, e merma considerablemente. Cando falamos de servizos sociais, cando falamos doutras moitas competencias que, indirectamente, ademais, están asumindo, incluso no eido da competencia, da educación ou da sanidade, para os cales tamén teñen que poñer recursos. É crucial para o desenvolvemento económico, para a autonomía e para a autoxestión, para adaptar as necesidades específicas, para poder facer unha planificación a longo prazo e para non estar esperando a que a Xunta lles dea migallas para poder facer actuacións puntuais e non poder planificar, porque o desenvolvemento e as transformacións do territorio veñen cunha planificación a medio e a longo prazo e non cunha mirada curtopracticista. E o feito de non dispoñer de financiamento autonómico fai que teñan que ter mirada curtopracticista porque non saben o que van ter mañá e, polo tanto, isto dificulta moitísimo e non poden planificar proxectos a longo prazo.

A asunción de competencias impropias, sen o correspondente apoio financeiro, implica cuestións moi negativas para os concellos, porque, á parte, teñen que realizar recortes noutras áreas esenciais, incluso naquelas que son de competencia propia municipal, como pode ser o saneamento e o abastecemento. Claro, aquí poderíamos falar tamén do canon da auga, este imposto finalista que recadan os concellos para darlo á Xunta, pero despois a Xunta non reverte no territorio, ou non en todos os lados, só naqueles concellos do Partido Popular. Pediamos á Xunta de Galicia que este plan —tal e como o pide a Fegamp—, como este canon da auga, que reverta, cando menos, unha porcentaxe —e a Fegamp falaba dun cincuenta por cento, mínimo— no concello que recada, e despois evidentemente, aplicar o principio de solidariedade. Non imos negar nós, como socialistas, o principio de solidariedade. E afecta moitísimo a calidade dos servizos, a desigualdade territorial, a ter que depender de subvencións, e polo tanto, a ter que asumir competencias impropias, pois contribúe para mermar moito a calidade de vida dos veciños e das veciñas.

E, claro, tanto que piden un plan único, sobre o cal, ademais, temos que dicir que agora todas as deputacións, incluso as do Partido Popular, se sumaron á de Ourense.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizo, presidenta.

E imos pedir tamén á Xunta de Galicia que faga un plan único para todos os concellos, con reparticións obxectivas e con criterios claros e definidos para que non utilicen os fondos públicos, os fondos de todos os galegos e as galegas, cun uso partidista, que é o que acostuma realizar o Partido Popular aló onde goberna.

Por iso imos votar a favor desta iniciativa porque é unha iniciativa que vén moi na liña da que xa presentabamos nós, tanto na interpelación como na consecuentemente moción, e que vén redundar na importancia de que os concellos teñan autonomía a través do financiamento.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

En relación co tema que abordamos neste debate, gustaríame manifestar o que xa dixen no pleno da semana pasada, é dicir, que en relación co acordo ao cal chegaron, no ano 2017, a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias —cando a Fegam era outra cousa, señora Méndez— para impulsar unha nova Lei de bases do réxime local de Galicia, ¿lembra esta foto? (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía recollida nun recorte de prensa e sinala co dedo unha persoa presente na imaxe.*) Este señor, Alfredo García, era o presidente da Fegamp e representante do Partido Socialista, quen, en xaneiro de 2017 asinou un acordo coa Xunta de Galicia, que hoxe voou polos aires co novo presidente da Fegamp, tamén do Partido Socialista. Agora falaremos de que é o que está facendo o señor Alberto Varela na Fegamp.

Mire, nese acordo o que se dicía era que se tiña que blindar o financiamento local e definir as competencias dos municipios, pero, naquel momento, tamén advertimos da importancia de que o Goberno central levase a cabo unha reforma da lei a nivel estatal. E isto non é unha obsesión da Xunta de Galicia; esta é unha cuestión que se abordou naquela reunión en que a Fegamp estaba representada polo seu presidente que —insisto— era alcalde socialista e que coincidía nos mesmos termos que a Xunta.

Seguimos sen contar cunha normativa clara. E eu aí non estou de acordo co representante de Democracia Ourensana porque, efectivamente, o único que se salva desta moción é o punto 3, é dicir, que realmente é necesaria unha nova Lei de bases de réxime local, e, se nos deixan, votaremos por separado ese punto.

Pero, lamentablemente, dende xaneiro de 2017 mudaron moitas cousas e sobre todo mudou o Partido Socialista. Decía o señor Insua que non ve por ningún lado a Lei de impulso demográfico. Eu convídoos, señor Insua, a que mire os datos. Mire, os últimos datos: en xuño do ano 2021, Galicia tiña 2.691.000 habitantes; en xuño do ano 2024, 2.706.000. ¡Home!, algo aumentou a poboación. Eu non sei se vostede ten os datos ou non os quere ver.

E, pola regra do BNG, collemos todas as axudas que hai para a elaboración dos PXOM, métemolas todas nun paquete e dámosllela aos 313 concellos, teñan PXOM ou non teñan PXOM. Non sei se é iso o que vostede quería dicir aquí, é dicir, que os paquetes de axudas se fagan para todos os concellos e, polo tanto, non para algúns.





Tamén dicía a señora Méndez que co cargo do canon da auga non se fai nada. ¡Home!, están tramitándose nesta Cámara os orzamentos para o ano 2025, e xa que vostede puxo o caso de Vilagarcía eu convídoa, señora Méndez, a que mire o orzamento do ano 2025, respecto do canon da auga e o que vai para Vilagarcía, porque mire, en mellora, en saneamento e en depuración de augas van 3.060.000; en ampliación da depuradora, 826.000 euros... ¡Menos mal que vai todo para concellos do PP, señora Méndez! ¡Menos mal! (*Aplausos.*)

E, claro, vén vostede aquí pedir máis fondos para os concellos, cando vostede mesma, sendo a alcaldesa de Lugo, perdeu os fondos do cuartel de San Fernando ou renunciaba a pedir as axudas para os socorristas. ¿Para que veñen vostedes dicir aquí que as axudas se dean a todos os concellos, se vostedes onde gobernan renuncian a elas?

Mire, en Vilagarcía concretamente —tamén un caso de que vostede falou—, ao presidente da Fegamp, alcalde socialista, non é que a Xunta lle faga oposición, faise oposición el mesmo porque está pedindo máis cartos para os concellos, pero alí onde goberna este señor, na alcaldía de Vilagarcía, deixou escapar 2 millóns de euros dos fondos EDUSI. E mire, a Xunta, este ano para Vilagarcía..., ¿sabe canto ten Vilagarcía nos orzamentos do ano 2025? 17 millóns de euros da Xunta de Galicia. ¿Parécelle pouco? Pois mire, hai un novo centro de saúde —ese que vostedes tanto demandan—, pois 9,2 millóns de euros para este ano; e un total de 19 millóns de euros para a construción dese centro de saúde de Vilagarcía.

Na Coruña, Inés Rei, representante do socialismo, da FEMP. Deixou o pasado ano 326 millóns de euros para os barrios da cidade.

¡Bueno!, de Vigo, o de Vigo é clamoroso. Mire, o expresidente da FEMP deixou de gastar o corenta por cento dos investimentos previstos para este ano. Vou mencionar noticias, ¡¿eh?! , que saen en prensa: (*A señora Prado del Río mostra recortes de prensa que procede a ler.*) «*Vigo se queda sin el Amazon vigués y la reforma del mercado de Teis tras perder las ayudas: el Gobierno local se ha visto obligado a devolver más de un millón de euros de fondos procedentes de la Unión Europea por no ejecutar las actuaciones previstas.*» Outra noticia: «*El Concello de Vigo no solicitó 300.000 euros de ayudas europeas para la escuela infantil de la plaza de la Industria*». Iso si, despois de o alcalde facer dez anuncios, perden os cartos para a escola infantil. E vostede falábame de máis escolas infantís, ¿para que? Para non construílas, para non dar servizo, para que se perdan os fondos... ¿Vostedes alí en Vigo fixeron oposición ou dixeron algo da perda destes fondos, señor Insua? Estamos falando dunha escola infantil para 60 ou 65 familias —díxoo o alcalde—. Pois eu teño que dicir que son 60 ou 65 familias que deixan de percibir ese servizo por incompetencia na xestión do Concello e do alcalde de Vigo.

Vigo tamén perdeu 240.000 euros dos fondos europeos da FEMP para os parques infantís de Camilo José Cela e do Berbés, pero en Vigo van sobrados —van sobrados— porque cando o Concello de Vigo non solicita axudas... ¡non, non! Di que si o señor Font; di: «si, imos sobrados». ¡Claro!, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) por iso non solicitan axudas (*Aplausos.*) para contratar vítimas de violencia de xénero, señorías; seis mulleres que poderían ser contratadas como vítimas de violencia de xénero para adquirir a súa independencia económica, en Vigo, como van sobrados, non pediron esas axudas.



Mire, isto é unha indiferenza, señorías. A vostede faille moita gracia e a min non me fai nin-gunha, pero é unha indiferenza que afonda no desprezo que teñen vostedes polas vítimas de violencia de xénero. Ao igual que fixeron coa Lei do só si é si, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) poñendo na rúa agresores sexuais, pederastas e violadores, con esa lei que os perseguirá sempre, señorías. (*Aplausos.*)

E o BNG presenta esta iniciativa para pedir máis cartos, ¡pero bueno!, alá onde vostedes go-bernan, señor Insua, son incapaces de executar os seus propios orzamentos e de levar a cabo os investimentos previstos.

Mire, na Deputación da Coruña, que gobernan xunto co Partido Socialista, o seu nivel de execución orzamentaria é do 19 por cento; na Deputación de Lugo, nivel de execución, pouco máis dun 27 por cento. ¿E nos concellos do BNG que pasa? Pois mire, non é que apenas su-pere o 50 por cento, é que deixan cartos sen gastar.

Mire, señor Insua, en Ribeira o alcalde do BNG deixou sen investir 7 de cada 10 euros; en Santiago, a alcaldesa do BNG deixou sen investir 8 de cada 10 euros; en Pontevedra, o tamén alcalde do BNG a duras penas é capaz de executar o 30 por cento dos investimentos que ten previstos. ¿Para que queren máis fondos, señor Insua? ¿Para subirse os soldos? ¿Para con-tratar asesores, como fixeron no Concello de Santiago? ¡Claro que si, claro que si! Subiron un 120 por cento os asesores do Goberno do Concello de Santiago, con soldos de 75.000 euros, señorías; gañan máis que un conselleiro da Xunta. ¿Para que? ¿Para prestar mellores servi-zos? Non. Hoxe en Santiago non hai ninguén que poida solicitar unha licenza que lle tarde menos de tres anos, señorías, e cada día, por desgraza, iso vai a máis. Así que máis cartos para asesores, menos servizos para a cidadanía. (*Aplausos.*)

Miren, nós temos a sorte de contar cun goberno na Xunta de Galicia como o de Alfonso Rueda, co que dende o ano 2009 os fondos autonómicos para os concellos se incrementaron nun 38 por cento. Este ano os concellos recibiron máis de 600 millóns de euros por parte do Goberno galego, e para o ano 2025, nos orzamentos que estamos tramitando, recibirán unha cantidade récord de 641 millóns de euros.

É curioso ver que vostedes piden sempre máis fondos, piden menos competencias, pero vostedes calan cando o Goberno de España aproba leis que lles implican máis competen-cias aos concellos pequenos, como pode ser a taxa do lixo, que xera novos gastos, os de-derivados da xestión da retirada do amianto ou os derivados da aplicación da Lei de benestar animal.

Señora Méndez, ¿sobre iso vostede non ten nada que dicir? ¡Ah!, non, porque iso, como o aprobou Pedro Sánchez, pois hai que dicir a todo: *sí, mi amo*. Pois non, señoría. Para que vos-tes teñan credibilidade, teñen que criticar tamén as leis estatais que lles poñen enriba da mesa aos nosos concellos máis competencias...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e con menos cartos.



Remato xa.

Miren, en todo o que sexa blindar o financiamento local e definir novas competencias dos municipios, dende a lealdade institucional e coa necesaria implicación do Goberno central, poderán contar con nós. Estamos de acordo co punto 3, señor Insua. Agora, se o futuro pasa por darlle un cupo a Cataluña, que supón 2.500 millóns de euros menos para Galicia e, por tanto, para os concellos e, por tanto, para os galegos e galegas, para iso non conten con nós.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Antes de darlle o turno de peche ao señor Insua, dámoslles un saúdo e unha benvida aos alumnos e alumnas do centro Tirso de Molina, de Ferrol. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Turno de peche, señor Insua, tres minutos.

**O señor INSUA LEMA:** Grazas, presidenta.

Ben, señor Ojea, é dicir, a concreción da extracción que ve vostede, ben, pois refírese obviamente á Lei de bases do réxime local, basicamente ao artigo 25, que fala do tema das competencias, e tamén ao 27, da delegación de competencias, que, efectivamente, garante, en teoría, o correspondente financiamento e a dotación orzamentaria suficiente que deberían de ter estas cousas.

Señora Prado, voulle contestar telegraficamente. Saldo vexetativo negativo con 5.599 persoas no ano 2023, tamén nas cidades, datos do IGE —dígolle—.

En Vigo, efectivamente, si que facemos cousas, e si que protestamos.

Terceira cousa. ¿Como se atreve? Como vostede é previsible: «O Concello de Ferrol executou o 66 por cento do presuposto no ano 2023». ¡Menos leccións!

E a última, Consello de Ministros do 30 de maio de 2014: indulto a un garda civil que gravou unha agresión sexual co seu móbil; do señor Rajoy. *(Aplausos.)* ¿Para que queren vostedes leis se despois andan indultando? *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si si, revise, ¡revise! *(Aplausos.)*

Xa lle dicía e lembraba por enésima vez que este reclamo non é exclusivo do BNG, é da Fe-gamp e de todos os partidos que a conforman, e tamén do PP, que son moitos alcaldes do seu partido que esperan ansiosos ese cambio.

O outro día faláballes dunhas declaracións do alcalde do Pino, do señor Manuel Taboada; non llas vou repetir, pero é que hai máis e vostedes sábeno. Nesa xornada que fixeron sobre fusións aí atrás sobre concellos, organizada pola Consellería de Presidencia, foi outro alcalde



do PP quen deixou en evidencia a política errónea da Xunta a respecto de cal é a solución, o señor alcalde de Carballedo; Julio Yebra Pimentel sostivo publicamente que o debate que propoñen sobre as fusións non era oportuno, do que non se ía falar no resto do Estado español, para iso o crucial era mellorar o financiamento dos concellos, que é menor canto máis pequeno é o municipio, e que o Estado e a Xunta deben aumentar a súa aportación para, ademais, entre outras cousas, custear as competencias impropias que lles trasladan ambas as administracións. A súa declaración, a súa intervención foi aplaudida por moitos dos asistentes e, como ben saben, soamente había alcaldes do PP, porque non había outros alcaldes doutros partidos. Ben, e nin que dicir ao comentario no propio foro do alcalde de Lalín, o señor Crespo; ¿como era?: «moito ánimo aos que seguides crendo nas fusións»; a vos entendedores, poucas palabras bastan —di o refrán—.

É dicir, outra máis no lombo, é dicir, cada día lle van saíndo máis ananos no Partido Popular, e eu xa llelo levo advertido dúas ou tres veces. Pero ¿realmente vostedes escoitan as demandas dos alcaldes, e tamén dos alcaldes do PP? Eu, non sei, creo que ás veces penso que non hai unha actitude desde logo responsable cos concellos, porque os alcaldes —tamén os do PP— son conscientes, incluso —xa digo— os propios do PP, de que a repartición que se fai non é a mesma na Xunta, depende de se levas boina ou se levas birrete. Porque tontos non son. Xa o dixo Balseiro aquí tamén no seu día. E non lles gustan eses tejemanejes que teñen nas consellerías. E por iso é prudente que cambien de táctica, que fagan algo polo ben de todos e de todas aquí, e que contribúan a solucionar da mellor maneira e da forma máis xusta e obxectiva para dar unha solución a un problema que é eterno, na medida en que hoxe é posible aumentando ese fondo base do Fondo de Cooperación Local.

Eu, desde logo, alédome da valentía dos alcaldes do Partido Popular e ánimoos a que non desistan nese empeño en pedir máis cartos e máis servizos, é dicir, que se sigan dando os servizos aos veciños pero que lle sigan exixindo á Xunta o que estamos exixindo nós. Xa digo:...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor INSUA LEMA:** ...—xa vou rematando— o artigo 142 desa tan aclamada Constitución española establece que as facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios de participación do Estado e das comunidades autónomas. Iso é incumprido de forma reiterada por todas as administracións encargadas de repartir os fondos de financiamento aos concellos.

E o artigo 97 da Carta europea de autonomía local establece que «na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión non deberá causar prexuízos na liberdade fundamental da política... » ...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor INSUA LEMA:** ...—xa remato, presidente— «...no seu propio ámbito de competencia». Vostedes fardan de constitucionalismo, de ser cumpridores estritos da legalidade vixente, pero —pregunto eu— ¿que concepto teñen do principio xurídico do imperio da lei?



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor INSUA LEMA:** Cando queren a lei, cúmprena; e, cando non, pois non a cumpren.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(Aplausos.)

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a transparencia na contratación por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos de transporte.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38; abstencións, 1.*



*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Óscar Ínsua... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Si, señora Prado?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Na miña intervención pedín a posibilidade de votar separadamente o punto 3 para votar a favor.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o acepta.

Entón, votamos tal como está redactada.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as mocións.

Continuamos coa orde do día. Punto cuarto, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda e unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Elena Espinosa Mangana, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Convocar de forma urxente os dous grupos de traballo, toda vez que o pasado día 31 de outono foron nomeados os representantes técnicos por parte dos concellos e da Xunta de Galicia, para que avancen nas cuestións técnicas para materializar na Comisión Mixta a plena integración orgánica e funcional da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde.
2. Asinar urxentemente o convenio, de acordo co protocolo acordado con concellos, para a cobertura de xubilacións e vacantes das unidades de trastornos aditivos, mentres non se culmine o seu traspaso ao Sergas.
3. Que, en tanto non se produza a dita integración comprometida, a Xunta de Galicia, financie o 100 % do custo destes servizos que prestan os concellos. Dotando nos orzamentos do ano 2025, a correspondente partida orzamentaria».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Maria Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. - Intensificar o traballo da “comisión mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no servizo galego de saúde”, para dar cumprimento ao cronograma acordado cos concellos e materializar ao longo deste ano 2024 a plena integración orgánica e funcional dos ditos servizos.
2. - Que, en tanto non se produza a dita integración comprometida, financie o 100 % do custo destes servizos que prestan os concellos, tal e como se ven facendo nos últimos anos».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.



Hoxe tócanos facer un pouco de historia, historia de momento sen final feliz, porque a Xunta de Galicia non ten a vontade de que así sexa. E toca falar das unidades asistenciais de drogodependencia que teñen trece concellos de Galicia, concellos que levan anos reivindicando á Xunta de Galicia o traspaso destas unidades ao Servizo Galego de Saúde, por ser a Administración competente nesta materia de xeito exclusivo, segundo o Estatuto de autonomía de Galicia.

Lonxe queda aquel ano 2018, cando a Consellería de Sanidade constituíu unha comisión mixta co obxectivo de definir como se realizaría o traspaso das citadas unidades á Xunta de Galicia. Como é imposible entrar en todos os detalles co tempo de que dispomos, dou un salto do ano 2018 ao ano 2021, onde neste Parlamento se aprobou unha moción na que se instaba a Xunta de Galicia a iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas estas unidades. En decembro do ano 2022 constitúese unha comisión de transferencias entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados para incorporar este servizo sanitario público esencial á rede do Sergas, e establécese un cronograma que a Xunta de Galicia incumpre sistematicamente. Recordar que fixaba como data de transferencia decembro do ano 2023, e estamos a punto de chegar a decembro do ano 2024. E a Fegamp no primeiro cuadrimestre deste ano reunirse de novo coa Xunta de Galicia para reivindicar unha solución urxente, e o único avance foi pedir por terceira vez a mesma información aos concellos, información da que dispuña a Xunta de Galicia porque se lle remitira por parte dos concellos dúas veces.

No pasado mes prodúcese unha nova reunión na que se trataron tres temas: un convenio que para o ano 2025 cubrira o 100 por cento dos gastos que teñen os concellos orixinados polas unidades asistenciais de drogodependencia, a posta en marcha doutro convenio precedido dun protocolo que remitiu á Xunta de Galicia co compromiso de cubrir as xubilacións e as vacantes fora cal fora o motivo e o traspaso, que era o obxectivo final.

Para que a Xunta nunca poida reprochar aos concellos a vontade de negociación, a paciencia, a capacidade negociadora, tamén admitiron crear dous grupos de traballo ou ponencias técnicas: unha para tratar o ámbito dos inmobles e outra para tratar o traspaso de persoal. Señorías, isto parece que encaixa no dito que é ben coñecido: se queres que algo non avance, crea un grupo de traballo.

Pero o non avance desta comisión supón o non avance dunha solución, e a non solución está a crear disfuncións e problemas na abordaxe destes pacientes, vulnerando os seus dereitos a unha asistencia sanitaria integral, multidisciplinaria e de calidade; dificultades e anomalías que o Sergas coñece ben polo reporte dos concellos.

Deficiencias graves de coordinación entre o Servizo de Saúde Mental e a atención primaria e as unidades municipais, un problema máis de saúde mental que tantas veces vimos denunciando. Pero tamén existe un incumprimento das vías de derivación deseñadas no circuíto de asistencia aos trastornos aditivos, solapamento das prestacións e recursos, problemas e inconvenientes para a prescrición farmacéutica, falla de equidade entre os centros na solicitude de probas complementarias, listas de agarda para pór probas complementarias; e así poderíamos citar moitos máis inconvenientes que hoxe se están plan-  
textando.





E, lonxe de dar unha solución, a Xunta segue a tomar o pelo aos trece concellos afectados. Pretendía negar na última reunión a aceptación do protocolo onde a Xunta se encargaría de cubrir todas as prazas que queden vacantes por xubilación ou calquera motivo. E o peor de todo isto, que, en vez de ir na procura dun convenio que cubra o 100 por cento dos gastos, nos atopamos con que nos presupostos do ano 2025 a contía é de 4.022.800 euros, que é exactamente a mesma que a do 2024; nin o IPC teñen en conta.

Pero —o que é máis grave— a Xunta de Galicia baixa a súa participación e o Goberno de España sóbea, ese goberno tan malo de Pedro Sánchez. Exactamente o Goberno de España sobre a súa contribución en 349.506 euros, e nesa mesma contía, nesa mesma contía exacta, é na que baixan os fondos propios da Xunta de Galicia para o convenio da Fegamp para estas unidades de drogodependencia.

A súa intención parece clara —diciáo antes—: tomadura de pelo tras tomadura de pelo. E é evidente que os compromisos, os acordos, os pactos para a Xunta de Galicia valen pouco ou nada. Pero desta volta os trece concellos dixéronnos que, por favor, basta xa, porque estaba en xogo a prestación dun servizo público esencial para as persoas con adiccións, e que, por favor, lles botásemos unha man.

Porque, despois xa de máis de vinte e cinco reunións cos concellos e de non cumprir nin tan sequera con ningún dos obxectivos pactados pola propia Xunta de Galicia, os concellos afectados xa nada entenden, a non ser a tomadura de pelo por parte da Xunta de Galicia. Tam pouco entenden a postura do Partido Popular apostando exclusivamente pola Xunta de Galicia e deixando de lado os concellos; por certo, a pesar de que dentro deses trece concellos hai concellos gobernados polo Partido Popular.

Esperamos que desta vaia a vencida, que apoiem esta iniciativa para materializar na comisión mixta a plena integración orgánica e funcional da Rede Galega de Trastornos Adictivos do Servizo Galego de Saúde, para asinar un convenio para a cobertura das vacantes por parte da Xunta de Galicia e, en tanto non se faga esa integración total, que a Xunta de Galicia financie o 100 por cento dos custos dos servizos que prestan os concellos. Do contrario, entenderemos que estiveron anos e anos enganando os concellos, anos e anos enganando persoas que están enfermas. Pero, por favor, eu pídolles que empecemos un tempo novo, un tempo no que rematemos cun engano máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Imos coa intervención do resto dos grupos e, ao haber emenda, alteramos a orde.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, dona Encarna Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidenta.



Pois vimos falar dun tema de gran calado para a poboación e sobre o que tanto concellos como Xunta levan tempo traballando e tratando de chegar a acordos. Estamos falando da atención a persoas con patoloxías graves, con adiccións, que non é sinxelo saír delas, e estou segura de que todos os grupos parlamentarios, máis alá do debate, de todo o que nos bote-mos en cara, pois estamos de acordo en que queremos a mellor solución tanto para os pa-cientes como para os profesionais que traballan nestas unidades.

Xa se dixo aquí que en Galicia temos trece unidades asistenciais de drogodependencia, de titularidade municipal, e que son estas trece as que teñen que traspasarse. E sabemos que non é un asunto sinxelo, senón que presenta unha importante complexidade, tanto pola in-tegración do persoal que forma parte destas unidades como polos inmobles afectados.

E imos facer un pouco de historia do que ten pasado. Voume remontar a decembro de 2022, cando foi a Xunta a que chamou á Fegamp de novo e iniciou os traballos para os traspasos das ditas unidades e do seu persoal. E a instancias da Xunta constituíuse a comisión mixta de traspaso, integrada por representantes da Administración autonómica e representantes da Administración local. E vaia por diante que o Goberno galego ten a mellor das disposicións para que esta integración se faga coa menor brevidade posible.

Señora Espinosa, penso que ten que pedir que lle pasen mellor os datos. Imos facer un pouco de cronoloxía e poñernos no contexto dos feitos.

Esa comisión mixta das UAD reactivouse o 1 de agosto deste mesmo ano, do ano 2024. E nesa comisión acordouse unha folla de ruta e as administracións déronse un prazo ata o 31 de outubro para nomear eses membros das ponencias técnicas especializadas, que permiti-ran axilizar o procedemento.

Esas ponencias técnicas acordadas foron dúas: unha de recursos humanos e outra de inmo-bles. Concretamente cada administración, por un lado a Xunta e, por outro, a Fegamp, debían de nomear dous membros para cada unha desas ponencias.

E o pasado 13 de outubro reuniuse a comisión mixta de novo e a Xunta de Galicia nesa comi-sión deu a coñecer os nomes que propoñía para as ponencias, pero o representante da Fegamp nesa xuntanza do 13 de outubro non presentou os nomes. Entón, ¿quen motiva os atrasos: a Xunta ou a Fegamp? Tívoise que esperar ata o 29 de outubro, ao límite do prazo previsto.

A Xunta de Galicia estivo á espera dende o 1 de agosto ata o 29 de outubro para que a Fegamp nomease os seus representantes dos grupos de traballo. E o pasado 24 de outubro a Secre-taría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, respostando a unha pregunta que eu mesma lle formulei na Comisión 5ª, de Sanidade, neste mesmo Parlamento, incidiu e deixou claro o compromiso do Goberno galego coa integración das unidades de drogodependencia.

A consellería traballa no obxectivo de facer efectivo o traspaso das unidades, de titularidade municipal, e cumprir a folla de ruta acordada no seo da comisión mixta de traspaso, para o que resulta imprescindible que se cumpran os prazos establecidos e se poidan constituír as ponencias técnicas especializadas no seo da comisión. Doutra maneira é imposible.



Vemos, por tanto, que no referido ao primeiro punto é precisamente a Xunta de Galicia a administración que está cumprindo, que liderou todo o proceso, non só reactivando esa comisión mixta para a integración das unidades de drogodependencia, senón sendo áxil nos procedementos e non entorpecendo. É evidente que resulta así unha actitude moi distinta á parsimoniosa da Fegamp.

En canto ao financiamento dos servizos que actualmente prestan os concellos, tamén hai algo que vostede omitiu: a Xunta lévaos financiando desde o ano 2014. Por darlle unha cifra, nos orzamentos, que a vostede lle parecen pouco, son máis de 4 millóns de euros os cartos asignados ao financiamento das unidades de adicción de drogodependencia. E, ademais desa partida orzamentaria, vostede debería de saber que o Sergas está a reemprazar as xubilacións dos profesionais con persoal propio, persoal que paga a Xunta de Galicia, ademais dese financiamento, polo que tamén desta maneira é unha forma máis de financiamento destas unidades, señorías.

Temos que ser conscientes, ademais, do déficit de profesionais sanitarios que existe en toda España e que se dá especialmente en especialidades como é a saúde mental. É por iso que a Consellería de Sanidade está a poñer especial énfase na formación de profesionais destas especialidades, formando o 100 por cento das prazas acreditadas.

Dende a oferta de formación sanitaria no ano 2009 á máis recente, pasáronse de 22 prazas que se formaban no ano 2009 ás 56 que se forman na actualidade; volvo repetir: o 100 por cento das prazas que permite o Ministerio de Sanidade.

E tamén se acadou o dobre de profesionais sanitarios en saúde mental diarios con respecto ao ano 2009. E isto foi posible grazas a que no marco do Plan de saúde mental poscovid 2020-2024 se crearon 244 prazas para profesionais de saúde mental; e a día de hoxe o 92 por cento desas prazas están cubertas.

En conclusión, señorías, a Xunta de Galicia xa está financiando as unidades de adicións e drogodependencias e, ademais, estalles a proporcionar profesionais propios ante a dificultade que teñen os concellos para contratar.

Nós non temos ningunha dúbida de que a integración será especialmente positiva para os pacientes, pois simplificará a recollida de datos nestas unidades, ao poder integrarse na historia clínica electrónica que manexa o Sergas. E isto vai evitar duplicidades, perda de información e traballo innecesario por recoller estes datos en dous sistemas informáticos diferentes.

Os orzamentos do ano 2025 xa recollen o financiamento destas unidades, mentres non se completa a integración. Por iso nós lle presentamos unha emenda que ía na medida de intensificar o traballo da comisión mixta ata que se produza esa integración e se financie o 100 por cento do custo destes servizos.

Remato xa analizando os tres puntos desa autoemenda que vostedes presentaron, xa que a orixinal, na medida en que se produciron os feitos, pois quedaba obsoleta.



Con respecto ao punto número 1, ¿quen dilatou o proceso, señora Espinosa? A Fegamp. A Fegamp é a responsable, é a que dilatou o proceso para a creación dos grupos de traballo. Hai constancia diso. A Xunta xa chegara cos membros das ponencias designados á anterior reunión, esa reunión do 13 de outubro.

E, señorías do PSOE, non admitimos leccións de celeridade e de urxencia dos que obstaculizan a comisión a cada paso que dan. Pregúntelle vostede á Fegamp quen é o que obstaculiza.

Respecto do punto número 2, o que piden pois xuridicamente parece que non se pode facer. Se chegamos a un acordo, xa o falamos antes. Ademais, existe na actualidade un protocolo de actuación para a cobertura das vacantes, que está funcionando con normalidade, en forma de convenio...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...—remato xa— e este protocolo para cubrir as xubilacións estase aplicando.

Entón, poderíamos aceptar o de cubrir as vacantes en base ao protocolo de actuación acordado.

E, respecto da número 3, totalmente de acordo co que di vostede. Evidentemente, temos problemas. Resulta indignante a pouca atención que se lle presta ao problema da falta de médicos, que é competencia do Goberno central.

E nós esperamos que...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...a Fegamp colla celeridade e este proceso se termine máis pronto que tarde.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Entendo que van intentar unha transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Despois volveremos preguntar ao remate do debate.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Quenda do Grupo Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Ben, durante un tempo que fun concelleiro de Persoal do Concello de Ourense enfronteime, tivenme que enfrontar precisamente a este problema. No concello de Ourense a unidade está fisicamente dentro do propio hospital, ou sexa, que tiña un traballador persoal municipal



médico que dependía da RPT do concello e que, non obstante, traballaba no interior do complexo hospitalario, na dependencia habilitada para iso, relacionándose normalmente, loxicamente, cos seus colegas e co resto dos servizos sanitarios, pero que en determinados momentos iso causaba determinados problemas: se o protocolo de riscos laborais que lle había que aplicar en determinadas circunstancias era o do concello ou era o do hospital; xa nas cuestións —digamos— de réxime laboral negociadas cos sindicatos, de pontes, de vacacións, etc., etc.; e ás veces víase en agravios comparativos que estimaba respecto dos seus compañeiros de traballo, aínda que non o eran estritamente, porque era un persoal municipal; cuestións tales como —non sei— o tema do radon e outros similares, se a el debían aplicárselle pois as normativas municipais ou as do Sergas. O lóxico —que xa se leva falando aquí por quen me antecedeu no uso da palabra— é que ese servizo estivera e estea integrado no Sergas.

Á parte doutras disfuncionalidades, que si é longo de enumerar, parece curioso que un traballador municipal vaia traballar a un espazo no que incluso a Policía local ten limitadas as súas competencias; como saben, os terreos do Sergas, como o terreo da universidade, pois ten unhas particularidades. É dicir, que efectivamente o que está pedindo a moción é algo moi lóxico respecto dese servizo; non digo xa cando é o tema das xubilacións e a taxa de reposición, efectivamente, como na consellería se tiña esa intención ou se era consciente desa intención de asumir o persoal, pero, claro, nese ínterim sobre a taxa de reposición que se puidera calcular nalgún momento dado, ¿a quen afectaba: a un organismo ou ao outro? Quero dicir que esa clase de cousas deben de resolverse canto antes e, polo tanto, estimamos moi lóxico o que pide a moción do Partido Socialista.

Nada máis, grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Monserrat Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidenta.

Dicía a deputada señora Amigo que ía retrotraerse ao ano 2022, e a min vanme permitir, señores deputados e deputadas, que me retrotraia a un pouco máis atrás, e voume retrotraer aos anos 80, porque nos anos 80 as redes de contrabando en Galiza reconvertéronse a redes de narcotráfico e houbo unha traxedia social; foron centos de mozos e mozas que se engancharon ao consumo de drogas e aumentou, xurdiu unha enorme alarma social. E froito desa realidade da presión social, do esforzo de afectados e afectadas, de familias, sobre todo nais —e díxeno moi ben, porque son da comarca do Salnés, e alí as nais de toda esta xeración perdida tomaron as rendas de buscar unha solución para os seus fillos e fillas—, e, froito desa presión social de miles de persoas, obrigaron as administracións a tomar en serio o problema e empezar a implementar medidas.

Nese contexto pois no Congreso dos Deputados en 1984 aprobouse o Plan estatal sobre drogas. En Galiza aprobouse en 1985 o Plan autonómico de drogodependencias. Creouse o comisionado do Plan autonómico de dependencia en 1993. E xa desde o inicio, o Plan



autonómico, neste caso de Galiza, de drogodependencias priorizou a posta en marcha, o desenvolvemento dunha rede de atención ás drogodependencias, a implantación dun catálogo de programas de asistencia; é dicir, tratábase de poñer en marcha unha rede.

No ano 2006 creouse a Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. Dígo por que estes días nesta lexislatura está presumindo o Partido Popular de que creou unha subdirección de saúde mental, que de primeiro eliminaron e agora presumen de que a crean. Creouse esa subdirección xeral e o Plan estratéxico de saúde mental de Galiza 2006-2011 incluíu a área de drogodependencias dentro do desenvolvemento organizativo dos servizos de saúde mental, que é onde ten que estar. No ano 2007 publícase a orde que regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención aos drogodependentes non alcohólicos do Servizo Galego de Saúde. escoitaron ben, no ano 2007 publicouse o decreto que regulaba a orde de integración funcional —2007, estamos no ano 2024, case no ano 2025—; incluía a carteira de servizos, ben, toda unha serie de cuestións.

Claro, pero chegou o ano 2009 e volveu o Partido Popular á Xunta de Galiza. Ata entón, desde 1986, todos os gobernos de Galiza promoveran e mantiveran o traballo conxunto coas ONG e cos concellos de Galiza para afrontar o problema das drogodependencias e as súas diferentes vertentes. Pero, como digo, chegou o ano 2009 e todo empezou a cambiar, e o novo Goberno do Partido Popular, con Núñez Feixóo á cabeza, iniciou toda unha serie de decisións no camiño desa rotura dese traballo conxunto, onde se levaba xa máis de dúas décadas traballando, e a primeira decisión que fixo foi suprimir a Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. ¿Para que, non?

E logo o que fixo foi —a segunda gran decisión— suprimir o principal instrumento de interlocución, que era que ata 2009 había unha negociación bilateral dos concellos coa Xunta de Galiza, a través de convenios bilaterais anuais ligados a unha PIAF (que significa protocolos internos de actividade e financiamento). Entón, había cada ano unha negociación, a Xunta, cada concello, eses tres concellos que seguen na actualidade, para facelo ou non. ¡Ah!, pero chegou o Partido Popular e iso non. Impuxo un convenio instrumental coa Federación Galega de Municipios sen PIAF —é dicir, ¿para que imos manter unha regularidade orzamentaria?— e mantivo o convenio bilateral coas ONG. Iso foi o que fixo o Partido Popular. Deixou nun caixón ese Plan de saúde mental, aprobado, 2006-2011, nunca máis se volveu saber.

E, logo, claro, atopámonos con que agora vén o Partido Popular e resulta que quen nos agasallou hoxe pide que se intensifique, que a Xunta siga facendo, insista, porque hai importantes complexidades. A única complexidade é que o Partido Popular non quere dar solución aos miles de galegos e galegas que teñen un gravísimo problema de saúde. (Aplausos.) Todos sabemos que hai un aumento tremendo dos consumos, que hai unha diversificación brutal dos consumos, que, como non están nas rúas nin están as jeringuillas nas prazas, non hai alarma social, pero o problema está sendo dunha dimensión insoportable.

E, claro, diante desa situación —insisto: 2007, publicada a orde de integración—, o BNG —xa non falo doutros grupos parlamentarios— trouxo aquí a este Parlamento en cantidade de ocasións a petición desa integración. ¿Que fixo o Partido Popular? Votou en contra. Agora o discurso é que hai moitas complexidades. Votou en contra todas as veces que lle deu a gana. En



todos os orzamentos o BNG presenta unha emenda, e neste ano volvemos facelo, para cubrir os gastos desa integración. ¿Que fai o Partido Popular? Vota en contra. ¡Ah!, pero agora pídenos que aprobemos unha emenda que di que a Xunta intensifique, siga facendo, insista, porque hai importantes complexidades; unha auténtica tomadura de pelo.

E ¿cal é a cuestión? Tamén din que, ben, está xustificado legalmente que a Xunta asuma. Claro que está xustificado legalmente, é que é unha competencia da Xunta de Galiza, é que é unha cuestión sanitaria, señoras e señores do Partido Popular. Vostedes o único que saben é buscar responsables, e entón andaba por aí voando a ver a quen llo colocaban; Pedro Sánchez debeulles quedar lonxe, e tal, e colocáronlle a responsabilidade á Fegamp. A responsable de que isto non se faga é a Fegamp, e xa está, e quedan tan tranquilos, ata que no ano 2021 aprobamos, no ano 2022 reuniuse o conselleiro coa Fegamp, en decembro comisión de integración, en abril de 2024 comisión de seguimento do convenio, o 31 de outubro nova reunión, e agora iremos vendo.

Pero ¿de verdade que cren que o problema da atención ás drogodependencias pode estar albur de que o Partido Popular non asuma as súas responsabilidades, de que o Partido Popular non asuma a responsabilidade de dar atención a todos eses miles de galegos e galegas? Dinamitaron a prevención, absolutamente dinamitaron a prevención. Están aí os orzamentos da Xunta, para que vaian comprobando como sacaron orzamento da prevención dos concellos, deixárono a cero, como foron baixando o orzamento para as entidades, como foron baixando orzamento para os concellos, e agora vén aquí tamén a deputada do Partido Popular e di que xa se contempla no orzamento de 2025 —e, á parte, non se avermella— a subvención destes programas. ¿Vostede cre que con ese convenio é suficiente para atender a esa demanda? Sabe que non. De feito, os concellos están ata aquí e levan anos demandando que se fagan cargo porque non poden asumilo, porque non teñen os recursos orzamentarios precisos e porque non son competentes.

Polo tanto, para min dende logo esta estratexia continua de agora parecer que lles están facendo un favor aos concellos, á Fegamp e ao pobo galego, porque están priorizando non sei que cousa, que levan dende que volveron á Xunta de Galiza no ano 2009 meténdoo nunha gabeta e sen responsabilizarse, a verdade é que clama ao ceo.

Polo tanto, imos votar a favor da iniciativa, e sería bo que nalgún momento foran capaces de darlle resposta a algún dos problemas sanitarios que ten a poboación do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Turno para a autora da proposición. Ten novamente a palabra dona María Elena Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Grazas, presidenta.

Señora Amigo, eu teño os datos, pero, como a vostede posiblemente lle dea vergonza ir ao ano 2018 e olvidarse de todo o que pasou dende o ano 2018, sitúase agora neste ano. Pero,



mire, é moi fácil ver o que aconteceu, se ten intención, e dicíallo ademais a señora Prado, dicíallo todas as veces que este tema pasou por aquí, todas as veces que vostedes se negaron a votar afirmativamente a un tema tan importante para a xente e para trece concellos.

Pero eu dígolle algo máis: que a práctica habitual da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular soe ser o desleixo no exercicio das súas propias competencias, e isto non é novo e esta é unha faceta máis dese desleixo. Pero que a práctica habitual da Xunta de Galicia sexa a mentira, o incumprimento e o ataque sistemático a alguén, neste caso aos concellos, e agora de novo á Fegamp, tampouco é ningunha nova.

Pero nesta ocasión, unha vez recoñecida a competencia propia e exclusiva pola Xunta de Galicia, unha vez pactado cos concellos e adoptado o acordo neste Parlamento de Galicia —e recórdollo— no ano 2021, unha vez aprobada a folla de ruta e un cronograma que puxo encima da mesa a Xunta de Galicia para a integración destas unidades de atención a persoas con adicción, hoxe parece que nos quere volver á casilla de saída. E eu dicíalle que é unha tomadura de pelo, e repítolle que é unha tomadura de pelo. Porque, despois xa de máis de vinte e cinco reunións cos concellos, non das que se levan celebrado este ano, non se cumpriu nin un só obxectivo. E agora veñen cunha emenda onde falan de intensificar. Non, xa non nos valen eses verbos, só admitimos integrar e transferir. *(Aplausos.)* E tampouco vale o tema do financiamento. Fala do financiamento, pero non do financiamento ao 100 por cento, como dicimos nós.

E faga o favor e chame a Burela, a Cangas, a Carballo, a Monforte, a Noia, ao Grove, ao Porrriño, a Ourense, a Pontevedra, a Ribeira, a Santiago de Compostela ou a Vigo ou a Vilagarcía, que llo contarán. *(Aplausos.)* E voulle dar un dato, voulle dar o dato de Vigo, porque non lle gusta falar do Bipartito, pero cando gobernaba Emilio Pérez Touriño a Unidade Asistencial de Vigo recibía cerca de 700.000 euros, sobre un servizo que custaba un millón de euros. A día de hoxe, co Partido Popular, o infrafinanciamento da Xunta de Galicia baixou a 540.000 euros, sobre un custo de 1.300.000. ¿Iso é financiar? Iso é nin pagar a metade do que custa. É Vigo, pero os demais están exactamente igual. Por iso eu lle falaba dunha tomadura de pelo.

E os usuarios das unidades de atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde dun xeito integral, multidisciplinar e dentro do sistema público de saúde, dentro das competencias estritas do Goberno galego.

Ademais, dígolle unha cousa: non digan, por favor, que é un proceso de notables complexidades dentro do punto de vista técnico e dentro do punto de vista xurídico-administrativo. ¡Se levamos desde o ano 2018! ¿E como son capaces de dicir isto aquí se están pedindo...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** ...—remato, presidenta— as transferencias do litoral, que si que son complexas, nun prazo de quince días?

Por favor, deixen de mentir, de declinar as súas propias competencias e de darlles as costas aos cidadán. Póñanse a traballar.





**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** E dígolle que estamos dispostos a facer o que sexa para chegar a un acordo, pero non imos renunciar a nada do que pon a nosa iniciativa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Entendo que xa nos darán razón de se chegan a acordo.

Continuamos coa segunda proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: a que leva por número 14123, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a 14132, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir, logo de: «... nomeadamente ao Ministerio do Interior, para que...», a seguinte frase: «...trala sinatura dun novo convenio conforme establece a Lei orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para que articule...».)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

*1º.- Crear de maneira efectiva o Corpo de Policía Galega previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño.*

*2º.- En tanto non se fai efectivo o acordado no parágrafo anterior, e de acordo co Goberno do Estado:*



a) *Promover a sinatura dun novo Acordo Administrativo de Colaboración co Ministerio do Interior do Goberno do Estado en materia policial, que substitúa ao asinado en outubro de 2005, vencido no ano 2008.*

b) *Proceder á actualización do catálogo de postos de traballo da Unidade do denominado Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia.*

c) *Realizar as accións necesarias para a cobertura da totalidade dos postos de traballo contemplados no catálogo.*

d) *Acordar a convocatoria dun concurso específico de méritos para a provisión da totalidade das prazas vacantes baseado exclusivamente en criterios obxectivos, excluindo a valoración de probas subxectivas e discrecionais como a entrevista persoal».)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formulala e, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Paula Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo, señorías.

Ben, en días como estes constatamos que o pobo español ten nos corpos e forzas de seguridade do Estado e nos profesionais de emerxencias unha das súas expresións de unidade. De feito, na súa profesionalidade, na súa eficacia e na súa entrega radican parte da nosa riqueza como país e como nación. Por iso é de xustiza mostrar o noso sentimento de admiración e recoñecemento cara a todos eles, cara a todos os que desde hai días traballan nas zonas afectadas da DINA na Comunidade Valenciana e, especialmente, cara aos douscentos profesionais de emerxencias que, baixo a coordinación da Xunta, se trasladaron ata alí nestes últimos días para apoiar as persoas afectadas por esta terrible catástrofe. *(Aplausos.)*

Entre estes profesionais enviados dende Galicia atópanse tamén efectivos da Unidade de Policía Adscrita á nosa Comunidade Autónoma, o que comunmente chamamos a UPA, unha unidade que dende a súa creación no ano 1991 é a encargada de velar pola seguridade dos galegos e galegas en áreas tan importantes como a atención aos menores tutelados e ás vítimas de violencia de xénero, a loita contra os delitos relacionados contra o medio ambiente, os incendios forestais e mesmo o furtivismo ou tamén a vixilancia do Camiño de Santiago.

Unha unidade que tamén, lamentablemente, e a pesar de ter cada vez máis cometidos, foi perdendo efectivos ao longo dos últimos anos, ata situarse nos mínimos históricos que rexistra actualmente. Dos 500 axentes que corresponden a Galicia por catálogo, a día de hoxe só contamos con 344. É dicir, falamos de que nos faltan 156 axentes, o que supón un déficit do 30 por cento e nos sitúa como a segunda comunidade autónoma coa taxa de cobertura de prazas máis baixa, un 70 por cento.

Unha situación de falta de efectivos que se ve agravada, ademais, polas xubilacións e pola ausencia do persoal que está en comisión de servizos, dos que están realizando concursos de ascenso ou tamén liberados sindicais.



Só hai que ver como están as comisarías galegas. A pesar de que as sedes da UPA deberían de ter un número adecuado de policía e nunca por debaixo dos 60, só na sede de Santiago se cumpre este criterio. Pola contra, Ourense e Pontevedra teñen 40 efectivos, mentres que Vigo e Lugo teñen 38 ou A Coruña 37 —insisto—, cando todas elas deberían ter un mínimo de 60.

E como unha imaxe vale máis que mil palabras, voules ensinar un gráfico moi ilustrativo. (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) Dende o ano 2018, en que entrou a gobernar Pedro Sánchez, a baixada de efectivos foi absolutamente escandalosa: de 404 a 344 a día de hoxe.

Esta evolución da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade de Galicia dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa pois tráenos unha raquíta plantilla para a Policía Autonómica. Insisto: dos 404 efectivos cos que contabamos en 2018, ano a ano a cantidade foi a menos, ata chegar aos 344 de hoxe. Nunca antes esta plantilla deste corpo policial estivera tan mermada.

Isto é o que lles importa a Pedro Sánchez, ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego a seguridade dos galegos e das galegas. Pero o grave non é só este novo desprezo a Galicia e a este corpo policial, senón as consecuencias que derivan del. Porque esta redución da plantilla supón unha inasumible carga de traballo para os efectivos activos, que os obriga a priorizar o máis importante e, polo tanto, tamén a renunciar a atender con suficiente calidade algunhas das súas funcións.

Por iso eu preguntome: ¿cal é o obxectivo do Goberno de Pedro Sánchez ao negarse a aumentar a plantilla da UPA en Galicia? ¿Deixar sen atención aos menores tutelados e ás vítimas de violencia de xénero? ¿Que non se loite contra os incendios forestais ou contra o furtivismo? ¿Que se deixe desprotexidos os milleiros de persoas que transitan polo Camiño de Santiago? Se iso é o que pretende Pedro Sánchez, que o diga claramente, e se iso é o que pretenden consentir o socialismo galego e o Bloque Nacionalista Galego, que o seu silencio é cómplice, pois invítoos tamén a dicilo claramente.

Nós, dende logo, non estamos dispostos a asumir que cada vez haxa nas rúas galegas menos efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado. E menos cando os datos do propio Ministerio do Interior falan dun incremento da criminalidade no que vai de ano e dun aumento dos delitos, especialmente os relativos a delitos contra a liberdade sexual e ciberdelincuencia, por non falar tamén do incremento dos homicidios.

Por iso pedimos o mesmo que levamos pedindo moitos anos. Eu, como deputada nesta Cámara e como responsable da área de interior, pedindo cando gobernaba o Partido Popular ata que gobernou Mariano Rajoy, e foi a época na que en Galicia houbo máis efectivos da Unidade de Policía Adscrita, tamén os pido agora que goberna o Partido Socialista. Esa é a credibilidade deste grupo parlamentario. (*Aplausos.*) E, dunha vez por todas, que o Goberno de España cubra as vacantes da Unidade de Policía Adscrita.

Porque, efectivamente, a última cobertura de prazas que houbo por parte do Ministerio do Interior foi no ano 2013, é dicir, hai once anos. Grazas a iso, no ano seguinte, en 2014, foi o



máximo de efectivos da Unidade de Policía Adscrita: 474 axentes. ¿E saben quen presidía aquel Goberno? Efectivamente, Mariano Rajoy Brey, do Partido Popular, ese que tanto molesta a algúns.

E dende aquela temos un convenio que está caducado e a Xunta de Galicia está disposta a asinar a súa renovación, pero, ¡ollo!, nas mesmas condicións que o facía antes, non cunhas novas condicións abusivas e lesivas para Galicia, señorías. Porque no convenio anterior o ministerio era quen de pagar o 100 por cento do salario base dos policías da Unidade da Policía Adscrita, e os custos dos complementos, as dotacións materiais, coches, armas, infraestruturas, comisaría, iso pagábao a Xunta de Galicia; era o 50 por cento que lle tocaba pagar á Xunta de Galicia. ¡Ah!, pero agora o Ministerio pretende que sigamos pagando ese 50 por cento e a maiores outro 50 por cento, o 50 por cento do salario base, que antes pagaba ao 100 por cento o ministerio.

Pois ben, ¿isto que supón? Pois que, se agora o custo era de 3,5 millóns de euros, con esa nova fórmula que propón o Ministerio do Interior Galicia pasaría a pagar 10,5 millóns de euros.

Eu preguntolles aos socialistas e aos nacionalistas se están dispostos a asumir un agravio máis do Goberno de España a Galicia, intentando que se asine o convenio nesas condicións abusivas e lesivas para Galicia, ou están do lado dos galegos e galegas e apoian esta iniciativa para que se incremente o número de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, tan necesaria para seguir loitando e traballando pola seguridade dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Eu, a verdade, tamén comparto o recoñecemento que fixo a señora Prado, o recoñecemento a todos os efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado que se desprazaron ata Valencia, e tamén aos membros da Unidade de Emerxencias, desa UME estatal. Non podo facer extensible este recoñecemento aos membros da Unidade de Emerxencia da Comunidade Valenciana, porque foi suprimida hai máis dun ano polo Goberno de Mazón. *(Aplausos.)* Gustaríame poder facelo tamén, porque boa falta faría.

A verdade, señora Prado, eu comezo a pensar que vostedes, cando se senten presionados polos sindicatos policiais, polas asociacións da Policía Nacional, para dar unha resposta a esa diminución dos efectivos da Policía Adscrita, o único que se lles ocorre é traer esta iniciativa ao Parlamento. É a única resposta que se lles ocorre, porque ¿cantas veces aprobamos xa esta parte resolutiva? Pois miren, eu levo aquí cinco anos e xa aprobamos esta parte tres



veces no pleno e cinco veces en comisión. E vostede, ademais, coa mesma postura, nós coa mesma postura, e vostedes manteñen unha postura similar dende o ano 2018. Porque ata 2018 vostedes non votaban a favor de incrementar nin o número de Policía Adscrita nin o número de efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado no noso territorio.

Porque teño que lembrarlle que no ano 2017 —e vostede xa estaba aquí e imaxino que sería a voceira desta área, que defendería esta iniciativa—, o Partido Popular de Galicia emendaba unha proposta do PSdeG que solicitaba ao Goberno de España cubrir as vacantes existentes en Galicia nos cadros do persoal da Garda Civil, Policía Nacional e Unidade de Policía Adscrita —no ano 2017— necesarias para garantir a seguridade do noso territorio, porque estaban en cadro as comisarías e as comandancias da Garda Civil.

E mire, estaban en cadro porque vostede ensinou unha gráfica, pero esa gráfica estaba trucada, porque non ensinaba a realidade das forzas e corpos de seguridade do Estado en Galicia. (*A señora Castro Rey mostra un documento.*) O que está en cor azul son os gobernos de Mariano Rajoy e en cor vermella son os gobernos socialistas. En cadro, porque dende o ano 2011 ata 2018, co Goberno de Mariano Rajoy, ese que citou vostede, reducíronse os efectivos en Galicia a 471 menos; 471 menos policías nacionais e gardas civís deixou Mariano Rajoy en Galicia durante os seus anos de goberno. A maiores disto, podemos engadir a falla de investimento en infraestruturas, en dotacións de medios persoais nin materiais; se ata reclamaban chalecos individuais, que non tiñan. E vostedes, durante todos estes anos, caladiños como petos, non traían ningún tipo de iniciativa ao Parlamento, e durante todos estes anos, dende o ano 2018, Pedro Sánchez, o Goberno de Pedro Sánchez, pois está a facer un grande esforzo, un grande esforzo por reverter esta situación, convocando o maior número de prazas da historia e conseguindo ata o de agora que deses 471 efectivos menos xa se repuxeron 459 efectivos en Galicia.

Pero non só iso, senón que tamén se investiu para que as forzas e corpos de seguridade traballen nunhas condicións dignas, e materializouse en 49 millóns de euros executados en infraestruturas, en dependencias de cuarteis da Garda Civil, en Silleda, Cambados, Corcubión, Monforte, Santiago; ou da Policía Nacional, en Pontevedra, Santiago, Lugo; ou a Unidade Hospitalaria de Ourense, e podería seguir.

E vostedes o único que fixeron foi reducir o número de efectivos e conxelar os salarios das forzas e corpos da Policía Nacional. E dende que goberna o Partido Socialista en España incrementáronse un 38 por cento os salarios e co compromiso de seguir aumentando os mesmos. E teñen vostedes a pouca vergoña de calar ante a situación na que se atopaban no ano 2017 e erixirse agora como a salvagarda das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Mire, nós compartimos —e xa llo dixen pois en nove ocasións— a necesidade. Somos conscientes de que se minguou a plantilla da Policía Adscrita en Galicia, debido principalmente ás xubilacións, e cremos que é necesario; sábeo tamén o ministro, sábeo o Delegado do Goberno, que llo dixo moitas veces. Pero é necesario asinar ese convenio, porque temos un convenio que está caducado dende hai moitos anos, e vostedes ¿por que non quere asinalo a Xunta? Pois por rácanos, por rácanos, por escatimar na nosa seguridade. Non queren asumir a parte que lle corresponde pagar da remuneración deses efectivos e pretenden que con Galicia o Estado faga unha excepción, que non cumpra a lei.



Ou sexa, vostedes pretenden que se manteña un convenio que xa está caducado e que xa venceu dende hai moitísimos anos e que non se adapta á nova Lei orgánica das forzas e corpos de seguridade do Estado, e non queren asumir ese 50 por cento que lles corresponde. E a Xunta é a que se nega, e, mentres se siga negando esa negociación, van seguir diminuindo os efectivos da Unidade Adscrita.

Miren, o señor Rueda é que en moitas ocasións di que non quere que Galicia sexa discriminada, que Galicia quere un trato igualitario, quere recibir o mesmo, pero, iso si, o verbo é recibir, recibir, pero non dar o mesmo. Cando se trata de dar, aí cambia o conto, ¿non? E por iso non queren vostedes asinar ese novo convenio. ¿Por que? Porque é un convenio no que se pretende que se faga de forma homoxénea a repartición e que asuman as competencias de forma homoxénea todos os territorios. Pero non, cando se trata de pedir, si; cando se trata de colaborar, non.

E miren, en Valencia asinouse este convenio, no ano 2018, e iso permitiu que no ano 2022 se convocara o concurso. Ese convenio asinado en Valencia establece a necesidade e a obriga da Comunidade Valenciana de cofinanciar a UPA.

E despois, ademais, vostede falaba do convenio actual. Se vemos o convenio actual, na redacción do mesmo tamén fala do cofinanciamento. ¿E cando se aboaron durante todo este tempo estas cantidades? Pois iso demostra que vostedes teñen unha nova escusa, que traen aquí ano tras ano, ou período de sesións tras período de sesións, para non aceptar a realidade, que é que a Xunta racanea coa remuneración das forzas e corpos de seguridade.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista o que queremos é que se renove este convenio, un convenio que permitirá incrementar os efectivos necesarios para poder chegar á cantidade de 500 establecida. Ademais, vostede falaba do incremento do número de competencias da Unidade de Policía Adscrita; pois ao mellor este convenio ten que valorar esa nova situación, ten que valorar que existen demandas novas e ten que valorar a posibilidade de que non sexan 500, senón máis. Pois, polo tanto, actualizar un convenio que é do ano 1991 e, polo tanto, está obsoleto e desfasado.

Nós estamos convencidos de que isto ten que facerse así, por iso dentro dos orzamentos temos plantexado unha emenda neste sentido, para o compromiso da Xunta de Galicia de asumir a parte que lle corresponde. E a realidade, señora Prado, e os feitos acontecidos estes días en Valencia demóstrannos como non se pode escatimar o gasto público destinado a emerxencias e seguridade, porque eles son os que sempre nos protexen.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista compartimos a necesidade de incremento da plantilla da Unidade de Policía Adscrita, pero cremos que se ten que firmar ese convenio que permitirá convocar ese novo concurso e chegar ao número de efectivos que se necesitan. E seguen a priorizar tristemente vostedes os recortes á nosa seguridade.

Nós, os socialistas, temos un serio compromiso coa nosa seguridade; iso non é cuestionable. Se tivera máis tempo, podería relatarlles todas as medidas que se están a tomar e que se tomaron durante estes seis anos e como se pretende reforzar a nosa seguridade con ese plan



2020-2030 do Goberno de España, e temos un serio compromiso en seguir fortalecendo e afondando no modelo de seguridade pública, de protección civil e viaria, por entender que son valores públicos imprescindibles e necesarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Castro.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor don Iago Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Honestamente, eu pensei que, co visto no último pleno, con esa guerra fratricida coa que nos obsequiaron ao remate do último pleno, pois xa tocáramos fondo nesa estratexia do Partido Popular de depreciar o traballo deste Parlamento e depreciar esta institución, pero semella que iso non é así. Por certo, mándenlle ao presidente Santalices un wasap de ánimo: *Miguel, sé fuerte*; ao igual poden utilizalo para que aguante todos eses embates da bancada popular.

Pero dicía que esa depreciación desta institución, deste Parlamento, parece que non ten fin. Non sei se isto é un erro e está no certo a señora Castro, pero si penso que esta é a sétima vez que debatemos e presumiblemente aprobemos neste Parlamento, exactamente, ben, case exactamente, esta iniciativa.

Hai unhas lixeiras variacións. Nas catro iniciativas precedentes, efectivamente, vostedes falaban de incrementar a UPA en 500 efectivos, ata completar o catálogo, que vén sendo, para quen non o saiba, pois unha especie de RPT da Policía en Galiza.

No 2019 —ignoro a razón—, pero en lugar deses 500 do catálogo 2007, vostedes pedían 475, e incluso en épocas anteriores, tamén no propio 2019, falaban de incrementar o número de efectivos, pero sen precisar o número. Aí, simplemente, con eficiencia e eficacia despachaban.

Tamén existían leves modificacións nas redaccións. En lexislaturas anteriores vostedes falaban de «incrementar os efectivos para que a UPA poida cumprir as funcións que actualmente está prestando» —dicían textualmente—. Hai dous meses, na Comisión 1ª, cambiaban ese «actualmente está prestando» por un «actualmente vén prestando», unha cousa así bastante innovadora. E hoxe xa nin sequera falan de «está prestando», de «vén prestando», o mesmo que sería razoábel que «ten atribuídas». Non, nin sequera, simplemente o incremento de persoal a 500, que é o que lle corresponde a Galiza.

Esta exposición obxectiva en datos, sexan sete ou sexan oito, podería dar lugar a un equívoco estatístico, e pensar que o Partido Popular pois periodicamente durante estes quince anos viña presentando cando menos cada dous anos unha iniciativa para incrementar o cadro do



persoal da Unidade de Policía Adscrita. Pero iso non é certo, porque dende o 2011 ao 2018, curiosamente coincidindo cando no Estado gobernaba o Partido Popular, o Partido Popular non presentou ningunha iniciativa reclamando máis persoal para a sección da Policía Nacional adscrita funcionalmente a Galiza, que iso é a UPA. A UPA, á fin, organicamente segue dependendo do Ministerio do Interior; a dependencia con Galiza é simplemente funcional.

Mais do 2011 ao 2018 non presentaron ningunha iniciativa, a pesar de que na historia da UPA nunca se cubriu ese catálogo de 500 axentes. E, efectivamente, como despois de sete debates xa imos tendo algo de experiencia, xa sabemos ese dato de que no 2013 había eses 474 axentes, pero vostede evitaba nese gráfico representar que dende o 2013 e 2014 para adiante sempre foi diminuindo o número de axentes da UPA; incluso no 2018, o último ano do Partido Popular no Estado, había 100 menos do que correspondería de acordo con ese catálogo —non olvidemos: catálogo do 2007—. Unha diminución de axentes que, como se comentaba anteriormente, era similar á que se ía producindo no resto de corpos e forzas de seguridade do Estado. Os corpos e forzas de seguridade do Estado en Galiza do 2011 en adiante, ata o 2022, continuaron un descenso paulatino, ante o silencio do Partido Popular.

Dende o Bloque Nacionalista Galego dixemos, e reiterámolo hoxe por sétima vez e probablemente non a última nesta lexislatura: a Unidade de Policía Nacional adscrita a Galiza ten un problema de número de efectivos, e ese problema de número de efectivos non é pola falla de pronunciamento deste Parlamento, porque os pronunciamentos deste Parlamento, tanto nesta lexislatura como na pasada ou na anterior, serven o mesmo, serven o mesmo que sexa en pleno que sexa en comisión.

O problema real é que a vostedes este servizo e a protección dos dereitos e as liberdades das persoas non lles importan. Para o único que traen esta iniciativa é para un confronto absurdo, iso si, un confronto do 2018 en adiante, co Goberno do Estado.

Porque, se non, non se explicaría como que ese convenio —que omitiu citalo— administrativo de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galiza está caducado dende o 2008. Dende outubro do 2008 ata hoxe mire que o Partido Popular non tivo oportunidades, mesmo cun goberno 2011-2018, presumiblemente afín, para renovar ese convenio administrativo de colaboración.

Mais nada fixeron, e agora resulta que a culpa, pola súa incapacidade negociadora, é porque o Goberno do Estado impón correr cos gastos de financiamento da Unidade Adscrita ao 50 por cento. Pero, señorías, como xa se indicaba, iso vén textualmente exposto na disposición final da Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade do Estado. Esa disposición final cuarta establece que as unidades adscritas serán financiadas ao 50 por cento. E esa norma do 1986 foi modificada en catorce ocasións, algunhas desas catorce ocasións con gobernos do Partido Popular, que era unha boa ocasión, era unha boa oportunidade para poder modificar esa disposición final cuarta, á que se agarra parece ser o Partido Socialista para evitar ese novo convenio.

A realidade é que o número de efectivos é inferior ao necesario no 2007, que a organización non é axustada á realidade galega, non permite unha loita eficaz contra o narcotráfico, que





por exemplo está centralizada en Vigo e na Coruña a unidade de chamadas do 091, cando tamén existe un acordo parlamentario para que se manteña ou se recupere en Lugo e en Ourense; un acordo parlamentario incumplido, que parece que tampouco lles importa.

Existe unha carencia de medios materiais, sobe o número de delitos coñecidos, e non na mesma proporción de delitos esclarecidos, medran as necesidades en materia de estranxeiría. ¿E o problema que é? Que, ante estas circunstancias, ante esta realidade, ¿cal é a capacidade de Galiza para emendala? Ningunha. E o problema é que ao Partido Popular non lle importa que Galiza non teña ningunha capacidade para modificar esa situación.

Por iso insistimos, como as sete veces anteriores, na necesidade de desenvolver as previsións da Lei do 2007 e crear un corpo de Policía galega, para nós poder ter as decisións sobre a organización, sobre os medios e sobre o número de axentes, e evitar externalizacións; evitar externalizacións de decisións no Goberno do Estado, ou mesmo de externalizacións na seguridade privada, que gastamos moitos millóns de euros, tantos millóns de euros como que a Xunta de Galiza nega ese dato concreto ao Bloque Nacionalista Galego.

E, á parte, esa previsión do 2007 non é outra cousa que cumprir un mandato estatutario do 1981, porque o Estatuto de Galiza do 1981 xa contempla a creación dese corpo galego, un Estatuto do que vostedes non só negaron e boicotearon a posibilidade de modificalo, modificalo en todas as accións, en case todas as comunidades autónomas do Estado, mais en Galiza vostedes o boicotearon. Pero non só boicotearon a modificación, senón que están impedindo ese desenvolvemento. Despois de case cincuenta anos, ese Estatuto está pendente de desenvolvemento. E por iso solicitamos a creación deste corpo galego de Policía, e, en tanto que se negocie ese novo convenio, que se proceda á actualización...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...—remato xa, señora presidenta— do catálogo, que é do 2007, e as circunstancias mudaron moito, as infraestruturas mudaron moito, o sistema delituoso mudou moito, e nós seguimos remitíndoos a eses 500 axentes do 2007; e, por certo, e seguindo tamén coas demandas dos sindicatos policiais, que ese sistema para a cobertura se basee en probas obxectivas e non en probas subxectivas. Agardemos que á sétima vaia a vencida.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia ao seu turno.

Procedemos entón novamente a darlle a palabra á autora da proposición non de lei, dona Paula Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidenta.

Pois lamento moito que non lles guste que traia esta iniciativa a este pleno, porque vostedes traen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si si, sete e quince, as que faga falta, por-



que, mire, cada ano que pasa merma a Unidade de Policía Adscrita, e traerémola as veces que faga falta, porque, mire, nós estamos do lado da seguridade, do lado da Policía; para estar do lado dos violentos, xa están vostedes. (*Murmurios.*) Vostedes defendendo os últimos manifestantes en Santiago que agrediron nove policía; en lugar de condenar esas actuacións, o que fixeron foi poñerse do lado dos violentos. (*Aplausos.*) E o Partido Popular vai estar sempre no lado da seguridade, da Policía. (*Murmurios.*) Si, señora Castro, nove policía feridos, un deles cun cóbado roto. (*Aplausos.*) Aínda non escoitei que vostede lamentase eses incidentes. (*Murmurios.*) Pero insisto, señora Castro: eu xa sei que a vostede lle gusta moito o fango; mire, eu non vou entrar no seu fango, pero non vou deixar... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...que quede no aire unha acusación moi grave que vostede acaba de facer aquí, que foi sobre a Unidade de Emerxencias de Valencia. Mire, vostede ben sabe que aquel era un organismo ficticio, que tiña cero bombeiros, cero medios materiais e cero eficiencia. ¿Sabe que dicían os bombeiros de Valencia sobre ese organismo que crearon vostedes? Que era un capricho e un chiringuito, un chiringuito con cero bombeiros e cero efectivos. (*Murmurios.*)

Eu non os interrompín. Eu lamento moitísimo que entendan a democracia tan mal, señorías. Escoiten, que lles toca escoitar.

Vostede trouxo aquí, señora Castro, unha gráfica sobre..., vostede falou aquí de datos de efectivos de Policía, eu falei da unidade de Policía Adscrita, vostede veu falar do que lle deu a gana. Pero mire, (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) este é o verdadeiro gráfico da Unidade de Policía Adscrita: o azul, cando gobernaba o Partido Popular, cando gobernaba Mariano Rajoy, efectivamente; e a baixada, dende que gobernaban vostedes, e aquí gobernaba o Partido Socialista. (*Aplausos.*)

E di vostede que somos rácanos. Mire, non, claro que hai un convenio firmado con Valencia, claro, cando estaba Ximo Puig, señorías, Ximo Puig, señor Tabarés, de ilustre apelido de avoengo ourensán. (*Murmurios.*) Miren, si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non non, dos Tabarés de toda la vida, que hablaban castellano y hablaban gallego. (*Protestas.*) Digo: «La carga de financiación será asumida entre la Administración del Estado y la Generalitat valenciana». Isto di a cláusula sétima deste convenio asinado coa Comunidade Valenciana, e dicía: «Por el Estado se asume el abono de las retribuciones de los funcionarios», non o 50 por cento, señora Castro, o total. E despois di que «la Generalitat valenciana asume en su totalidad los gastos correspondientes a las inversiones y mantenimiento de instalaciones y de todos los medios técnicos y contratación de servicios de funcionarios necesarios para que la Unidad Adscrita pueda desarrollar su trabajo en unas condiciones adecuadas». O que temos en Galicia, señora Castro. ¿Por que no ano 2018 o señor Grande Marlaska asina isto co señor Ximo Puig e agora para Galicia vostede quere ser máis rácana? Porque isto para Valencia, cando gobernaban os socialistas, valíalle, e agora os rácanos son vostedes, que pretenden que Galicia pague todos estes medios e, a maiores, o 50 por cento, que en Valencia firmou o Goberno de España de Pedro Sánchez-Grande Marlaska —téño aquí, publicado no BOE do 18 de setembro de 2018—, o 100 por cento do salario base, señorías. Por tanto, nós non queremos máis que Valencia, pero tam-



pouco queremos menos. Se vostedes queren que Galicia sexa menos que outra comunidade autónoma... Porque vostede dixo aquí algo así...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...—si— como que todas as comunidades homoxéneas. Pois, claro, nós tamén queremos ser como a Valencia do ano 2018. ¡Ah!, pero non, agora, o resto das comunidades, como goberna fundamentalmente o Partido Popular, pois entón non, somos uns rácanos.

Mire, dixo vostede aquí moitos datos da Garda Civil. Vostedes o que queren poñer son avatares da Garda Civil; para iso si que non racanean, 420.000 euros nun proxecto para crear gardas civís que son avatares. Para pechar cuarteis da Garda Civil no rural, para iso tamén son moi rápidos.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Para iso tamén son rácanos, señora Castro.

Miren, se queren poñerse do lado da seguridade dos galegos e das galegas, das vítimas de violencia de xénero, da protección dos menores, da loita contra os incendios, da loita contra ofurtivismo...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...póñanse do lado desta iniciativa, apóiena; e así pois, joia!, deixen de absterse.

Non imos aceptar as emendas do Bloque Nacionalista Galego, que o que quere é botar a Garda Civil e a Policía Nacional de Galicia, poñendo unha policía propia —xa o levaban no programa electoral—; non imos apoiala. E tampouco imos apoiar a emenda...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...aceptar a emenda do Partido Socialista, que o que pretende é que Galicia pague máis que outras comunidades ás que o Partido Socialista lles deu máis. E Galicia non pode ser máis que ninguén, pero tampouco menos. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Rematou o seu tempo.

*(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

Dígame.

*(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Cal foi a alusión? *(Protestas.)* Ben, imos ver. ¿Cal foi a alusión á súa familia?



(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Ben, mire, perdoe. (*Murmurios.*) Se agora temos que interpretar dende a Presidencia os tons cos que se din as cousas xa..., mire, perdóeme, pero... (*Murmurios.*) Estoulle preguntando cal foi a alusión.

Déanlle voz ao escano do señor Tabarés, por favor.

¿Cal foi a alusión?

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Efectivamente, hai unha alusión e unha imprecisión respecto da miña familia. Aquí dende o meu grupo, e penso que dende...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Señor Tabarés, perdoe un momento...

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...os demais grupos, nos debates non se amentan as familias de ninguén.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Imos ver.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Efectivamente, hai...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Eu estoulle preguntando cal foi a alusión. (*Murmurios.*)

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** A alusión foi ao rancio avoengo ou unha cousa así da familia Tabarés, dos Tabareses de toda a vida de Ourense, e non sei se tiñan un problema co idioma. (*Murmurios.*) Entón, era para precisar esa valoración.

Efectivamente, os Tabareses son unha familia castelá que chegou a Ourense a finais do século pasado, e se hai algún problema lingüístico, do que eu si, efectivamente, no século pasado falaba en castelán, non sei que problema hai de que a xente libremente poida falar en castelán e poida falar en galego. Se á señora Prado iso lle parece... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten razón.

Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Déixenlle rematar, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...que é motivo para introducir nun debate as familias sobre a Unidade de Policía Adscrita, paréceme que efectivamente é unha degradación desta institución, que vostede, señora presidenta, non debería permitir. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Eu subscribo que cada un pode falar no idioma que quere. Ten toda a razón do mundo. (*Aplausos.*) Estou totalmente de acordo.



Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero agora, se fan o favor... El tivo o seu turno de palabra, explicouse e rematou o asunto.

Imos á seguinte proposición, a proposición número 4.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizoótica no gando galego**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, que leva o número 14131.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Ariadna Fernández González, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir catro novos puntos na parte resolutiva, co seguinte texto:*

*<<4. Establecer unha partida económica destinada a cubrir o lucro cesante e as perdas de produción polas secuelas sufridas por animais que padeceron a enfermidade no caso da EHE.*

*5. Mellorar o sistema de cuantificación de indemnizacións das explotacións que presentaron positivos, de xeito que se cubran os custos dos tratamentos veterinarios na súa totalidade e os tratamentos preventivos, tanto nas explotacións con animais positivos coma naquelas que non os tiveron, co obxecto de frear a expansión das dúas patoloxías.*

*6. Realizar a vacinación da EHE e Lingua Azul de xeito gratuíto por parte de persoal propio da consellería.*

*7. Elaborar un Plan de prevención e control, con protocolos de seguimento e vixilancia en consonancia co sector, ao que se lle ofrezca reforzo informativo>>.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para facer a súa defensa, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Lara Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, presidenta.

A lingua azul e a hemorráxica —como é ben sabido por todos— son enfermidades víricas de transmisión por vectores, que por contacto directo entre eles non se transmite a enfermidade



pero chupando o sangue dun animal enfermo e inoculando o virus nun animal san pois transmítese a enfermidade, polo que, se controlamos a presenza dos mesmos, estamos protexendo o censo gandeiro, polo que é moi importante desinfectar animais, establos, instalacións, desinfectar e tamén desinsectar tanto os establos como as instalacións, como os vehículos de transporte, os que se van vendo tamén involucrados en todo o proceso, tanto os feirantes, veterinarios, comerciais de penso, maquinarias, é dicir, todos aqueles que se ven implicados.

E respecto disto é moi importante non baixar a garda ante o cambio climático, que evidentemente esperemos que dunha vez por todas —aínda que sexa de aprendizaxe dunha gran desgraza— non fagamos uso do negacionismo do cambio climático nin lle deamos cova aportando o noso «si» a quen son negacionistas neste eido.

E, como dicía, o cambio climático está a facer que o vector perda o carácter de estacional, tanto na parte de hibernación como na inactividade do vector, facilitando así a súa presenza durante un maior tempo do ano cando as condicións son máis benignas; e, polo tanto, un mosquito na súa casa —incluso estes días ata podemos ver un mosquito na nosa habitación e sufrilo—. Polo que o período estacional libre do vector —o que se coñece como PEL—, que, segundo a Administración, iría de decembro a abril, pois a verdade é que habería que descartalo por efectos prácticos.

E vou poñer un exemplo dun congreso ibérico sobre recursos xenéticos animais, que se celebrou en Portugal, onde se presentou un traballo e onde se poñían nese documento de manifesto dous casos de positividade da lingua azul en ovellas, no concello de Miño, no período PEL —é dicir, entre finais de febreiro de 2024 e inicios de marzo de 2024—. O que demostra o que veño dicir: que ese período estacional libre do vector cada vez diminúe máis e é evidentemente cambiante debido a ese cambio climatolóxico.

A realidade é que a patoxenia e sintomatoloxía destas dúas enfermidades son moi similares, o que produce perdas de entre un 70 por cento e un 100 da produción láctea, unha merma tamén na produción cárnica, perda de peso de cerca dun 60 por cento, cunha lentitude na recuperación da mesma, incluso a veces arrastra secuelas que principalmente se dan na infertilidade ou na non recuperación da produción, e, evidentemente, isto trae consigo unhas perdas económicas consecuentes desta situación.

E, sendo a sintomatoloxía moi similar, é certo que a lingua azul afecta máis a ovinos mentres que a hemorráxica o fai máis en vacún. E os ovinos, tamén por tradición pecuaria en Galicia, son unha especie de acompañamento, é dicir, que están na explotación porque non acarrean gasto, ou o gasto é menor, e que serven para limpar tamén as fincas. E hai que sinalar que existe unha porcentaxe elevada de ovinos que non están identificados nalgún caso, e, como consecuencia disto, é que sobre todo estes ovinos-caprinos sen identificar poden actuar legalmente en canto a vacinacións ou tratamentos ou calquera outro que sexa necesario por estar escrito no Rega, pode dar lugar á existencia de bolsas de animais que actúan como reservorios da enfermidade. E xa que se enferman morren, ao non estar identificados, son eliminados —como se di tamén comunmente— pois «daquela maneira» e, polo tanto, non queda constancia de tal suceso, pero si poden seguir afectando outros animais.



Os servizos do Gesuga, así como calquera veterinario clínico privado de asesoramento en explotación, incluso comerciais, repartidores de penso, de maquinaria ou feirantes, é dicir, aqueles que se vexan vinculados á explotación, teñen a obriga legal de comunicar calquera anomalía detectada na explotación, nomeadamente aos servizos do Gesuga, que están instruídos para que cando retiren o animal morto da explotación poidan detectar estas enfermidades e notificalas aos servizos veterinarios oficiais.

O control e a erradicación destas enfermidades baséase primeiramente na confirmación da sospeita; é, como digo, de obrigado cumprimento notificalo, calquera sospeita. Unha vez que se dá esta confirmación, establécense as seguintes medidas de control, co illamento da explotación, a aplicación das medidas e desinfección, desinsectación, tratamento de animais e os distintos pasos que se teñen que dar, incluída a vacina, que é obrigatoria. A vacina da lingua azul está sendo proporcionada pola Consellería do Medio Rural, en principio sen custo para o gandeiro, pero coa hemorráxica a explotación que queira aplicala ten que comprala, supoñendo incluso en moitos casos un custo duns 109 euros nesas dúas doses obrigatorias que hai que subministrar.

E o traballo por parte dos veterinarios da Administración é sen custo para o gandeiro, mentres que, nestes traballos clínicos que fan os habilitados, si cobran os seus honorarios, porque é parte do seu traballo, e teñen que facelo para poder manterse e seguir materializando a súa profesión.

Ademais, non se establece por parte da Consellería ningún prazo, nin restricións de movementos de animais non vacinados no período de vector, que, segundo se verá, foi adiado mes a mes.

Se se quere ter o brote controlado, débese implantar a vacinación o antes posible e a toda a cabana gandeira. Polo que os servizos veterinarios recomendaron e recomiendan vacinar canto antes. Pero a realidade é que o 16 de abril deste ano se empezou a establecer o período de actividade do sector, pero, pola mala planificación e xestión da Xunta de Galicia, tiveron que ir ampliando os movementos da lingua azul pola alta incidencia que tiña na hemorráxica. E a realidade é que despois desas seis prórrogas se está a provocar un desconcerto entre gandeiros, servizos veterinarios e todos os que se ven afectados na cadea da actuación que xa citei antes.

E miren, o Goberno central está co sector, escóitao, como fixo no Foro de Toledo, despois anuncia que vai levalo a un Consello de Ministros, lévao ao Consello de Ministros, ratifica esa axuda de 15 millóns de euros, e despois fai a súa publicación a través dun real decreto. Polo tanto, cumpre.

¿Que temos en contra? Pois o Goberno galego, co que temos unha descoordinación, unha falta de planificación, unha falta de recursos, de persoal e de control, o que deriva nunha casuística, que, lonxe de ir controlándose, se está a propagar, como vimos nestes últimos días con estes novos brotes que vivimos na nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, o que pedimos á Xunta de Galicia é planificación...



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...—remato, presidenta—; o que lle pedimos á Xunta de Galicia non é outra cousa que mellorar a planificación dos protocolos e procedementos, que aporte recursos propios, que xa ten anunciado, porque os anuncios se lles dan ben, pero non os publicaron, que complementen os que veñen do Estado para conseguir unha rápida vacinación e tamén incrementar as contías do lucro cesante, entre outros, a morte do animal.

Espero contar co apoio dos distintos grupos políticos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adriana Fernández González.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Señor Santalices, presidente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) Son Ariadna.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Como?

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Ariadna.

Iso non ten maldade, eu non o fago con maldade.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Non, maldade téñena eles. (*Risos.*) (*A señora Fernández González sinala coa man uns escanos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Por iso, eu non... É unha confusión. A verdade é que é un nome que me chama a atención en si... (*Risos.*) Pero, bueno, Ariadna. Bueno, queda rectificado. Grazas.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Era unha broma.

**O señor PRESIDENTE:** Vale.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Boas tardes, presidente.

Señorías.

Eu hoxe voules contar a todos e a todas un conto que se chama, que se titula, «*Des-xestión e mosquitos varios*». O autor do conto é a Consellería de Medio Rural. E, como toda obra literaria, na primeira páxina, leva unha dedicatoria que reza: «Para o pouco que queda de ganaría despois destes dezaseis anos». E no capítulo I, que se titula: «*A vacinación gratuíta da lingua azul*», (*A señora Fernández González fai coas mans o símbolo das comiñas.*) cóntase como comezou unha campaña da lingua azul de vacinación nas zonas de risco que había en Galiza.





Houbo comarcas nas que se empezou a campaña, simultaneamente á campaña do saneamento, pero, como non había xente, porque o que botou as contas non as botou moi ben, resulta que houbo que parar o saneamento para vacinar da lingua azul. Pero, aínda así, a cousa íasenos tanto das mans, tanto das mans, que resulta que houbo que apelar aos servizos veterinarios privados, e á desesperada chamalos para autorizalos para vacinar. ¡A desesperada!

Resulta que eses veterinarios privados cobraban —¡cobraban!— por vacinar. Non contaba ninguén con iso, porque a Xunta non lles pagou, non vos pensedes, non se pensen vostedes. Entón, houbo moitos gandeiros que tiveron que optar por esa vía e pagar para poder levar a cabo os movementos habituais da súa explotación gandeira.

Á parte diso, non se sabía cando ían vir vacinar os servizos veterinarios da Xunta; pero non é que non se soubese que día viñan, é que non se sabía que semana viñan, non se sabía que mes viñan, nin se sabía para nada cando viñan. E, señor Viso, asegúrollo porque nós os estivemos esperando e nada deles soubemos ata dous días antes.

Pero, bueno, o caso é que houbo gandeiros que moveron animais ao matadoiro e chegaron con eles no carrito sen saber que había que vacinar para a lingua azul, e, chegados ao matadoiro, volveron con eles para a súa casa, porque estaban sen vacinar.

Outros non tiveron tanta sorte. ¿E sabe por que? Porque os baixaron no matadoiro. E todos aqueles animais que entran en matadoiro só poden saír de dúas maneiras: ou decomisados ou a consumo. Ou sexa, que foron decomisados moitos quilos de carne de becerros que non se vacinaron, e os seus propietarios non tiñan esa información. E iso pasou co conto da vacina da lingua azul.

Á parte diso, houbo industrias cárnicas de pequeno tamaño —que son as que predominan no noso país— que non tiñan canles para vender, que foron mercalas a outras comarcas, a outros concellos, e que te chamaban desesperados porque non sabían onde habería un becerro ou unha vaca vacunado para comercializar. Sen falar, claro, da aplicación que puxo a Xunta de Galiza á disposición para rexistrar as vacinacións, que era complicada de entender e tiña deficiencias importantes, e dígollelo eu que o sei.

A campaña de vacinación do 2023 foise estendendo a toda Galiza, co risco que se estendía da lingua azul, e as eivas non se corrixiron, porque este ano foron exactamente iguais os problemas que se sucederon en todas as zonas.

Alongouse no tempo o período polo que se podían facer movementos, porque non había veterinarios para vacinar a todos os animais que facía falta sacar. Porque, outra vez, o que fixo as contas contou mal, por segunda vez, pero isto a ninguén do Goberno lle importou. Non lle importou a ninguén, ao igual que non lle importou a ninguén que esa vacina da lingua azul tivese moitas interaccións con outros medicamentos. Porque, como ben dixo o señor Enrique Barreiro nunha comisión —palabras textuais—: «Os gandeiros son os responsables últimos do que se lles aplique aos seus animais», esquecéndose, señor Enrique, de que as vacinacións obrigatorias as temos que levar a cabo pase o que pase, e vostede sábeo, porque é gandeiro.



Pero cando aínda estabamos nesas chegou o segundo capítulo deste libro, que se chamaba: «Os pioneiros...». Non, non, perdón, perdón, «*Os que quixeron ser pioneiros das axudas máis baixas do Estado*». Nesta parte do conto, nárrese como a conselleira anunciou 1 millón de euros de axudas para paliar os efectos da EHE, e de catro ou cinco enfermidades máis, ou seis ou sete. Daquela, ao final, destináronse á EHE, en 2023, 196.000 euros para paliar as mortes de 409 vacas.

E, claro, calquera que ande entre as vacas sabe que, se queres cobrar 409 vacas, non che chegan 200.000 euros; calquera ao sabe. Porque, miren, unha becerra de primeiro parto pinta custa no mercado 2.000 euros máis ou menos. E se queren saber canto custa unha rubia, pregúntenlle ao seu compañeiro Enrique Barreiro, que tamén llelo di, e non son 400 euros.

Daquela, pagáronse a 500 euros por vaca morta —que é unha miseria, ¡unha auténtica miseria!—, e decidiron pagar as vacas mortas, como xa lle dixen á conselleira, porque había 400 mortas e 1.400 positivos. Podíamos pagar os tratamentos das que foron tratadas daquela —1.400— ou 400 vacas mortas. ¿Que iamos pagar? Pois o que máis barato non saía: as mortas, e así foi como se pagaron as vacas mortas.

E todo isto levouse a cabo baixo un paraugas, que era, o de «somos pioneiros nas axudas». Mire, no DOG as axudas de Galiza, se non me engano —e, se non, corríxanme, por favor— saíron publicadas en xaneiro do 2024. En Cantabria e en Extremadura, xa saíran en novembro do 2023. Pioneiros..., bueno...; pioneiros, non.

E logo despois dirannos —agora— que invisten, que invisten 5,6 millóns de euros en paliar os efectos da enfermidade hemorráxica. Pero é que vostedes invisten menos da metade deses 5 millóns de euros —¡menos da metade!—, de maneira de que se sumamos os que se investiron o ano pasado e os que se investiron neste, non chegan aos 3 millóns investidos por parte da Xunta de Galiza na enfermidade hemorráxica epizoótica. En cambio, en Extremadura, 10 millóns; en Castela e León, 9 e en Asturias, 3. Imaxino que eses datos si que os teñen.

E este foi o seu conto de ciencia ficción, pero a min, como me gusta máis o relato baseado en feitos reais, voules contar unha historia, pequena.

En 2024 houbo 4.800 positivos. Unha gandeira galega con 56 vacas en muxido —80 animais máis ou menos— tivo 4 vacas con síntomas compatibles de enfermidade hemorráxica. Ben, ningunha delas morreu. Houbo unha que se diagnosticou como positiva, porque naquel momento non se sangraron máis, porque os servizos veterinarios non daban abasto para sangrar máis. Ben, sufriu un aborto, botou 10 días sen comer e sen beber polos seus propios medios. O becerro naceu morto. Ten secuelas incompatibles coa vida produtiva, e nunca as outras tres compañeiras que sufriron síntomas compatibles recuperaron a súa produción láctea.

Boli e papel, por favor. Miren, a media do tratamento e os servizos veterinarios por animal son 400 euros. 400 euros por 4 vacas: 1.600 euros. O desparasitante custa 25 euros con IVE



cada medio litro, e aplícase cada vinte días. O período de circulación do vector é de abril a outubro, sendo benévolos; de maneira que tería que aplicalo nove veces. Faríanlle falta 15 botes de desparasitante: 375 euros. A pauta completa da vacina para esa granxa: 800 euros. En total, esa gandeira tería que investir en prevención e tratamento 2.775 euros.

¿Saben compañeiros e compañeiras do BNG, cantos cartos vai recibir esa gandeira? 1.600 euros, ¡1.600 euros! ¿E saben cal é o problema? Que a súa veciña, que non tivo ningún caso positivo confirmado, vai vacinar, vai desinfectar e vai desparasitar recibindo cero euros, e que a súa outra veciña que ten 5 vacas e un caso positivo que lle custou 400 euros, vai recibir 140, que non lle dá nin sequera para o tratamento.

Esas son as contas que bota a Consellería para a cabana gandeira galega. Non me estraña que a súa representante dixera que o debate da EHE era estéril, porque, efectivamente, vos-tesdes fano estéril.

Paguen as mortes como é debido, as do 2023 e as do 2024, paguen as vacinas, o servizo para aplicalas, paguen os tratamentos de xeito xusto e non a ollo, aboen o lucro cesante no caso das mortas e as perdas; empecen a pagalas xa, porque as van pagar a partir de novembro, non sei se é que o mosquito lles inflúe nos ordenadores para tramitar as axudas; debe ser iso.

E, para rematar, quero dicir, señor presidente, ¿saben cal é o problema que temos na cabana gandeira galega, os gandeiros e as gandeiras? Que para este goberno o rural non é unha prioridade,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** ...non é unha prioridade, porque as contas da Consellería de Medio Rural, as contas da casa, non dan coas da feira, e «o que parte e reparte sempre leva a mellor parte».

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. ¿Non? *(Negación.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Grazas, presidente.

Grazas, presidente, e moi boas tardes a todos e a todas.

Bueno, se en algo estamos de acordo coa señora Ariadna é en que os que se lle dan ben son os contos. Isto era un conto, e máis que un conto xa parecía un drama, pero a verdade é que iso se lle daba ben. *(Aplausos.)*



Bueno, imos empezar a falar do que realmente é. E tamén quería facer unha reflexión, porque parece que para o Partido Popular, para este goberno, non está ben a sanidade, non está ben o rural, non está ben o turismo, non está ben nada; pero, cando chegan as eleccións, miren para a bancada do Partido Popular e miren para a súa bancada. (*Aplausos.*) Polo tanto, empecen a facer unha reflexión; tamén é importante que a empecemos a facer. É que é importante que fagamos a reflexión. (*Aplausos.*)

Imos ir un pouquiño ao tema, e á parte gustaríame agradecerlle á deputada do Partido Socialista que o trouxese, porque é un tema sobre o que é importante debater e reflexionar. A Consellería do Medio Rural, por suposto, levou a cabo os protocolos sobre a situación da lingua azul e a EHE, e sobre todo levounos a cabo garantindo en todo momento, ao persoal veterinario, aos gandeiros, aos mercados e a asociacións de defensa, o que tiña que levar e tiña que facer en todo momento. Polo tanto, levaba consigo unha información puntual.

A desinsectación dos animais e vehículos é obrigatoria —algo que tamén era importante que se comentase aquí—; é obrigatoria, e tamén ben sabemos, ao final, que pode ser ese uso para a vida ou para sacrificio. E tamén algo do que non se falou aquí, pero que si poñía na PNL, era a importancia da información. Para todo iso a Administración, o conselleiro do Medio Rural deste goberno, activou, por un lado, as oficinas rurais con atención persoal; esas oficinas rurais nas que se levan investido 6 millóns de euros en modernización. E, por outro lado, está o 012 con atención tamén, e a oficina virtual de gandería. Iso é unha realidade e iso está aí. Polo tanto, se a vostedes non lles interesaba escoitalo ou lelo, é un problema seu.

E unha das cousas que me sorprendeu aquí, tanto do PSOE como do Bloque, é que vostedes empezaron a falar de por que imos pagar agora, de por que o vector... ¡Oia! Hai que ler un pouco. Se vemos por que se actúa, sabemos que temos en toda España 42 estacións onde se calcula a evolución do mosquito. Desas 42, catro están en Galicia, e esas catro pasan a información á Universidade de Zaragoza, e esa información é coa que o MAPA, o ministerio, señorías do PSOE, toma a decisión de cales son os momentos de actuar en cada vector. Polo tanto, é importante, cando falemos, que falemos cun pouquiño de coñecemento de causa.

Por suposto, tamén é certo —e aquí falámolo sempre—: a responsabilidade de vacinar recae na persoa titular, por suposto que é así. ¿Que fixo a Consellería? A Consellería do Medio Rural, máis alá do conto do que nos falaba a señoría do Bloque, ¿que fixo? Habilitou, por un lado, os veterinarios privados, por suposto, os veterinarios das ADS, e, por suposto —importantísimo—, aportoulles a vacina de xeito gratuíto. A Consellería do Medio Rural asumiu a maior parte da vacinación, empezando no 2023 —que foi unha campaña masiva, como vostedes recordarán— en Pontevedra, en Ourense e en varias zonas de Lugo. Despois pasou a toda Galicia, cando pasou o que pasou en Pontevedra.

Polo tanto, insisto, nós, este goberno e esta consellería, tivemos claro como actuar desde un principio.

Señora Lara, preocupábanos a sensación que deu vostede dos ovinos sen rexistrar; ou sexa, como se tiveramos en toda a comunidade demasiados animais sen rexistrar.



É importante recalcar que Galicia foi unha das comunidades autónomas que asumiu a totalidade do custo tanto da vacina como das actuacións de vacinación: vacinación en [...], revacunación anual e vacinación de continuidade en todas as explotacións; insisto, señorías, en todas as explotacións de gando bovino e ovino de Galicia, e iso tamén hai que dicilo, porque iso foi así e iso é o que está pasando. Por suposto, o persoal veterinario das ADS e tamén o privado recibiu, como antes comentaba, de balde as doses vacinais. E os que son da Consellería, tíñano, por suposto, a través da Consellería, totalmente gratuito.

Se falamos da EHE, sabemos, señorías, que non é obrigatoria, pero está á disposición desde o mes de agosto deste ano para a utilización en todo momento de todos os que o necesiten e así o demanden.

E algo do que non se falou e algo que me sorprendeu da señora Lara —que foi a que levou a cabo esta PNL— é que non nos falou das indemnizacións; pasou moi por encima diso. ¿Por que? Igual é curioso porque, ao mellor, aínda que falaban vostedes dunhas axudas pírricas, é certo que en decembro de 2023 a comunidade que xa actuou para, dalgunha maneira, intentar contrarrestar esas perdas que estaban tendo os gandeiros, foi a Comunidade de Galicia. ¿E que fixo? Aprobar, en principio, en decembro de 2023 esa norma para poder facer uns aboamentos económicos aos nosos gandeiros. E, claro, ¿que pasou? Que, ao final, ao longo dese ano, loxicamente, fóronse aboando en función das posibles circunstancias coas que nos atopabamos. Pero, claro, despois deime conta: ¿por que a señoría do PSOE non dixo nada? Non dixo nada porque ela falou de que despois chegou o Goberno.

Bueno, aquí hai unha foto —que non se ve porque non a fixen en color—, (*O señor Viso Diéguez mostra un documento que contén unha fotografía.*) e léolle — porque aquí pon a data, 19 de setembro de 2024— o que pon: os senadores do Partido Socialista instan o Goberno a aprobar axudas pola EHE. Ou sexa, en setembro de 2024 os senadores do Partido Socialista levan esa iniciativa como pioneira para que cheguen as axudas. Claro, o Partido Popular, este goberno e esta consellería xa o fixeran en xaneiro. Entón, por iso posiblemente vostedes non chegan ou chegan tarde, e, cando chegan tarde, é vendo e copiando o que está facendo o Partido Popular, que o está facendo ben.

En principio, ¿que pasa? Unha vez que chegan as axudas, loxicamente, esas axudas levan consigo un compromiso, e ese compromiso vai contrarrestado co que se fixera por parte do Partido Popular. ¿Por que? Porque o Partido Popular xa adiantara cartos. É certo que as contías son mellorables, é certo que a cantidade da que se estaba falando era de 5,6 millóns de euros, unha das cantidades que, posiblemente, leve consigo un investimento máis importante a nivel nacional como comunidade, porque, ao final, o que temos como compromiso deste grupo e deste goberno é o compromiso cos nosos gandeiros. Entón, aquí vemos como neste caso a señora Lara non nos falaba do investimento, porque non lle interesaba dicir que eles chegaron tarde.

Señorías, eu creo que temos que falar como sempre, e a min gustaríame facer aquí un pequeno repaso do que nós estamos facendo sempre. Nós falamos con feitos, como se viu neste caso. Na EHE había un problema, e esta consellería e este goberno atacou o problema e intentou corrixilo. Polo tanto, aí estamos falando con feitos, como falamos con feitos no seu



momento cando falamos da Ribeira Sacra: 2 millóns de euros para os viticultores e medio millón de euros para a destilación de crise. Falamos con feitos tamén cando falamos do temporal. Recordade o temporal, o Kirk, no que, ao final, ¿que pasou? Pois que aquí tamén fomos nós, dalgunha maneira, os que fixemos algo, que foi adiantar a PAC. A xente está cobrando agora mesmo 45 millóns de euros. Polo tanto, iso tamén é pensar nos gandeiros. (*Aplausos.*)

E, por suposto, cando falamos de feitos, falamos da pataca da Limia, que nos preocupa a todos, sobre toda a unha comarca tan importante, e vemos como mentres nós defendiamos o sector outros intentaban ou estaban procurando buscar outro tipo de ocupacións, como era poñer en dúbida o que era o Inorde.

Tamén, cando falamos, falamos de defensa dos gandeiros, sobre todo polo ataque do lobo —e isto é moi importante—. A verdade é que é curioso —sobre todo para os que xa tivemos algunha experiencia— que o Partido Socialista veña aquí falarnos da defensa da gandería, pero, a nivel nacional vemos como a ministra Ribera segue mantendo o lobo no LESPRES. ¿E iso que leva consigo? A señora Ariadna hoxe falábanos, nese conto do rural, de moitos deses animais, e a moitos deses animais ségueos comendo o lobo, pero aí non pasa nada; cómeos o lobo, pero diso non dicimos nada. ¿Por que? Porque en Madrid non podemos dicir nada ou non nos fan caso. E vostedes, ao final, son compañeiros de viaxe, pero fanlles o mesmo caso que a todos.

Polo tanto, eu quería rematar insistindo un pouco xa nese mantra de vostedes de ir en contra de todo: todo está mal e todo é negativo. A min gustaríame asumir unhas palabras tamén da conselleira, que dixo no seu momento que era importante traballar, traballar en conxunto e traballar en liña para que todos puidésemos facer un rural con futuro. E se podemos facer un rural con futuro seguramente é mellor para todos, pero vostedes vexo que seguen co mantra dese panorama catastrofista, e iso, ao final, non nos leva a nada.

Insisto —remato xa, señor presidente—, nós defendemos, por suposto, o noso rural, imos seguir defendendo o noso rural e imos seguir traballando para construír un futuro no rural; ese futuro no que todos traballamos no rural, dos que estamos no rural, dos que vivimos do rural e dos que queremos seguir vivindo do rural. Deixen de coller esa bandeira, esa bandeira de defensa do rural. Xa lles dixen o outro día na comisión que esa bandeira non é súa, que esa bandeira é de todos os que estamos no rural, de todos os que nos gusta o rural, de todos os que defendemos o rural e de todos os que amamos o rural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ¡Ai, o que temos que oír ás veces por non ser xordos!, como dicía aquel dito, neste *totum revolutum* que nos meteron aquí para non dicir nada.

Porque, mire, señoría, o compromiso co rural demóstrase con feitos, non con palabras, porque as palabras están moi ben e son moi bonitas, pero o outro día na comparecencia da conselleira



xa lles diciamos que o peso que tiña Medio Rural baixou porque non foi capaz nin quen de subir o que sobe o orzamento. Ese escaso 6-6,25 por cento non foi quen de subilo, e sen entrar noutras partidas tremendamente alarmantes, como as novas tecnoloxías ou as novas infraestruturas para dotar as propias oficinas do rural, porque escoitamos aquí dicir que todo vai a mellor, que todo se está mellorando, que se está incrementando todo, o persoal, as dotacións..., pero, ao mellor, hai que saír un pouco máis á rúa e escoitar, porque, ao final, nós o que vimos traer aquí é o que nos demanda o sector, porque non ten a Xunta ao seu carón.

O primeiro que hai que facer é escoitar. E acababa a intervención dicindo que o Goberno central escoitou, anunciou, presentou e aprobou; en cambio, o Goberno galego... Nós si faciamos tamén unha pregunta escrita ao respecto —15 folios, si; agradezo o traballo dos técnicos porque intentaron esforzarse en darnos unha resposta, que ás veces é complicado, porque, claro...—. A resposta vouna resumir en dúas cuestións. Por unha banda, dixeron: xa se fixo unha parte, o compromiso da comunidade autónoma, pero vemos como foron 196.000 euros os que viñan na orde, e, se non recordo mal, a compañeira do BNG falaba antes de que eran seis ou sete liñas —eu creo que chegaba ata a jota toda aquela retahíla, agora falo de memoria— todas as axudas, que ían a 1 millón de euros, pero realmente para a hemorráxica, escasos 200.000 euros. Esta é a realidade.

Por outra banda, outras comunidades autónomas como Cantabria, tendo unha quinta parte do número de reses, destínanlle, en comparación a eses escasos 200.000, 2,6 millóns de euros. Aí é onde se demostra ou non o compromiso. E despois incluso na páxina 9 desa resposta di literalmente: as axudas establecidas pola Xunta de Galicia son as máis cuantiosas publicadas ou anunciadas, porque a Xunta de Galicia aínda non as publicou. Publicaraas, pero, ¿sabe por que as vai publicar? Porque ten a presión do sector, porque os gandeiros e as gandeiras lle están reclamando esas axudas e porque, se non, corre risco de que poida ir a peor.

E a vacina non ten só como fin a mobilidade; é certo que é unha consecuencia tamén perseguida, pero a vacina ten como finalidade ter animais sans, que é o que se necesita, ter as reses sas. Porque lle digo: aquí en Galicia hai o que está afectando o serotipo 4, que se empeza a controlar e co tempo se controlará, pero en Extremadura, comunidade moi cercana a nós, xa hai unha variante do serotipo 3, e tamén hai que empezar a mirar para que non veña e para que non volvamos estar en anos futuros na mesma situación na que estamos agora, pola falta de planificación da Xunta de Galicia e pola falta de programar e de adiantarse e poñer recursos.

Así que ao que os invito é a que publiquen rapidamente eses anuncios que xa teñen feito para que poidan acceder ás axudas, para que siga incrementando a súa contía e, sobre todo, invítoos a que traballen na planificación e programación, para evitar estes casos no futuro porque, se non, seguiremos tendo unha grave ameaza enriba para o sector gandeiro.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda?

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Con respecto á emenda do BNG, aceptámola, porque vén complementar, incluso especificar, algunha das liñas que nós poñiamos na parte resolutiva de forma máis xenérica.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que propoña na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, que trate do reparto de fondos, que estableza que as comunidades autónomas que realicen un maior esforzo orzamentario en fondos propios perciban maiores fondos do Estado en materia de políticas activas de emprego».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pérez López.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Boa tarde a todas e a todos.

Grazas, presidente.

Señorías, esta gráfica (*A señora Pérez López mostra unha gráfica.*) amosa a realidade dos maiores problemas que experimenta na actualidade o mercado laboral no noso país, a evolución das vacantes ou os postos de traballo sen cubrir que hai nestes momentos en España. Fíxense na evolución que está a dispararse nestes últimos anos e fíxense en como medra a curva desde hai tres anos ata a data de hoxe; unha situación que está a supoñer un obstáculo para a actividade de moitas empresas no noso país e que está a afectar negativamente a súa competitividade, o crecemento da nosa economía e, por ende, a calidade de vida dos cidadáns. Moitas empresas están a perder proxectos, están a deterse os seus investimentos e están clausurando unidades produtivas ou chegando incluso a ver en risco a viabilidade de moitos dos seus negocios.

Este é un feito paradoxal, e non é a primeira vez que o poñemos enriba da mesa nesta Cámara se temos en conta que España encabeza nestes momentos todos os rankings de desemprego a nivel europeo. España aporta nestes momentos á eurozona un de cada cinco parados. Somos o país da Unión Europea con maior taxa de desemprego xeral. Fronte a un 6 por cento de media do conxunto da Unión Europea, España acada un 11,21 por cento se-





gundo a EPA do terceiro trimestre. E, se falamos de paro xuvenil, se falamos da mocidade, segue subindo nestes momentos ata un 26,89 por cento actual. É a máis alta das taxas dos 27 países da Unión Europea, e o que é aínda máis preocupante é que, segundo a Comisión Europea hai uns meses, non se espera que estes datos melloren no que queda de ano.

E aínda que Galicia presenta mellores datos, porque esa é a realidade, que en Galicia presentamos mellores datos en termos de empregabilidade que a media nacional —o que significa, señorías, que as medidas que está a poñer en marcha e que as medidas que está a implementar o Goberno galego están a ser eficaces, están a ser eficientes e están a dar resultado—, tampouco somos alleos á necesidade de man de obra para cubrir esas vacantes en moitos sectores do noso tecido produtivo.

Eu, por darlles un dato, lémbrolles que a última enquisa do Banco de España sobre actividade empresarial declarou que o 48,8 por cento das empresas do noso país están a sufrir un impacto negativo sobre a súa actividade, derivado da falta de dispoñibilidade da man de obra nestes momentos; case dous puntos porcentuais máis que hai tres meses, dous puntos de subida en tres meses. E isto non se frea se non somos capaces de poñerlle unha solución, se non remamos todos na mesma dirección.

Eu creo que a pregunta que temos que facernos é sinxela: ¿por que España, liderando o paro da Unión Europea, ten postos de traballo sen cubrir no seu mercado laboral? E as causas deste desaxuste son varias, son diversas e son complexas. Podemos atribuírlo a cambios sociais, á burocracia para a incorporación do persoal, e aí pásolles a pelota ao tellado do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego por desincentivos á incorporación ao mercado laboral, polo envellecemento da poboación, pola falta de remuda profesional, pero tamén por unha importante desconexión entre a oferta e a demanda de traballo.

E aínda que os problemas para atopar traballadores revisten diferente intensidade en función dun sector, dunha ocupación ou outra ou das diferentes rexións, nestes momentos están a alcanzar practicamente todas as ramas da actividade e practicamente todos os sectores económicos. Hai vacantes sen cubrir en profesións científicas e técnicas, pero tamén temos vacantes sen cubrir no comercio, na construción e na hostalaría. E este desequilibrio —reitero—, como lles dicía hai un momento, está a ameazar a produtividade das nosas empresas e está a afectar de maneira moi significativa as pemes e os autónomos, que son maioritarios na nosa comunidade, en Galicia.

Unha das dificultades máis salientables para atopar man de obra e que levan meses denunciando tanto as organizacións sindicais como as organizacións empresariais é a falta de consonancia ante as habilidades e as competencias da poboación activa e as necesidades reais das empresas.

Por ese motivo, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que é preciso promover a formación continuada, para que tanto as persoas empregadas como as persoas desempregadas poidan adquirir novas habilidades adaptadas a eses cambios no mercado laboral. Porque neste momento, señorías, a aprendizaxe constante se converteu nunha necesidade vital para manterse competitivo tanto a nivel empresarial como a nivel profesional. E o Goberno



galego é consciente diso. O outro día escoitamos o conselleiro na comparecencia de orzamentos, e destinará á formación para persoas empregadas e desempregadas para o vindeiro ano 72 millóns de euros. Pero non é suficiente, e non é só unha cuestión de cartos, isto require unha acción coordinada non só das comunidades autónomas, senón tamén dos ministerios competentes na materia.

¿E onde radica a dificultade no día de hoxe para dar a eses traballadores esas competencias que precisan para mellorar a súa empregabilidade e para poder ofrecer ás empresas galegas eses perfís que precisan para poder cubrir esas prazas de traballo vacantes? Nos fondos finalistas que o Goberno de España reparte vía as comunidades autónomas. A dificultade, señorías, radica en que veñen acompañados dunhas directrices de aplicación tan ríxidas que están a limitar a capacidade da Xunta de Galicia para adaptalos ás necesidades propias de Galicia, ás necesidades propias do noso territorio, e para adaptalos ás circunstancias cambiantes do mercado laboral galego, coa axilidade que nos está a requirir nestes momentos o mercado laboral. ¿E que está a provocar iso? Que en moitas ocasións eses fondos —que, non se esquezan, non son fondos do Goberno central, son fondos dos galegos, fondos que saen dos nosos impostos e que son tan necesarios para crear postos de traballo— queden inutilizados ou se destinen a áreas que non son prioritarias ou que directamente non sirvan para dar resposta a esas necesidades nin dos traballadores, nin das empresas, nin das pemes, nin dos autónomos galegos.

Por iso, dende o Grupo do Partido Popular, concluímos que é necesaria unha maior flexibilidade neses fondos, que é necesario que o Goberno central escoite as comunidades autónomas, porque a súa proximidade, a proximidade do Goberno galego e do resto de comunidades autónomas coas persoas traballadoras e coas empresas permite coñecer e atender dun modo máis áxil e dun modo máis directo todas as súas necesidades. E dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que é necesario que se teñan en conta as particularidades e a singularidade de Galicia á hora de fixar os criterios de repartición deses fondos.

E dicimos isto porque é inxusto, non co Partido Popular, é inxusto coas galegas e cos galegos, señorías, que, mentres o Goberno estatal está a conceder privilexios e flexibilidade a outras rexións para manter o señor Sánchez no sillón, aos galegos se lles vexan limitadas as súas oportunidades, os galegos vexan limitado o seu crecemento e os galegos non poidan dar resposta aos retos específicos de Galicia. E os retos específicos de Galicia teñan claro que non sempre coinciden coas prioridades impostas desde Madrid.

Polo tanto, Galicia conta cun goberno do Partido Popular que ten demostrado a capacidade de xestionar recursos públicos con responsabilidade e con eficacia. Aí están os datos e poden vostedes velos. Polo tanto, ese goberno ten que ter autonomía suficiente para levar a cabo as funcións que ten asumidas en materia de emprego, e non pode seguir xestionando desde unha posición de subordinación ao SEPE estatal —que cada vez é máis ríxido e cada vez está máis compartimentado— os fondos cos que, , ten que dar resposta ás necesidades tanto do tecido produtivo do noso territorio como ás necesidades de empregabilidade das galegas e dos galegos.

Eu creo que todos debemos apoiar esta moción hoxe porque, ao final, non é unha cuestión ideolóxica do que estamos a falar, senón que é unha cuestión de dar resposta ás necesidades do noso territorio, nin máis nin menos.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Señora Pérez, dúas proposicións non de lei presentadas polo Partido Popular que hoxe debamos, e as dúas instan o Goberno de España, igual que no pleno anterior. É habitual para este PP, o PP de Galicia, utilizar os plenos co único ánimo de confrontar co Goberno do Estado para asañarse e vilipendiar un goberno que foi quen, en materia de emprego ou en materias que afectaban directamente os traballadores e as traballadoras do noso país, de subir o salario mínimo interprofesional, coa oposición do Partido Popular; de revalorizar as pensións, coa oposición do Partido Popular; de establecer ERTE extraordinarios, coa oposición do Partido Popular; de realizar unha reforma laboral, coa oposición do Partido Popular; de igualar o permiso de paternidade e de maternidade, avanzando na igualdade entre homes e mulleres, coa oposición do Partido Popular; (*Aplausos.*) de mellorar o subsidio por desemprego, coa posición do Partido Popular; de reducir o IRPF á metade dos traballadores e traballadoras, coa oposición do Partido Popular. Tamén foi quen o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, de incrementar o IRPF aos máis ricos, coa oposición do Partido Popular; de crear un imposto ás grandes fortunas, coa oposición do Partido Popular; de conquistar que España teña unha das inflacións máis baixas da Unión Europea, coa oposición do Partido Popular; de obter para Galicia máis de 4.000 millóns en fondos europeos, coa oposición do Partido Popular.

Deberían, señorías do Partido Popular, recordar que estamos na Cámara autonómica galega. Esta forma de actuar —a súa— pode ser debido á falta de traballo dos deputados do Partido Popular nas Cortes Xerais, ou tamén pode ser que este PP, o que temos en Galicia, salvo realizar preguntas ao Goberno para lucimento dos conselleiros, non sexa quen de instar o Goberno galego nos ámbitos nos que ten delegadas as competencias, proxectos, cambios...; propostas á fin e ao cabo.

Miren, falan vostedes na exposición de motivos dos problemas do mercado laboral do Estado. Obvian que España creceu 138.000 empregos no terceiro trimestre do ano, alcanzando o emprego un novo récord —¡mal que lles pese!—, a taxa de paro máis baixa dende 2008. Trátase tamén dun emprego máis estable, con máis de 15 millóns de traballadores con contrato indefinido e cun aumento de 102.000 persoas no último trimestre.

Señora Pérez, falemos de fondos e da capacidade de xestionar da Xunta de Galicia —porque hai que ter traca nisto—, porque dicía ela que temos unha capacidade de xestionar... Pois un dos problemas do mercado laboral —xa llo dixo o outro día tamén o conselleiro de Emprego— en Galicia chámase Xunta de Galicia, que, en materia de execución orzamentaria, de 2009 a 2023 deixou sen gastar 2.184 millóns de euros dos 6.000 que tiña asignados para políticas de emprego, o 34,9 por cento do crédito asignado. Un de cada tres euros non foron



quen de gastalos. Esa é a capacidade de xestión que ten o Partido Popular de Galicia en materia de emprego. E iso que os cursos dos que falaba, estes cursos de formación, llelos dan directamente a fundacións amigas e, dende logo, sen facer un estudo das análises do mercado laboral. E iso non é competencia do Estado, iso é competencia da Comunidade Autónoma galega, que leva quince anos sen facelo.

Despois, tamén teño que dicirlle que deixan sen gastar os fondos, non porque sexan finalistas, señora Pérez, senón pola incompetencia en materia de emprego. Non existen itinerarios personalizados de inserción. Asinan, si, os demandantes, un protocolo de inserción, un itinerario de inserción, que despois non cumpre a Xunta de Galicia. Non lle dá os instrumentos ao demandante de emprego, porque non se planifican as actuacións previstas nesos itinerarios. Dende que chegou Feijóo ao Goberno nunca se tiveron en conta estes itinerarios na planificación das actuacións concretas. O requisito imprescindible para facer os itinerarios é ter unha análise das necesidades do mercado laboral, e vostedes non o fixeron, por moito que este grupo parlamentario presentou iniciativas ao respecto, falando desa falta de traballadores para as necesidades do mercado laboral e de que non se ían executar os fondos por ese problema, e votaba vostede en contra desas iniciativas.

Non apostaron polo Servizo Público de Emprego de Galicia, non apostaron por el. Tampouco dende a Consellería se apostou pola formación en competencias clave, e parece que é algo que nos queda como lonxe, pero moitos traballadores e traballadoras non teñen o certificado de profesionalidade. ¿Por que? Por non ter esas competencias clave.

Pero, mire, xa o dixo Feijóo no ano 2011; escoite o que dicía Feijóo do emprego: «Aínda que tivésemos unha capacidade orzamentaria superior á que temos hoxe, poderíamos ter máis persoas formadas, pero, se non hai demanda de emprego, teríamos máis persoas formadas pero sen emprego». Isto copieino do Partido Popular en materia de emprego. *(A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.)*

E en relación cos fondos finalistas, espero que sexa coñecedora de que os fondos derivados de cotas, das cotas que pagan os traballadores e as traballadoras cada mes, descontado na súa nómina o 0,10 por cento da base de cotización, só se pode dedicar a políticas de formación, señora Pérez, por lei. E tamén espero que coñeza que nas normas ou convenios de colaboración que incorporan os criterios obxectivos de distribución se recollen as condicións de xestión de fondos, que din: «...incluirán as posibilidades de reasignación de importes entre programas ou servizos, e a posibilidade de reutilizar cantidades reintegradas ou recuperadas». Aquí teño a Orde TES/602/2024, e, se vai a o seu apartado 5 —non sei se o leu ou se é consciente de que está publicado—, verá que di no punto 1: «As comunidades autónomas poderán ordenar transferencias e redistribuír segundo as súas necesidades de xestión e en función das especificidades dos colectivos a atender...». Pero iso dío no punto 1. No punto 2 fala das cantidades asignadas, tanto para financiar servizos e programas de formación, sen necesidade de redistribución ou transferencia ta, ta, ta..., «sen prexuízo de que as comunidades autónomas que así o decidan poidan realizar estas, como para financiar servizos e programas de fomento do emprego...» etcétera, etcétera.

Hai tres ou catro puntos que permiten esas transferencias segundo as necesidades formativas de cada comunidade autónoma.



E, por último, e para rematar, xa explicando que se poden redistribuír, segundo esas ordes establecidas por esas reunións das conferencias, presentamos unha emenda que insta a Xunta de Galicia a que propoña na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais que trate da repartición de fondos, que estableza que as comunidades autónomas que realicen un maior esforzo orzamentario en fondos propios perciban maiores fondos do Estado en materia de políticas activas de emprego.

Iso si o poden facer e deben facer, se lles preocupan, señora Pérez, os traballadores e as traballadoras da nosa comunidade autónoma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (*Negación.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boa tarde a todos e todas.

Obrigado.

Señor presidente, desde o BNG xa adiantamos o noso voto favorábel a esta iniciativa na medida en que parece ir dirixida a aumentar o grao de capacidade de decisión do Goberno galego para realizar unha planificación, programación e execución das súas políticas activas de emprego en función das particularidades propias do noso país. Botamos en falta, iso si, que a súa iniciativa diga algo ao respecto desas particularidades do noso país e que concrete en que medida e de que xeito afectan o mercado de traballo, que concrete cales son as rixideces do actual marco estatal e como nos afectan, e como o Partido Popular ten pensado modelar as súas políticas activas de emprego no suposto de conseguir esa maior flexibilidade que reclama.

Nós, insisto, estamos a favor de modificar o actual marco normativo para que o Goberno galego gañe en capacidade de decisión e disposición, mais tamén é obrigado pola nosa parte manifestar as nosas dúbidas ao respecto das súas intencións.

Dubidamos moito de que esa sexa a súa verdadeira intención con esta iniciativa, e, aínda que podería dar moitas razóns que xustificuen estas dúbidas, darei apenas dúas.

A primeira, a Lei 30/2015, que regula a formación profesional para o emprego, e, polo tanto, unha das normas máis importantes na configuración dese marco estatal —segundo vostedes, moi rixido— foi obra do Partido Popular, concretamente do Goberno do señor M. Rajoy e da señora Fátima Báñez, daquela ministra de Emprego, posteriormente ministra de Sanidade e despois asesora da CEOE, conselleira da farmacéutica Rovi desde hai un par de anos e tamén conselleira da filial estadounidense de Iberdrola. Ou, dito doutro xeito: o modelo que parecen cuestionar hoxe aquí, en boa medida, é o seu propio modelo.



En segundo lugar, póñolle outro exemplo, a Lei 3/2023, de emprego, da autoría da actual ministra de Emprego, Yolanda Díaz, que reincidente en todas aquelas cuestións que introduciéron vosdes no seu día, como a privatización da prestación de servizos básicos de emprego, e que tamén redunda nun sistema hipercentralista das políticas activas de emprego.

Vostedes presentaron unha mancha de emendas durante a tramitación desta lei; por descontado ningunha no sentido de modificar este centralismo do sistema. Votación final do Partido Popular no Congreso: abstención. Non foi o caso do BNG, por certo, que si presentamos emendas contra ese modelo centralista e privatizador da lei, e que finalmente votamos en contra.

Por iso dubidamos de que realmente persigan vosdes unha modificación do actual marco das políticas activas de emprego, e sospeitamos que unicamente están vosdes elaborando un relato que xustifique o fracaso das políticas de emprego do Goberno galego, porque só como fracaso pode cualificarse o ridículo grao de execución das partidas orzamentarias máis importantes das políticas activas de emprego.

¿Saben que porcentaxe do orzamento executaron vosdes entre os anos 2019 e 2023? Un 22 por cento do orzamento para a formación profesional de ocupados, un 47 por cento do orzamento para a formación profesional de desempregados e un 51 por cento do orzamento para a mellora e o fomento da empregabilidade. ¿Sabe canto executa o Goberno galego noutras partidas da máxima importancia para facilitar a empregabilidade? Un 36 por cento, por exemplo, do orzamento para a conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social. Calquera diría que unha das particularidades do mercado laboral galego é a nefasta xestión do Goberno do Partido Popular.

¿Que ten que dicir o Partido Popular sobre este fracaso do Goberno galego?, ¿que a culpa é do modelo estatal? Saiban que é o seu propio modelo.

Malia todo, ese modelo estatal non xustifica o seu fracaso no Goberno galego. Porque vosdes teñen aquí, na Galiza, tamén o seu propio modelo, que consiste, por exemplo, en desfacerse dos organismos de participación institucional. ¿Que foi das comisións sectoriais de formación e cualificación profesional, aquelas comisións tripartitas que funcionaron hai anos para deseñar a oferta formativa? Desaparecidas. ¿Como están realizando ese deseño no día de hoxe? Subcontratando consultoras. ¿Como chegan as ordes da Consellería aos organismos de participación? Totalmente pechadas, e un par de días antes da reunión. Pero a culpa é do marco normativo estatal. En fin...

E outra cuestión da que vosde sorprendentemente non fala na súa iniciativa é de como nos vai en materia de emprego a nós, porque vosde non fala máis que da situación a nivel estatal. Resulta, cando menos, estraño solicitar maior flexibilidade para o Goberno galego, se o problema é igual en todo o territorio do Estado español.

¿Como está Galiza en termos de emprego? Podemos acudir á memoria elaborada polo Consello Económico e Social, un organismo que vosde mesma louvou a pasada semana na comparecencia do seu presidente na Comisión de Orzamentos. Nesa memoria, o CES mani-



festa claramente que a creación de emprego na Galiza vai moi por detrás do conxunto do Estado español, e faino apoiado en datos de afiliación á Seguridade Social e en datos da eventualidade que proporciona a EPA.

As conclusións non deixan lugar a dúbidas: mentres no Estado español están no seu máximo histórico de emprego, na Galiza aínda non recuperamos o nivel de emprego previo á crise financeira do ano 2008.

Eu pregunteille ao conselleiro polas causas que, na súa opinión, explican esta diferenza. Non respondeu. Paréceme novamente que a diferenza pode radicar nas nefastas políticas da Xunta do Partido Popular. Porque, loxicamente, a nefasta xestión da Xunta non é exclusiva das políticas da Consellería de Emprego, podemos falar tamén dun deseño da mobilidade na Galiza absolutamente alleo ás necesidades laborais ou de formación — ¡absolutamente alleo ás necesidades laborais ou de formación!—. Falen co persoal de orientación laboral e preguntenlles cales son as principais barreiras que atopan as persoas demandantes de emprego ou de formación. Unha das máis importantes é a falta de transporte público. Ou, poderíamos reproducir agora a discusión desta mañá sobre falta de política industrial da Xunta do Partido Popular: unha máquina de destruír emprego.

Así que, si, imos votar a favor desta iniciativa que pide flexibilidade e maior capacidade de decisión do Goberno galego, aínda temendo que non sexa para vostedes máis que unha cortina de fume para agochar o fracaso das súas políticas de emprego.

E non podo rematar sen chamar a atención de novo sobre a importancia de que o emprego sexa un emprego con dereitos e, polo tanto, non podo rematar sen lembrar e sen saudar desde aquí o persoal do transporte urbano da comarca de Ferrol, que leva 112 días en folga, mentres a Xunta do Partido Popular e o alcalde senador de Ferrol miran para outro lado e insisten en que o conflito teñen que solucionalo de común acordo empresa e traballadores e traballadoras; unha empresa que incumpre a normativa laboral dun xeito flagrante e insultante, mentres a autoridade laboral, que debía intervir para garantir os dereitos do persoal, se dedica a boicotear a folga impondo uns servizos mínimos delirantes. Unha mostra clara e palmaria da impunidade da que gozan as grandes empresas con este Goberno do Partido Popular.

Pero, claro, os postos nos consellos de Administración da CEOE, Rovi ou Iberdrola non chegan por acaso, ¿verdade? Chegan á conta, entre outros, dos dereitos de todos os traballadores e traballadoras.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez López.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Grazas de novo, presidente.



Señor Alfonso, estes son *(A señora Pérez López mostra unha gráfica.)* —e desculpe que non me deu tempo antes de falar dos datos do emprego en Galicia— os datos do emprego en Galicia e a súa evolución. Reitero, en Galicia estanse a tomar medidas, e aquí están os resultados.

E, señora Dacosta, non faga trampas ao solitario, nin diga nesta tribuna cousas que non son certas. Mire, a forma de gobernar que ten o Partido Socialista no Goberno estatal é a base de reais decretos lei, mezclando iniciativas positivas con outras claramente lesivas para os intereses de Galicia. Vostedes o que queren é que votemos todo a favor. Fan así unha mezcla para tapar unhas con outras e que votemos a favor, e iso chámase trampa parlamentaria, que demostra a nula capacidade do Goberno de legislar, se non é a base de chantaxes, e que os seus propios socios en Madrid nin sequera lles apoian algunhas das medidas que levan vostedes ao Congreso dos Deputados.

Mire, vou falar dos problemas do mercado laboral en España. Esta é a taxa de desemprego en España, señora Dacosta, e esta é a taxa de desemprego en Galicia. *(A señora Pérez López mostra unha gráfica.)* Temos un problema en España, e reitero, España encabeza a taxa de desemprego dos 27 países da Unión Europea.

Mire, aquí os datos poden interpretarse e poden retorcerse como un queira, pero esta é a realidade do que está a acontecer no noso país *(A señora Pérez López mostra unha gráfica e un documento, un en cada man.)*: España é o país con máis paro da eurozona, e somos os primeiros en paro xuvenil. O seu discurso paréceseme máis ás roldas de prensa que dá o señor Sánchez *(A señora Pérez López mostra un documento.)*: «*Más cerca del pleno empleo*». Pois parécese a min un pouco complicado estar máis cerca do pleno emprego cando lideramos a taxa de desemprego de toda Europa.

Eu descoñezo, de verdade, as vacantes que están sen cubrir no sector da panadería, pero, despois de escoitala a vostede, de verdade que estou convencida de que nas súas filas atoparíamos panadeiros, sen necesidade de ter que reciclarse, estupendos. E dígollo porque, con todos os datos que deu vostede aquí, fixo como fan os panadeiros —e eu sei do que lle falo— coa masa de pan. Mire, estírounos, retorceunos e aplastounos ao seu gusto, para, ao final, acabar defendendo, en vez dos intereses de Galicia, señora Dacosta, os intereses do señor Sánchez.

Entón, eu o que lles pido é que deixen de amasar, que deixen de retorcer e que deixen de aplastar os datos, e o que lles estamos a pedir hoxe —reitérollelo, e díxenllelo hai un momento— non é unha cuestión ideolóxica.

E vostedes presentaron unha emenda á nosa iniciativa que vai en contra dos intereses das galegas e dos galegos. O que quere o Partido Socialista de Galicia hoxe é que Galicia claudique ante o Goberno central, en vez de defender os intereses das galegas e dos galegos en materia de emprego. Si, señora Dacosta, si.

Mire, o Grupo Popular non o vai facer, e o Bloque Nacionalista Galego, que as ve vir tamén, tamén adiantou que non vai apoiar a súa iniciativa e que vai votar o plantexamento do Partido Popular.





A lei estatal recolle a necesidade dunha reforma das políticas activas de emprego, e a propia lei basea todo en mellorar as ferramentas, a eficacia e a eficiencia dos servizos e en establecer unha *ratio* orientador/persoa desempregada e máxima coordinación do Estado coas comunidades autónomas; exactamente o que estamos a facer desde Galicia e o que tratamos de pedirlle ao Goberno central que faga nestes momentos con Galicia.

Eu non sei que parte non entendeu o Partido Socialista nin quere non entender, señorías. En Galicia, as nosas empresas e os cidadáns galegos teñen retos específicos. E reitero, o único que lle pedimos hoxe ao Goberno central é que permita unha maior liberdade para asignar eses fondos. Estoulle a falar de microcredenciais e estoulle a falar de microformacións. E se o outro día escoitaron o conselleiro na comparecencia dos orzamentos, verían que lles deu datos de a cantas persoas se conseguiu colocar o ano pasado en Galicia grazas a esas credenciais e a esas microformacións, algo que nos está negando o Goberno de España cos fondos finalistas.

Nós non pedimos —díciallo hai un momento a miña compañeira— máis ca ninguén, pero tampouco imos tolerar menos ca ninguén, e queremos un trato igualitario para todos. Galicia tamén merece esa flexibilidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** ...para investir na nosa xente, na nosa economía e no noso benestar. Vostedes saberán o que van votar, e saberán se se poñen do lado de Galicia ou do lado do señor Sánchez.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor)**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de modificación.*

*A proposta da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*



1. *Promover que as accións de colaboración público - privadas na construción de infraestruturas garantan, en todo caso, a plena titularidade pública dos bens e da súa xestión.*

2. *Deixar sen efecto o anunciado acordo de rescate das autovías AG-56, AG41, AG-11 e AG-31, que non supoñen peaxe directo aos usuarios, e priorizar ese esforzo económico en rescatar as autoestradas de peaxe autonómico AG55 e AG-57, que supoña a eliminación total das peaxes nelas no ano 2025>>.*

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

Estaba eu notando que a estas horas da tarde baixaba sensiblemente a resistencia, a capacidade de resistencia, e a atención das súas señorías. E, entón, quería facerlles un resumo para os que non están no debate do obxecto desta iniciativa, que non é outro que acabar cunha discriminación, cun maltrato e cunha aldraxe —non se pode cualificar con outro nome— que sofren dúas áreas urbanas do noso país, que ademais son as áreas urbanas con maior poboación e maior dinamismo económico. Refírome, concretamente, á área comunicada pola AG-55, entre Carballo e A Coruña, no norte, e á área sur entre Vigo e O Val Miñor, comunicada a través da AG-57.

Miren, a situación de discriminación que sofren a veciñanza e as empresas destas zonas teñen responsábeis, e os responsábeis son a Xunta do Partido Popular. Os responsábeis son, en primeiro lugar, o señor Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Partido Popular; en segundo lugar, o señor Diego Calvo, que é presidente do Partido Popular na Coruña e ademais é o conselleiro de Mobilidade; e, en terceiro lugar, as deputadas e deputados destas zonas, que, en lugar de defender os intereses do seu territorio, seguen mansamente, obediamente, as ordes do Partido Popular e votan en contra da veciñanza e das empresas das comarcas que representan nos seus escanos. E, fíxense, mesmo chegan a votar unha cousa nos seus concellos e a contraria neste Parlamento, como ocorreu recentemente no Concello de Carballo, onde votou a favor o Partido Popular do punto desta iniciativa que pide o rescate destas dúas autovías, a AG-55 e a AG-57. Agardo que o deputado portavoz do Partido Popular en Carballo e deputado neste Parlamento polo Partido Popular manteña o voto que emitiu no Concello de Carballo.

Pero vaíamos por partes, porque temos que falar tamén doutra cuestión, que é o rescate anunciado recentemente desas catro autovías de peaxe na sombra, a autovía do Salnés, a do Barbanza, a de Santiago-Brión e a que comunica a A-52 con Celanova, que son froito daquel famoso sistema chamado eufemisticamente «de colaboración público-privada»; ruinoso sistema que inventou e que patentou en Galiza o señor Núñez Feixóo cando era conselleiro da COTOP no ano 2003-2005 e que despois levou xa ao culmen cando utilizou este sistema para adxudicar o contrato do Hospital Álvaro Cunqueiro con ese sobrecusto escandaloso de 470 millóns de euros, certificado polo Consello de Contas.

Recentemente, soubemos —pouco máis que unha nota de prensa— que o Consello da Xunta tivera coñecemento da intención de rescatar esas catro autovías con peaxe na sombra, pero



a realidade é que estamos falando máis ben dun rescate na sombra, porque pedimos polo artigo 9 o expediente e non temos ningunha información ao respecto, unicamente unha nota de prensa. O que temos é moitas preguntas que facer sobre esta cuestión: en primeiro lugar, ¿quen pilotou esta operación? Porque nos consta que non foi a Consellería de Infraestruturas. Dise por aí que foi ese comisionado de Coordinación da Oficina Económica, que, non debe ter nada que facer no seu comisionado, que se dedica a rescatar construtoras. En segundo lugar, ¿como se vai financiar?, porque nos orzamentos do ano 2025 non aparece ningunha partida. Deducimos que vai ser mediante modificacións orzamentarias do orzamento de 2024, desas partidas que vostedes son incapaces de executar e que despois utilizan para estes mesteres. En terceiro lugar, tamén queremos saber cales son as cifras reais do custo deste rescate, porque as cifras que deron son totalmente enganosas, non hai maneira de sostelas. Se o señor responsable da Oficina Económica fai así as contas, a verdade é que imos aviados. Fala dun aforro de 344 millóns sobre os 641 millóns que quedarían por pagar ata o final das concesións e do custo da operación de 297, pero é que non nos conta canto vai custar a conservación e o mantemento destas autovías ata os anos 2035, 2036 ou 2040, que rematan as concesións. Haberá que pagar todos os anos contratos de conservación e mantemento por elas, pero vostedes non meteron iso nas contas que fan. Como tampouco nos dixeron que vai pasar cos 70 traballadores e traballadoras destas concesións, que se supón que terán que subrogalos quen colla os contratos de conservación e mantemento, e iso tamén vai ter, evidentemente, uns custos que vostedes non computan.

O que está claro con todo isto é que vostedes, que podían escoller outras opcións, optan como prioridade política por rescatar as construtoras que teñen as concesionarias, que se chaman Copasa, Puentes, Dragados, Extraco; e tamén, por certo, un banco. Tamén rescatan aquí un banco que se chama Abanca, que é o banco co que vostedes gobernan en coalición na Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) porque está en todas, absolutamente todas, as operacións do Partido Popular. (*Aplausos.*) E deixan... Si, ao señor Pazos faille moita graza isto, pero non deixa de ser unha verdade, porque vostede... (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, si, si—. E deixan fóra do rescate, curiosamente, esas dúas autovías que teñen peaxe —a autovía que comunica Carballo coa A Coruña e a que comunica Vigo con Baiona—, que son estas dúas autovías as que comunican as zonas máis habitadas do país. Están, polo tanto, penalizando as persoas que residen nesas áreas urbanas, están penalizando as empresas desas zonas —recórdolle que aí están grandes parques empresariais do noso país— e, en terceiro lugar, están incrementando os riscos derivados da inseguridade viaria e da perda de calidade de vida que se produce nas vías convencionais, sobreesaturadas polo incremento do tráfico rodado de paso e pesado.

Polo tanto, a nosa proposta que traemos aquí é absolutamente clara: en primeiro lugar, queremos a máxima información e transparencia sobre a operación —que, como dixen, non é nada clara— do rescate das catro autovías que teñen peaxe na sombra, porque vostedes non deron absolutamente ningunha información. E, en segundo lugar, queremos que inicien os trámites para o rescate da AG-55 e da AG-57 para que sexan unha realidade no ano 2025 e para que estas zonas deixen de pagar peaxes.

En resumo, o que lle propoñemos aquí ao Partido Popular é darlle unha oportunidade de que voten a favor da veciñanza destas comarcas da Coruña, de Bergantiños, de Vigo e do Val



Miñor e que deixen de penalizalas, de discriminadas e de aldraxalas con este trato discriminatorio con respecto a outras zonas do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Os socialistas levamos xa varias sesións plenarias abordando o tema da situación das autoestradas de xestión autonómica e o das solucións que debe dar o Goberno do PP, en igualdade ao que se vén propoñendo para a AP-9. Estamos encantados de que teñamos novamente a opción de manifestarnos na liña que vimos propugnando e que vén sendo rexeitada polo PP; porque o PP séntese moi cómodo falando da AP-9, porque lle permite falar de Pedro Sánchez, de rescates moi fáciles de conseguir ao seu entender, e permítelle negarse a asumir as responsabilidades políticas que lle corresponden ao seu partido, o que nos trouxo á situación actual: segue o PP sen pedir perdón polo que fixo Aznar, o que agora parecen descoñecer. Esta mañá unha deputada do PP acordábase de Felipe González, cando de quen se debe avergoñar é de José María Aznar, polas decisións que tomou, que prexudicaron a Galicia. (*Aplausos.*) E, sobre todo, os do PP están moi cómodos cando non se fala da xestión das autoestradas que lle corresponden en exclusiva ao Goberno do PP en Galicia.

Nesta proposición abórdase a cuestión fundamental do modelo de contratación, da colaboración público-privada, da que tanto lle gusta falar ao PP, pero que tan mal xestionou durante os quince anos que leva gobernando. A decisión dos gobernos de Feijóo ao renegociar en 2014 a concesión de tres autovías cun desembolso favorable para as concesionarias de 205 millóns supuxo un prexuízo considerable para as arcas autonómicas; como tamén a concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro supuxo regalar 470 millóns de euros a un fondo de investimento, convertendo o hospital nun centro privado na práctica. Os informes do Consello de Contas de 2023 e deste mesmo ano sobre estas dúas actuacións son unha emenda á totalidade ao Goberno da Xunta por non defender os intereses públicos

A conclusión, tomando estes dous exemplos, é sinxela: o modelo adoptado foi nefasto para a economía da Administración galega, e é o propio Consello de Contas o que certifica tanto nun caso como noutro. Nas accións de colaboración público-privadas, no relativo á construción de infraestruturas, ten que estar garantida en todo caso a plena titularidade dos bens e da súa xestión, como reclamamos de forma decidida na emenda de substitución que presentamos, porque entendemos que este principio é o que debe prevalecer e o que evite que decisións como a que pretende adoptar o Goberno da Xunta á hora de aboar un rescate por catro autovías de peaxe na sombra, que actualmente non supoñen ningún custo para os que as utilizan a diario, sexan unha carga financeira para todos os galegos.



A decisión recente do Goberno de Rueda de rescatar catro autovías —así o anunciaron— por un importe de 300 millóns de euros, unida á adoptada en 2014, demostra o interese por beneficiar exclusivamente as empresas construtoras e por acudir no seu rescate —nunca mellor dito—, anticipando ese rescate e xustificando un suposto aforro para as arcas autonómicas.

Os socialistas avogamos polo aforro, si, pero polo aforro para os que deben aboar peaxes a diario nas autoestradas de xestión autonómica. Entregar 300 millóns sen que repercuta en absoluto nos galegos é unha medida claramente antisocial. Agora que Rueda trata de adiantar e corrixir a Feijóo e parece que quere quedar como campión das políticas sociais, bo sería que o demostrase con feitos reais como o que aquí propoñemos os socialistas.

Nós insistimos en dar o mesmo tratamento que se solicita para a AP-9 ás autoestradas de xestión autonómica, e novamente enuméroas: bonificacións reais e substanciais que conduzan á gratuidade, que é o realmente importante. Estas medidas non as aplica o Goberno galego para a AG-55 e a AG-57; pola contra, si aplica incrementos de tarifas nas propostas de orzamentos para 2025 para estas dúas estradas.

Por iso entendemos que o texto que se debe aprobar aquí debe ser taxativo en canto á forma nítida de definir a colaboración público-privada, sen inequívocos, e garantindo sempre a plena titularidade pública dos bens e da súa xestión. Facelo así significa apostar polo público contra a política do PP de favorecer determinados intereses empresariais.

Presentamos unha emenda de substitución porque tamén entendemos que non debemos aprobar un texto que, dalgunha maneira, recoñeza a viabilidade do rescate das catro autovías. Esta viabilidade non debe facerse en ningún caso mentres se siga pagando un só euro pola utilización da AG-55 e da AG-57, que dependen —reitero— das decisións do Goberno de Galicia. Por iso fixamos claramente a nosa posición ante o acordo do Goberno de regalar 300 millóns, e debemos rexeitar aquí, en sede parlamentaria, esa decisión de forma tallante polo que supón de favorecer os intereses empresariais e de deixar novamente tirado o conxunto da cidadanía, creando agravios comparativos para determinados territorios que seguirán pagando peaxes.

A nosa emenda de substitución pretende fixar, como digo, a definición das accións de colaboración público-privada, rexeita de plano o agasallo de 300 millóns por unhas autovías hoxe gratuítas e pretende que se orienten eses esforzos económicos posibles, dado que se recoñece a dispoñibilidade de 300 millóns para liberar dunha vez por todas as peaxes que hoxe pagamos pola AG-55 e a AG-57.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*Negación.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Martínez.



**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

O pasado 16 de outubro, a petición do Grupo Popular, o ministro de Transportes, Óscar Puente, compareceu no Congreso dos Deputados para dar conta da posición do Goberno sobre a transferencia da Xunta de Galicia da AP-9, comprometida aos galegos polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego no pacto asinado para a investidura do presidente Sánchez no ano 2020. Hoxe, catro anos despois, Sánchez segue sendo o presidente, e isto ten unha explicación, que non é outra que o sometemento permanente do interese xeral ante quen sexa e ao prezo que sexa para acadar a aritmética parlamentaria que lle permita permanecer na Moncloa.

Pero hai outra cousa, ademais da Presidencia, que tamén mantén o señor Sánchez catro anos despois: o apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego. E para isto, señorías, si que non hai explicación, porque esa mañá do 16 de outubro, Sánchez, por boca do ministro Puente, díxolle non a AP-9, díxolle non á transferencia, díxolle non á súa gratuidade e díxolle non ao seu rescate. En definitiva, Sánchez díxolle non a Galicia e vostedes seguen a apoialo incondicionalmente. *(Aplausos.)* E por iso, por moito que a vostedes non lles guste escoitalo, temos que recordarlles que son vostedes o nacionalismo que máis barato lle sae a Pedro Sánchez e máis caro lle sae a Galicia. *(Aplausos.)* O único gratuíto na AP-9 é o seu apoio a Sánchez, en calquera circunstancia e condición. Iso si que é de balde.

Ese mesmo 16 de outubro, xa pola tarde, na sesión da Comisión 2ª desta Cámara, este grupo parlamentario adquiriu o compromiso de seguir falando da AP-9, porque, logo do acontecido pola mañá, algúns poderían caer na tentación de pensar que xa non había que falar da AP-9, que logo do «non» de Puente xa todo estaba falado, pero, por desgraza, non nos equivocabamos, estábamos no certo. E hoxe temos a confirmación a través desta iniciativa que están a presentar por todo o territorio e que é a proba de que ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista xa non lles interesa falar da AP-9, porque o Goberno de ambos os dous en Madrid vén certificar que o seu pacto no 2020 e a súa promesa electoral no 2024 foron unha estafa aos galegos. *(Aplausos.)*

Por suposto, señorías, imos falar da AG-55 e imos falar AG-57, pero xa lles anticipo que nós non imos permitir que se deixe de falar da AP-9; ao contrario, se cabe, aínda con máis forza, o Partido Popular de Galicia vai seguir demandando que se cumpra o prometido aos galegos: unha AP-9 cen por cento gratuíta e cen por cento galega. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, dende que goberna Pedro Sánchez decretou a gratuidade de oito estradas. No día de hoxe xa son gratuítas a AP-1, a AP-2, a AP-4 e a AP-7. En dous anos será gratuíta a AP-68 e en cinco serano a AP-6, a AP-51 e a AP-61. Repito, Pedro Sánchez fixo gratuítas oito autoestradas, pero a Galicia, á AP-9, díselles reiteradamente non, co seu beneplácito, e por iso temos que seguir falando da AP-9, e iso non significa fuxir do debate da gratuidade das autoestradas autonómicas. Pero, ¿como imos fuxir nós dese debate, señorías, cando a Xunta acaba de anunciar que o vindeiro ano catro autovías autonómicas — ¡catro! —, en réxime de peaxe en sombra, van ser rescatadas, xerando un aforro de 330 millóns de euros aos galegos e ás galegas, que permitirá dispoñer de 30 millóns adicionais para as nosas arcas públicas? Non imos fuxir dese debate.



Por certo, señor Bará, isto a vostede tenlle que gustar. ¿Vostede está contento con este rescate, non? Dígoo porque vostede veu aquí... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, ten que estar contento, porque vostede veu aquí dicir que con esas catro auto-vías rescatabamos catro empresas e hoxe viu aquí pedir que rescatemos outra, ¿non? Iso é o que esta a pedir, que recatemos outra empresa, porque digo eu que está a pedir que rescatemos a empresa que xestiona esas dúas autovías. ¡Home!, seguindo a súa lóxica, é incuestionable que iso é o que vostede está a pedir. Pero, claro, ¿sabe que ocorre? Que aquí hai algúns que xogan coas cartas marcadas. Mire, voulle explicar (*O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.*): Cataluña queda con 51 quilómetros de peaxes, fronte aos 334 de Galicia. Somos líderes en quilómetros de pago en toda España. E, mire, xa llo digo eu, non lles vou facer ningunha trampa: as dúas autovías que hoxe se liberaron en Cataluña son autonómicas, pero, claro, é que cos 400 euros que lle custou a cada galego a condonación da débeda que vostedes apoiaron, máis os 684 millóns que, segundo o exvoceiro e excandidato, o señor Fernández Leiceaga, lle vai custar o cupo que vostedes tamén apoian, ¡home!, poucas me parecen, jé que tiñan que ser gratis todos os quilómetros en Cataluña! Xa que nos están a espoliar, xa que Sánchez está a espoliar os petos dos galegos, polo menos utilícenos ben. ¡Poucas me parecen, señorías! ¿Onde está a discriminación da que falan?

Miren, na película *Philadelphia*, o avogado interpretado por Denzel Washington, cada vez que non entendía algo, repetía insistentemente a mesma frase: explíquemo coma se fose un neno de 8 anos. Vouno intentar.

Miren, en Galicia, como xa dixen, temos 334 km de pago. (*O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.*) ¿Saben vostedes cantos corresponden á titularidade autonómica? Apenas 60, o 18 por cento. (*Murmurios.*) Pero non, non, claro, eu pregunto, por iso pregunto: ¿onde esta a discriminación? Porque resulta que, aínda que todos eses quilómetros fosen libres de peaxes, quedarían 279 de pago ao Estado. (*O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.*) É dicir, seguiríamos sendo líderes nacionais en quilómetros de pago. E volvo preguntar: ¿onde está, señorías, esa discriminación?

Pero é que sigo. ¿Saben vostedes o que lles custa aos galegos? —porque, bueno, digamos que coincidiremos en que os usuarios da AP-9 e da AG-55 e da AG-57 son maioritariamente galegos—. ¿Canto lles custan aos usuarios, descontadas as bonificacións, as peaxes da AP-9 e da AG-53? (*O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.*) A conta da AG-53 é facilísima porque non hai nada que descontar; é a única autoestrada nacional que non ten bonificacións. É facilísima esa conta. Miren, 155. ¿Canto custan as de titularidade autonómica? 12 millóns ao ano. (*O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.*) E, claro, se queren sacar o comodín dos usuarios, tampouco lles vai funcionar: usuarios das autoestradas de titularidade autonómica, 7,8, millóns; 12,5, as de titularidade estatal. ¿Isto, que quere dicir? Que só cun 60 por cento máis de usuarios aos galegos lles custan un 1.300 por cento máis as peaxes estatais.

E volvo preguntar, señorías: ¿onde está a discriminación? Vóullelo dicir eu: a discriminación non está en Santiago, a discriminación está en Madrid. Aquí non hai galegos de primeira ou de segunda. En Madrid é onde fabrican españois de primeira, españois de segunda e logo imos os galegos. E todo isto co seu apoio. Vostedes tragan con toda esta aldraxe a Galicia. ¡É unha vergonza! (*Aplausos.*)



E veñen hoxe aquí traer este engano cunha iniciativa para tapar as súas vergoñas; aquí, onde, co esforzo de todos, a Xunta ten as autovías autonómicas de pago máis baratas de toda España; aquí, onde, co esforzo de todos, se acaba de anunciar para o vindeiro ano o rescate de catro autovías en réxime de peaxe en sombra —que non por ter peaxes en sombra son gratuítas, señor Font, ¡por favor, xa llo expliquei na Comisión!— e que suporá un aforro de 330 millóns; aquí, onde o Goberno que vostedes apoian mantén a AP-9 como a autoestrada máis cara de España e de Europa; aquí, onde o Goberno que vostedes apoian ten a AP-53 como a única autoestrada de España sen bonificacións.

Aplíquense en cumprir o que lles prometeron aos galegos hai catro anos para investir a Sánchez e o que lles prometeron hai nove meses para intentar investir a Besteiro: AP-9 cen por cento gratuíta e AP-9 cen por cento galega.

E —remato—, miren, hai un luns cada catro anos no que vostedes se levantan preguntándose que fixeron mal, preguntándose por que o PP obtivo novamente a confianza maioritaria dos galegos e das galegas. Miren, Deus me libre a min de repartir consellos —e menos a quen non os pide—, pero, señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista, ¿e se proban a non mentirlles aos galegos? ¿E se proban, por exemplo, a non venderlles fotos de países de Sri Lanka ou de Texas como se fosen das nosas rías? ¿E se proban, por exemplo, a non disfrazarse de moderados e a non ocultar do seu programa a autodeterminación e o monolingüismo? ¿E se proban a non mentirlles aos galegos e a prometerlles unha AP-9 cen por cento gratuíta e cen por cento galega, para logo, nove meses despois, darlles un portazo no fociño, porque é tremendamente difícil? ¿E se proban a dicirlles a verdade aos galegos? *(Aplausos.)*

Miren, proben —e agora si que remato— a traballar polo benestar dos galegos e a non prometer o que non pode ser. A nós vainos ben así. Nós non prometemos a gratuidade das autoestradas autonómicas. Tampouco a descartamos, que quede claro; tampouco a descartamos. E se nalgún momento hai recursos para facelo, como os houbo para rescatar o vindeiro ano catro autovías con peaxes na sombra, farémolo. Mentres tanto, conxelamos tarifas e aplicamos bonificacións, porque o que nós prometemos aos galegos cumprímolo, e por iso nós...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** ... —remato— un luns cada catro anos levantámonos pensando en como imos responder á confianza maioritaria dos galegos. E vostedes, se non cambian, seguirán levantándose ese mesmo luns pensando en que foi o que fixeron mal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Por un momento pensei que se confundira de iniciativa o señor Rodríguez, porque nós trouxemos aquí unha proposta para o rescate e a gratuidade da AG-55 e da AG-57, que non dependen do Goberno de Pedro Sánchez, señor Rodríguez, dependen da Xunta, do Partido Popular. ¡Así de fácil!





E, mire, ¿quere falar vostede da AP-9? Pois falemos da AP-9. Díxenlle o outro día na comisión que lles iamos falar das responsabilidades do PP na AP-9 ata que lles sanguen os oídos, metaforicamente, para dicirlles que pagamos peaxes abusivas cada día ata o ano 2048 por unha decisión do Partido Popular. *(Aplausos.)* Foi o Partido Popular quen nos impuxo estas peaxes abusivas, e veñen falar aquí de gratuidade e de transferencia, ¡pero que morro hai que ter! ¡Hai que ter valor para vir aquí defender o que fixo vostede do cen por cento cando impuxeron vinte e cinco anos máis de concesión. 240.000 galegos pagan todos os días clo, clo, para ese fondo de investimento holandés por responsabilidades do Partido Popular gobernando en Madrid.

Vostedes, ademais, vetaron ata en tres veces —que ata lle chamou a atención cunha sentenza o Tribunal Constitucional— a transferencia da AP-9, e veñen aquí dicir «AP-9 cen por cento galega e AP-9 cen por cento libre de peaxes». ¡Pero hai que ter absoluta desvergoña para facer isto! Ademais —recórdolle—, puideron facelo cando gobernaron, que gobernaron moitos anos. E no ano 2017, o señor De la Serna dicía: «*De la Serna niega el traspaso de la AP-9. Su titularidad está donde tiene que estar*». ¿E onde estaba vostede daquela, señor Rodríguez? ¿Onde estaba a bancada do Partido Popular, que tiña que levantarse en armas ante este agravio, esta aldraxe a Galiza? ¿Onde estaba? Pois onde estaba o señor Feijóo. Feijóo alega que «*no es el mejor momento para pedir la AP-9 porque se rompe España*». *(Aplausos.)* Fin de la cita.

E, para que lle quede claro, nós o que pedimos é priorizar, sobre o rescate das catro autovías —que xa se verá, cando se resolvan todas as cuestións que dixo o Consello de Contas que habería que ter en conta—, o rescate das dúas autovías de peaxe, porque son un claro agravio e unha discriminación para dúas importantes áreas do país, que teñen un trato que non ten ningunha outra zona xeográfica do noso país. Polo tanto, é a súa responsabilidade manter esa aldraxe.

E miren, é así de fácil, vostedes teñen aí no escano un botón verde —falaban do tema de *Barrio Sésamo*—. Vostedes teñen aversión a pulsar ese botón verde cando son iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, pero non teñan medo, pulsen o botón verde porque será unha pulsación e un voto a favor da Coruña, de Carballo, de Arteixo, da Laracha, de toda a súa área xeográfica e tamén de Vigo, de Nigrán, de Gondomar, de Baiona e de centos de miles de persoas que están demandando que se acabe esta inxustificábel e incualificábel discriminación

Moitas grazas. *(Aplausos.)*


**O señor PRESIDENTE:** ¿A emenda? ¿Non a acepta? *(Asentimento.)*

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás sete e trinta e catro minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

